

Id	Nome	Tipo de acheg:	Número de ar	Puntos - Nú	Texto da achega:	Motivación:
125	CRISTINA MOURON FIGUEF	Engadido	Alegación xera	0	Reclamar o estatus de 'autoridade na aula' para o profesorado, igual que o que disfruta o profesorado de secundaria e bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia ante o aumento de situacións de conflito potencial na aula.	Nestes últimos anos, observo un alto grado de incumprimento das normas de convivencia na aula por parte do estudantado que xeran tensión e malestar. Existe un número de estudantes que as incumpren reiteradamente e desoen as correccións do profesorado relativas a certas actitudes e comportamento na aula.
140	MANUEL ABOAL SOMOZA	Aclaración	Este formulari	0	Debería poder contestarse tamén en castelano, dada a cooficialidad del castellano y el gallego en Galicia.	Constitución española en vigor (arts. 3 y 14), que ampara el derecho a usar el castellano; Estatuto de Autonomía de Galicia en vigor (art. 5) y Ley de Normalización Lingüística de Galicia en vigor (arts. 2 y 3).
156	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	Suxestión xera	0	Suxírese a utilización de "diversidade funcional" en lugar de "discapacidade"	Aínda que o termo oficial é discapacidade, tamén é certo que o mesmo ten unha compoñente despectiva que é recoñecida polas propias persoas afectadas
306	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	Todo o texto	0	Substituír en todo o documento a designación errada de "Consello de Dirección da EDIUS" por Comité de Dirección da EDIUS.	Comité de Dirección da EDIUS e a denoiminación oficial do órgano representativo.
446	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	Algún apartad	0	Atención á diversidade e necesidades educativas especiais	En ningún artigo dos novo proxecto de Estatutos se fai referencia á atención á diversidade na docencia, o cal é cada vez máis necesario
447	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	Todo o texto	0	Empregar formas galegas propias converxentes co portugués no léxico (mestrado, equipa, até, ...) e na gramática (futuro de subxuntivo: "o cargo que ocupar" por "o cargo que ocupe", p.e.). Revisión lingüística xeral (OD precedidos de preposición, letras do alfabeto castelán nas enumeracións, ...)	Calidade lingüística da lingua galega, e uso de formas menos castelanzadas no espírito da recuperación de formas propias en proceso ou en risco de desaparición por asimilación ao castelán.
448	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	Todo o texto	0	Substituír: "entre mulleres e homes" (ou viceversa) por "en termos de xénero", "con independencia do xénero" ou expresión equivalente segundo corresponda, "sexo" por "xénero" e "antigos e antigas estudantes" por "estudiantado egresado". Empregar tamén substantivos colectivos ou sen marca de xénero sempre que posíbel: persoal, profesorado, estudiantado, presidencia, vicedecanato, subdirección, etc.	Emprego de linguaxe inclusiva, que integre todas as persoas que conforman a universidade, foren homes, mulleres ou persoas alén do binario.
449	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	Todo o texto	0	Substituír en todos os casos "vida familiar" por "vida persoal".	O dereito a conciliación non debe estar supeditado á existencia ou configuración da familia da persoa que fai exercicio dese dereito, senón que debe facer referencia á súa dimensión persoal, entendida como allea ao eido académico e/ou laboral, que pode ou non incluír unha familia, en calquera dos seus significados.
679	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Engadido	non procede	0	Reclamar a condición de 'autoridade na aula' para o profesorado	O profesor de universidade debe ter unha consideración polo menos similar á que disfruta o profesorado de secundaria e bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia ante o aumento de situacións de conflito potencial na aula.
265	MISABEL CASAL REYES	Engadido	Non hai menc	0	1. A universidade de Santiago de Compostela conservará e protexerá o seu patrimonio histórico, artístico, bibliográfico e documental, en todas as súas variantes, de acordo coa legislación aplicable na materia. Para iso deberán rexistrar e catalogar con criterios científicos os bens, materiais e inmateriais, que o integran.  2. A USC dará a coñecer este patrimonio e facelo accesible á cidadanía.  3. A Biblioteca Universitaria da USC será o axente instrumental que contribuirá á consecución destes obxectivos no ámbito das súas competencias e no desenvolvemento das súas funcións.	A LOSU dedica o artigo 21 ao patrimonio histórico, artístico e cultural universitario e as bibliotecas. Sendo a USC unha das 12 universidades españolas cun patrimonio bibliográfico máis destacado, cumpriria facer mención a isto, que realmente é un elemento diferencial da nosa universidade.
675	MARIA JESUS GIRALDEZ FE	Aclaración	Aportacións d	0	Artigo 3. f. Este apartado non se pode considerar unha función ao nivel da docencia ou a investigación. Quedaría mellor no seguinte artigo de Compromiso social e cultural. Artigo 14. H (e. ao longo de todo o texto: "... discriminación por razón de sexo...". Sería mellor falar de discriminación por razón de xénero. Artigo 18. Podería citar, xa que existe e funciona, a ALUMNI USC. Artigo 45. 2. Cambiar redacción. O de garantir a imparcialidade e profesionalidade é de seu. Clarificar o que se quere decir. Título I. Capítulo V. É necesario que se reflicta nos estatutos? Os estatutos deberían ser máis flexibles, xa que si un equipo reitoral non quere seguir esta estrutura debería ter liberdade para facelo. Artigo 56. Por qué o valedor é o único cargo electo cunha duración de 5 anos? Podería ser relexido? Título II, Capítulo I, Sección 2. Definir mellor as unidades dos artigos 62 a 67 Título II, Capítulo II, Artigos 69 a 73. Se ben é sentir xeral que a día de hoxe os Departamentos poucas función e que dentro deles as áreas funcionan de maneira autónoma, obsérvase unha definición moi vaga das futuras áreas, da súa natureza, se o coordinador vai ser órgano unipersoal ou non, mecanismo de elección do coordinador, etc. A opinión maioritaria é que non se ve mal que os departamentos desaparezan, pero que estes artigos deben ter unha definición moito mellor do que son as áreas. Decanos e decanas de Lugo ven un perigo de que se as áreas interfacultade e intecampus están adscritas ás facultades de Santiago, os centros de Lugo pasen a ser medio sucursais das de Santiago, tendo pouco poder decisión sobre prazas para Lugo. Unha posible solución é que as áreas intercampus se dividan por campus (ex. Área X-Santiago e área X-Lugo para evitar esta situación. Artigo 93. i. Fálase dos secretarios dos centros de investigación, pero non se volven a nombrar no Capítulo V. Artigo 105 e e 113: 30% de persoal dos corpos docentes (como di no artigo 105) ou 30% do	Como Coordinadora do Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centros, e trala reunión do CDDC do mércores 13 de novembro, achego observacións á diferentes puntos do borrador de estatutos, quedando á disposición para calquera aclaración.
24	anxo antelo lópez	Modificación	Artículo 1	1	En vez de dicir que la USC es una institución pública, decir que es una Administración Pública.	Porque la USC forma parte de la Administración Pública Gallega, no es una institución como tal.

146	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	1	1	Añadir "Real" ó principio do artigo, quedando entóns o texto "A Real Universidade ...".	Este adxectivo xa estaba nos Estatutos do ano 1997, e foi eliminado no seu momento. Penso que este engadido é coherente co exposto no artigo 10 apartado b) do borrador de Estatutos.
671	JOSE CARLOS GONZALEZ Á	Engadido	Onde se consic	1	A Universidade de Santiago de Compostela recoñécese dentro da nación galega. Na USC procurárase reservar o uso do termo "nacional" para se referir ó ámbito galego.	A Universidade de Santiago de Compostela non debería empregar o termo "nacional" para se referir ó que é de ámbito español, xa que ese ámbito non é recoñecido como nación por unha parte importante da sociedade galega nin, menos aínda, da comunidade universitaria. Nestes casos, deberíase empregar o termo "estatal" ou "español/a". Isto contribuiría tamén ó (re)coñecemento de que a nosa universidade se acha nun estado plurinacional, plurilingüístico e multicultural, coñecemento que á universidade lle corresponde espallar, de maneira especial, entre tódalas institucións públicas.  Alén dos casos concretos do borrador, a única maneira de garanti-lo emprego futuro dos termos propostos semella que é a de o establecer nunha norma universitaria e, preferibelmente, nos propios Estatutos.
8	MARIA EMMA MAYO PAIS	Modificación	Título preliminar	2	Onde di: "A Universidade de Santiago de Compostela garantirá a integración das persoas con discapacidade" debería dicir "A Universidade de Santiago de Compostela garantirá a INCLUSIÓN das persoas con discapacidade"	Nos tempos que corren (século XXI) o obxectivo a conseguir (e máis nunha institución educativa, como é o caso da USC) é a INCLUSIÓN das persoas con discapacidade (=) presenza e participación en igualdade de oportunidades, etc.), non a súa integración (=) todas as persoas con discapacidade están dentro da organización -presencia-, pero non se relacionan cos demais como iguais -participación-, senón que están illadas dentro desta).
56	alberto neira ferreiro	Engadido	2. f)	2	f)A Universidade de Santiago de Compostela manterá un compromiso permanente coa protección da saúde da comunidade universitaria, para o que fomentará en todas as súas actividades a prevención dos riscos derivados do traballo e do estudo.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
152	MANUEL ABOAL SOMOZA	Supresión	2, apartado i)	2	Propoño suprimir este apartado.	Non vexo motivo algún para introducir este texto, posto que se presta a ambigüidades e malentendidos, e pode contradecir o exposto no apartado e) do mesmo artigo (liberdade de cátedra).
161	MANUEL ABOAL SOMOZA	Supresión	2, punto 2.	2	Suprimir este punto.	No artigo 3 do borrador de Estatutos (que trata das funcións da universidade) non se recolle "facer política" ou "inculcar ideoloxía" como funcións da universidade. Sen embargo, o punto que propoño suprimir é puramente ideolóxico e político, salvo pola obviedade de tomar como referencias os dereitos humanos e fundamentais (só faltaría que non os defendera, o estaren recollidos en lexislación de superior rango!).
195	MARIA DO CARME PACIN S.	Supresión	Artigo 2f	2	Suprimir "do traballo"	O estudantado e as investigadoras predoutorais sen contrato tamén se expoñen a riscos.
414	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	2.1.a) e seguín	2	Substitución de: "A Universidade de Santiago de Compostela organizárase [...]" por "Organización [...]". O mesmo nas seguintes letras do artigo	Enumeración de principios, non compre repetir Universidade de Santiago de Compostela
415	MINIA GARCIA ANGULO	Aclaración	2.1.a)	2	Aclaración de a que se refire decidida defensa da igualdade	Se é de igualdade entre homes e mulleres, podería manterse a redacción anterior
419	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	2.1.b)	2	A Universidade de Santiago de Compostela, en canto Administración pública, garantirá os principios [...]	Principios propios de admistracións públicas
422	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	2.1.e)	2	Consiste nunha modificación de lugar dentro do artigo, debendo pasar a ser letra c),	pola súa xerarquía dentro dos principios
423	MINIA GARCIA ANGULO	Aclaración	2.2.	2	o fomento da equidade e igualdade	¿igualdade de que? ¿entre homes e mulleres?
500	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	2.1.6	2	Substituir "preferentemente" por "especialmente"	O termo "preferente" é moi vinculante: implica prioridade absoluta. Pode haber outros organismos que resulten máis interesantes nun momento concreto, que desenvolvan o seu labor en Asia Pacífico ou Norteamérica, por poñer exemplos de rexións avanzadas tecnoloxicamente
503	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	2.1.g	2	Substituir "preferentemente" por "especialmente"	O termo preferente implica prioridade absoluta. Nun momento concreto pode haber organismos que sexán máis interesantes para a USC e que desenvolvan o seu labor noutras áreas xeográficas (Asia Pacífico, Norteamérica...)
505	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	2.1.i	2	Suprimir o punto 2.1.i	Estou de acordo con que non se fomenta, pero non me parece responsable que se prohíba. Dependendo das circunstancias pode ser necesario e conveniente investigar en defensa
631	JOSE CARLOS GONZALEZ Á	Modificación	2.1 h	2	h)Dada a existencia dunha comunidade natural e lingüística alén dos límites da actual Comunidade Autónoma galega (...) (Propoñese mudar "de Galicia" por "galega".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegüidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutibel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma.  En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenaes de normas publicadas no DOG.

642	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	2.1 h	2	(...) nos termos recollidos no artigo 3.2 do Estatuto de autonomía galego.  (Propone "Estatuto de autonomía galego" en lugar de "Estatuto de Autonomía de Galicia".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutibel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma.  En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolo-nos os estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galego", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Canto á proposta da mudanza para a minúscula inicial en "autonomía", deriva da convención existente no galego de pór en maiúscula só a primeira palabra dunha norma.  Ademais, a fórmula "Estatuto de autonomía galego", aquí proposta, é usada varias veces no propio DOG, por exemplo, no Decreto 178/2015 ( <a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151207/AnuncioG0244-011215-0001_gl.html">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151207/AnuncioG0244-011215-0001_gl.html</a> ) ou, inclusive, polo propio Parlamento ( <a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070830/Anuncio3378E_gl.html">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070830/Anuncio3378E_gl.html</a> ).  Outra alternativa adecuada sería a de pór simplemente "Estatuto de autonomía".
57	alberto neira ferreiro	Engadido	3. a)	3	a)A educación e formación do estudiantado a través da creación, desenvolvemento, transmisión e avaliación crítica do coñecemento científico, tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural, así como das capacidades, competencias e habilidades inherentes ao mesmo, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
58	alberto neira ferreiro	Aclaración	3. e)	3	e)A contribución ao benestar social, ao progreso económico e á cohesión da sociedade galega, así como á promoción da súa lingua propia, mediante a formación, a investigación, a transferencia e intercambio de coñecemento e cultura de emprendemento, tanto individual como colectivo, baseado en fórmulas corporativas convencionais ou economía social.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
164	MANUEL ABOAL SOMOZA	Aclaración	3, apartado e)	3	A universidade debería protexer-lo dereito dos seus traballadores e estudantes a utilizar non só o galego, senón tamén o castelán.	Este propio formulario é proba do sesgo que dende o goberno da universidade se dá á defensa dos dereitos lingüísticos: sempre que sexa cara ó galego, non hai problema, pero por defecto, obrígase a utiliza-lo galego para certos trámites, o que creo que non é legal.
450	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	3 (e)	3	"e) A contribución ao benestar social ao progreso económico e á cohesión da sociedade galega, así como a promoción da súa lingua propia, mediante a formación, a investigación, a transferencia e intercambio do coñecemento."	Elimínase a "promoción das súas linguas oficiais" para referir só a lingua galega (o castelán non precisa de promoción, sendo a lingua maioritaria e de prestixio desde o punto de vista sociolingüístico). Elimínase tamén da redacción a "cultura do emprendemento" por entender que non debe ser unha prioridade da universidade pública.
666	MARÍA DOLORES CHEDAS	Engadido	Artigo 3.e), 3.f)	3	Engadir ao final do apartado e) o texto: adoptando as medidas oportunas para a normalización do uso do galego no ensino universitario, na investigación científica e na actividade administrativa e de servizos.  Engadir ao final do apartado h) o texto: e a promoción da redución das desigualdades sociais.	Coa evolución que amosan os estudos no descenso do número de galego falantes é importante reforzar as medidas que redunden na normalización do seu uso
59	alberto neira ferreiro	Modificación	4.c)	4	c)Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais, deportivas e de dinamización.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
226	MARIA DO CARME PACIN S.	Modificación	Artigo 4c	4	Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias. A universidade establecerá un rexistro de asociacións dentro da súa comunidade universitaria.	Todos os fines (dentro da legalidade) son lexítimos. O rexistro actual aplica só para asociacións estudantís, deixando a moitas asociacións nun limbo legal.
509	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	4. b	4	Eliminar "todos"	É suficiente coa expresión "ao longo da vida dos cidadáns"
168	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	5	5	Engadir un apartado t) sobre a rendición de contas.	O engadido proposto xustifícase polo exposto no artigo 3, punto 5 e no artigo 39 da LOSU. É responsabilidade da universidade o rendemento de contas fronte á sociedade que a paga cos seus impostos.
352	JUSTO ARINES PIFERRER	Engadido	Artigo 5 apart: 5	5	persoal técnico de xestión de axuda a I+D+i	Non está incluído
425	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	5	5	En virtude da súa autonomía garantida constitucionalmente	Reflexo do artigo 27.10 da Constitución e do 3,1 da LOSU
507	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	5	5	Simplificar	Reproduce literalmente os puntos da LOSU
658	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	5 r	5	r)O establecemento de relacións con outras universidades, institucións, organismos, corporacións de dereito público, administracións públicas ou empresas e entidades locais, estatais e internacionais, para o desenvolvemento das súas funcións.  (Propone "estatais" en lugar de "nacionais", ademais dalgunhas mudanzas para corrixir maiúsculas contrarias ás normas lingüísticas.)	A USC non debería empregar-lo termo "nacional" para se referir ó que é de ámbito español, xa que ese ámbito non é recoñecido como nación por unha parte importante da sociedade galega nin, menos aínda, da comunidade universitaria. Nestes casos, deberíase empregar-lo termo "estatal" ou "español/a". Isto contribuiría tamén ó (re)coñecemento de que a nosa universidade se acha nun estado plurinacional, plurilingüístico e multicultural, coñecemento que á universidade lle corresponde espallar, de maneira especial, entre tódalas institucións públicas.  Alén destes casos concretos do borrador, a única maneira de garanti-lo emprego futuro dos termos propostos semella que é a de o establecer nunha norma universitaria e, preferibelmente, nos propios Estatutos. Propone a seguinte:  A Universidade de Santiago de Compostela recoñécese dentro da nación galega. Na USC procurarase reservar o uso do termo "nacional" para se referir ó ámbito galego.
60	alberto neira ferreiro	Aclaración	6. b)	6	b)A potestade de autoorganización.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
10	FERNANDO GUILLEN CAME	Engadido	7	7	e) O persoal empregado investigador.	El desarrollo en los capítulos siguientes de cada uno de los componentes de la comunidad excluye al PEI, que no se ve incluido en ninguna de las categorías existentes. Dado que como también una parte importante de la comunidad universitaria y que tenemos nuestras propias reglas, procedimientos, financiación, etc. deberíamos aparecer como entidad propia.
11	PURIFICACION DOMINGUE	Engadido	7	7	e) O Personal Empleado Investigador	Non se contempla nos estatutos este personal

159	FERNANDO JOSE SEDANO	Supresión	Artigo 7	7	Suxírese eliminar no artigo 7 o apartado d) O persoal directivo	Non se entende que o persoal directivo (que ten funcións xerenciais) teña unha consideración específica dentro da comunidade universitaria.
171	MANUEL ABOAL SOMOZA	Supresión	7, apartado d)	7	Suprimi-lo apartado.	Este apartado sobra: o "persoal directivo" xa está incluído nos apartados anteriores a)-c). Engadir este apartado da a entender que se poderá nomear outro persoal con responsabilidades de goberno que non sexa nin pdi nin pas, ou sexa, podería chegar a supoñer a consagración do nepotismo coma opción.
214	DANIEL CAO LABORA	Supresión	Artigo 7 e artig 7		No artigo 7, eliminar a mención á categoría de persoal directivo, posto que este xa se inclúe dentro do PTXAS ao realizar as súas funcións. Esta modificación conlevaría a supresión dos artigos 49 a 53.	Motivación: A proposta de "persoal directivo" fai referencia a un tipo de posicións de PTXAS. Non se observa motivo lóxico que leve a establecer tal diferenza máis aló de escapar a certos mecanismos para acordar as condicións deste tipo de traballos como é a negociación colectiva.
332	MARTA PORTELA MASEDA	Modificación	7	7	Eliminación do persoal directivo	Non creo que a estrutura da universidade deba incluír persoal directivo porque esto marcaría unha liña de goberno que pode no ser a que decida a equipa reitoral
339	ENRIQUE TACON FERNAND	Supresión	7.d O persoal c 7		Propónse a supresión da letra d do artigo 7 do borrador de novos estatutos	Non se debe consagrar nos estatutos da USC a existencia dun tipo de persoal que non aparece na LOSU, e moito menos equiparándoo en rango como integrante da comunidade universitaria ao mesmo nivel que o alumnado, o PDI ou o PTXAS. Non ten ningún sentido.
354	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 7, apart 7		Aclarar a qué se refire o termo "persoal directivo"	Non está claro se é persoal de PAS, PDI ou de fora da universidade.
511	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	7	7	Eliminar o punto d): O persoal directivo	O persoal directivo está incluído dentro do PTXAS. Incluío nos Estatutos forza a dar continuidade a unha estrutura xerencial costosa economicamente. Esta estrutura non actúa coordinadamente coas vicerreitorías e incluso invade as súas competencias habituais. Este feito esta a xerar confusión en varios procedementos. Penso que si un equipo de goberno quere contar con esa estrutura pode facelo pero non se lle pode dar rango de membro específico da comunidade universitaria.
670	MARÍA DOLORES CHEDAS	Modificación	Artigo 7	7	Artigo 7 A comunidade da Universidade de Santiago de Compostela está formada por: a) O estudantado b) O persoal docente e investigador c) O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos	Trátase da supresión do apartado d) o persoal directivo. Neste artigo 7 reconécese o persoal directivo como unha parte ou singularidade da comunidade universitaria, ao nivel do estudantado, do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. Consideramos que o persoal directivo, ao igual cós cargos académicos ou órganos unipersoais e as libres designacións non conforman un colectivo de membros da comunidade universitaria, senón que o serán ou non en función de se o posto dende o que accedan forme parte do estudantado, do persoal docente e investigador, do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, ou non.
470	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	8.2	8	Débase muda-lo castelanismo "ubicacións" por unha palabra galega ("localizacións", "lugares"...)	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistematicamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entender-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
61	alberto neira ferreiro	Modificación	9.2	9	o coñecemento suficiente das linguas oficiais na acollida dos seus membros	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado
175	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	9, punto 2	9	(poño entre corchetes o texto do borrador e fora deles o engadido proposto) [... o uso pleno da lingua galega en tódolos ámbitos], respetando tamén o dereito a usa-lo castelán. [A Universidade de Santiago de Compostela adoptará...]	A promoción do uso do galego e o dereito a falalo non debe impedi-lo uso do castelán, dereito recollido explicitamente na Constitución española en vigor (art. 3, punto 1.).
278	ELISEO PEREZ TRIGO	Engadido	9.3	9	A Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e o uso de terceiras linguas por parte da comunidade universitaria e en igualdade de condicións PARA TODAS AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES da Universidade.	Evitar discriminacións no custe de matrícula no CLM
492	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	9	9	Propónse que o artigo dedicado á lingua volva, como mínimo, ó lugar que ocupa nos Estatutos vixentes (artigo 3).	A decadencia deste artigo nos Estatutos (do número 3 nos estatutos vixentes ó 9 neste borrador) non semella un sinal positivo sobre a importancia que a USC lle outorga á lingua dentro da Universidade. Propónse que volva ocupar, como mínimo, o lugar anterior.
502	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Engadido	9.2	9	A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos, así como a súa calidade e corrección. (Propónse engadir "así como a súa calidade e corrección"). Tamén falta, por algún erro no documento, a palabra "artigo" despois de "o apartado cuarto deste".	A adición proposta, para que a calidade e a corrección aparezan nomeadas expresamente, parece imprescindible. O galego que se emprega en tódolos sitios da Galiza está cheo de erros (non simples faltas de ortografía; lonxe diso, son, case sempre, castelanismos groseiros) e as institucións públicas, incluída a Universidade, non son excepcións. Neste propio borrador dos Estatutos aparecen varios (*servicios, *cese, que aparece máis de 20 veces, *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación de documentos, *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no texto das bases empregadas para a elaboración do borrador, "orde *sistemático", entre outros). En todo o caso, estes erros, nunha cantidade inxente, seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, en moitos lugares da Universidade se sigan a ignorar sistematicamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria (por exemplo, alén das xa mencionadas, "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*listado", "*dietas" etc. etc.). Polo tanto, é importante que os Estatutos non ignoren este escenario e colaboren no impulso doutro en que a Universidade sexa sempre un exemplo de calidade lingüística para as demais institucións públicas e privadas e para a cidadanía en xeral.

504	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ Engadido	9 (ou onde se c 9	A USC asume o seu compromiso coa normalización da lingua galega e terá en conta este factor, de maneira transversal, en todas as súas actuacións e decisións.	No escenario sociolingüístico actual, cos alarmantes datos sobre a situación do galego que indican tódolos estudos, é máis necesaria ca nunca unha disposición como esta. O factor da lingua galega debe ser tido en conta sempre nos procedementos e trámites: para elixir empresas provedoras, contratistas, conferenciantes, cursos, exposicións, aplicacións etc. etc. Deberíamos evitar así situacións que se poden considerar aberrantes, como, por exemplo, que a aplicación que se elixiu para o Rexistro da USC (Geiser) estea exclusivamente en castelán, co cal a inxente cantidade de persoas que contactan coa USC ou utilizan ese servizo reciben toda a información e documentación do Rexistro da Universidade en castelán.
506	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ Engadido	9 (ou onde se c 9	O Servizo de Normalización Lingüística deberá dispor dos recursos humanos, económicos e materiais necesarios para poder desenvolver as actuacións de normalización da lingua galega.	Malia que unha previsión similar xa se atopa no vixente Plan de actuacións de normalización lingüística da USC, a súa inclusión nos Estatutos semella necesaria. De feito, estaba no Plan anterior (2020-2022), mais, pola contra, o que se fixo foi reduci-lo persoal do SNL de 4 persoas técnicas (cantidade que xa se podía considerar miserenta) a 3. Nin de lonxe se pode resistir unha comparación, p. e., coas dotacións de persoal doutras universidades de territorios con linguas propias: a Universitat de València ( <a href="https://www.uv.es/uvweb/servei-politica-linguistica/ca/servei-llengues/organigrama-1286000202481.html">https://www.uv.es/uvweb/servei-politica-linguistica/ca/servei-llengues/organigrama-1286000202481.html</a> ), a EHU ( <a href="https://www.ehu.es/eu/web/euskara/aurkezpena/egitura/euskara-zerbitzua">https://www.ehu.es/eu/web/euskara/aurkezpena/egitura/euskara-zerbitzua</a> ), a Universitat de Barcelona ( <a href="https://www.ub.edu/sl/ca/info/directori.html">https://www.ub.edu/sl/ca/info/directori.html</a> ) etc. Algo similar podemos dicir dos orzamentos delas para a normalización, que en tódolos casos multiplican varias veces os da nosa universidade.
508	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ Engadido	9 (ou onde se c 9	A Universidade recoñece as diversas opcións lexítimas de normas existentes para a lingua galega, protexerá o seu emprego e colaborará na coordinación e o achegamento entre elas. Ninguén será discriminado ou discriminada na USC pola súa escolla da norma da lingua galega, sen prexuízo dos casos en que, por algunha disposición legal ou por outras razóns xustificadas, exista a obriga de empregar unha norma concreta.	Esta proposta deriva necesariamente dos principios proclamados nos Estatutos e, sobre todo, dos de liberdade e pluralismo. Obviamente, o feito de que unha determinada norma sexa considerada "oficial" (consideración, ademais, discutíbel) non é impedimento para que a Universidade teña o deber de recoñecer tódalas que sexan lexítimas, segundo a ciencia filolóxica, a cal se desenvolve, precisamente, nas universidades. Ademais, unha disposición como esta podería contribuir significativamente ó desexábel escenario de que as diversas opcións para o galego (lingua propia da Universidade), en especial a da RAG e a reintegracionista, se acheguen a partir dunha posición de maior igualdade e respecto entre elas.
775	SUSANA MARIA DOVAL SU/ Modificación	Artigo 9 (Lingu 9	A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos, así como a súa calidade e corrección. A Universidade de Santiago de Compostela adoptará as medidas necesarias para asegurar o coñecemento suficiente das linguas cooficiais na acollida dos seus membros, co fin de garantir os dereitos lingüísticos de toda a comunidade universitaria, nos termos previstos nestes Estatutos e na demais normativa aplicable, así como a través das accións formativas que establezan os plans aos que se refire o apartado cuarto deste artigo. No marco da colaboración e intercambio con outras universidades e institucións, a Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e a proxección exterior da lingua e a cultura galegas	Imprescindíbel. O galego que se emprega en tódolos sitios da Galiza está cheo de erros (non simples faltas de ortografía; lonxe diso, son, case sempre, castelanismos groseiros) e as institucións públicas, incluída a Universidade, non son excepcións. Neste propio borrador dos Estatutos aparecen varios (*servicios, *cese, que aparece máis de 20 veces, *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación de documentos, *orgánicamente, designar *ao profesorado, *subsanados etc.; ou, no texto das bases empregadas para a elaboración do borrador, "orde *sistemático", entre outros). En todo o caso, estes erros, nunha cantidade inxente, seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, en moitos lugares da Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria (por exemplo, alén das xa mencionadas, "plantilla", "dirección", "convalidación", "listado", "dietas" etc. etc.). Polo tanto, é importante que os Estatutos non ignoren este escenario e colaboren no impulso doutro en que a Universidade sexa sempre un exemplo de calidade lingüística para as demais institucións públicas e privadas e para a cidadanía en xeral.
776	SUSANA MARIA DOVAL SU/ Engadido	Artigo 9 ou do 9	A USC asume o seu compromiso coa normalización da lingua galega e terá en conta este factor, de maneira transversal, en todas as súas actuacións e decisións.	No escenario sociolingüístico actual, cos alarmantes datos sobre a situación do galego que indican tódolos estudos, é máis necesaria ca nunca unha disposición como esta. O factor da lingua galega debe ser tido en conta sempre nos procedementos e trámites: para elixir empresas provedoras, contratistas, conferenciantes, cursos, exposicións, aplicacións etc. etc. Deberíamos evitar así situacións que se poden considerar aberrantes, como, por exemplo, que a aplicación que se elixiu para o Rexistro da USC (Geiser) estea exclusivamente en castelán, co cal a inxente cantidade de persoas que contactan coa USC ou utilizan ese servizo reciben toda a información e documentación do Rexistro da Universidade en castelán.
778	SUSANA MARIA DOVAL SU/ Engadido	Artigo 9 9	O Servizo de Normalización Lingüística deberá dispor dos recursos humanos, económicos e materiais necesarios para poder desenvolver as actuacións de normalización da lingua galega.	Malia que unha previsión similar xa se atopa no vixente Plan de actuacións de normalización lingüística da USC, a súa inclusión nos Estatutos semella necesaria. De feito, estaba no Plan anterior (2020-2022), mais, pola contra, o que se fixo foi reduci-lo persoal do SNL de 4 persoas técnicas (cantidade que xa se podía considerar miserenta) a 3. Nin de lonxe se pode resistir unha comparación, p. e., coas dotacións de persoal doutras universidades de territorios con linguas propias: a Universitat de València ( <a href="https://www.uv.es/uvweb/servei-politica-linguistica/ca/servei-llengues/organigrama-1286000202481.html">https://www.uv.es/uvweb/servei-politica-linguistica/ca/servei-llengues/organigrama-1286000202481.html</a> ), a EHU ( <a href="https://www.ehu.es/eu/web/euskara/aurkezpena/egitura/euskara-zerbitzua">https://www.ehu.es/eu/web/euskara/aurkezpena/egitura/euskara-zerbitzua</a> ), a Universitat de Barcelona ( <a href="https://www.ub.edu/sl/ca/info/directori.html">https://www.ub.edu/sl/ca/info/directori.html</a> ) etc. Algo similar podemos dicir dos orzamentos delas para a normalización, que en tódolos casos multiplican varias veces os da nosa universidade.
779	SUSANA MARIA DOVAL SU/ Engadido	Artigo 9 9	A Universidade recoñece as diversas opcións lexítimas de normas existentes para a lingua galega, protexerá o seu emprego e colaborará na coordinación e o achegamento entre elas. Ninguén será discriminado ou discriminada na USC pola súa escolla da norma da lingua galega, sen prexuízo dos casos en que, por algunha disposición legal ou por outras razóns xustificadas, exista a obriga de empregar unha norma concreta.	Esta proposta deriva necesariamente dos principios proclamados nos Estatutos e, sobre todo, dos de liberdade e pluralismo. Obviamente, o feito de que unha determinada norma sexa considerada "oficial" (consideración, ademais, discutíbel) non é impedimento para que a Universidade teña o deber de recoñecer tódalas que sexan lexítimas, segundo a ciencia filolóxica, a cal se desenvolve, precisamente, nas universidades. Ademais, unha disposición como esta podería contribuir significativamente ó desexábel escenario de que as diversas opcións para o galego (lingua propia da Universidade), en especial a da RAG e a reintegracionista, se acheguen a partir dunha posición de maior igualdade e respecto entre elas.
799	JOSE MANUEL MIRANDA L/ Supresión	9 9	Eliminación da palabra "potenciará" dentro da frase seguinte: "A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos"	Dado a crise demográfica de Galicia, a captación de estudando extranxeiro é imprescindible. Ese artigo é unha barreira para a captación de estudando de Hispanoamérica, pola preocupación que lles xenera que aquí vaian atopar clases exclusivamente en galego.

178	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	10, punto 2.	10	Incluí-la traducción ó galego do lema en latín, que creo que é "Selo da Real Universidade Compostelá".	Paréceme moi acertado a inclusión do artigo 10 nos Estatutos, dado que no ámbito universitario -coma noutros- a tradición e a historia é un valor a preservar. Neste senso, certamente, é un detalle menor, pero creo que o engadido enriquece o texto, especialmente para os non versados no latín.
183	MANUEL ABOAL SOMOZA	Aclaración	10, punto 6.	10	¿A quen se refire o texto ó falar de "restantes persoas"? ¿A persoas físicas ou xurídicas alleas á universidade?	Paréceme moi adecuada a salvagarda do uso dos símbolos da universidade fronte a persoas ou entidades de calquera tipo alleas á universidade. Por isto creo que é mellor poñelo o máis claro e entendible posible.
427	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	10.6	10	"[...] unicamente os utilizarán cambiar por: [...]unicamente poderán ser utilizados"	Cámbiase a forma verbal imperativa por unha que reflexe unha posibilidade
428	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	10.6	10	"[...]deberán facer uso deles engadir a continuación: segundo o caso"	tal e como está redactado parece que obriga a un uso de todos os símbolos á vez
430	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	10.6	10	"Queda expresamente prohibida a súa utilización polas restantes persoas físicas e xurídicas, agás que contén coa oportuna autorización outorgada por resolución reitoral. Levar a un punto á parte- 6.6: Queda expresamente prohibida a utilización dos símbolos polas restantes [...]"	Ten entidade suficiente esta prohibición como para considerala nun punto á parte.
512	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	10	10	Suprimir todo o artigo	Non é habitual que figure nuns Estatutos. Os símbolos, en concreto o escudo, están moi vinculados a imaxe corporativa e esta pode mudar por convenienciano período de vixencia dos Estatutos
655	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	10 a	10	a)O cáliz coa hostia que representa o reino galego.  (Propónse "reino galego" en lugar de "Reino de Galicia".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutible cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. Para maior abastanza, na época medieval, en que xorde o reino e o símbolo aquí nomeado, o termo hexemónico era, precisamente, Galiza, polo cal falarmos de "Reino de Galicia" constitúe un castelanismo aínda máis groseiro, ademais dun anacronismo. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galego", co cal, polo menos, ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Consideramos tamén que "reino" debería ir en minúscula en calquera dos casos, aínda que esta é unha cuestión menos importante. Por outra parte, cómpre tamén ter en conta que, segundo os estudos históricos, as primeiras representacións do cáliz no escudo non incluían a hostia, polo cal (e tamén por outras cuestións hoxe discutíbeis, como por exemplo o apartado b) podería valorarse a conveniencia de revisar este símbolo.
62	alberto neira ferreiro	Modificación	11.i)	11	i)A non discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, ideoloxía, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
63	alberto neira ferreiro	Aclaración	11.k)	11	k)A igualdade de trato e oportunidades con independencia do xénero.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
184	MANUEL ABOAL SOMOZA	Modificación	11, punto 1., e 11		Propoño substituír estes apartados por outro que recolla o exposto no artigo 14 da Constitución española en vigor.	É reiterativo e innecesario chegar a ese nivel de detalle cando unha norma de rango superior cubre tódalas posibilidades que se pretende detallar e moitas máis.
213	MARIA DO CARME PACIN S	Engadido	11h	11	En concreto, as investigadoras predoutorais en formación terán á súa disposición material informático e outros medios que lles permitan desenvolver a súa actividade investigadora correctamente.	A pesar de que esta cuestión xa foi recollida na normativa de espazos, o seu cumprimento non se está realizando. Así, é preciso blindar este dereito para este colectivo vulnerable.
218	MARIA DO CARME PACIN S	Engadido	11k	11	Engadir: sen perxuro das medidas de discriminación positiva que se adopten para paliar a fenda de xénero.	É preciso incluír medidas correctoras que aborden a desigualdade de xénero existente na universidade. Isto queda patente no último informe do CIFEX.
355	JUSTO ARINES PIFERRER	Engadido	Artigo 11, apa	11	engadir "persoal técnico de axuda a I+D+i	non está incluído
672	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Modificación	Artigo 11 apar	11	A non discriminación por razón das súas características persoais	Trátase de substituír o termo discapacidade
693	FERNANDO M. TABERNERC	Engadido	11	11	o) A accesibilidade universal aos edificios e as súas contornas físicas e virtuais, nos termos nos que se dispoña na normativa en vigor.	A accesibilidade universal aos edificios é un dereito de toda a comunidade universitaria, no só dun determinado colectivo (estaba recollido no artigo 14.2 para o estudiantado), pero sempre nos termos previstos na normativa, polo que poderían quedar excluídos de acceso universal os espazos suxeitos a algún tipo de elva ou protección, por exemplo as relativas á seguridade, a confidencialidade, a protección de datos ou o traballo de cada quen.
356	JUSTO ARINES PIFERRER	Engadido	Artigo 12, apa	12	engadir "persoal técnico investigador de axuda a I+D+i	non está incluído
29	COSME ELADIO POMBO RC	Modificación	Art. 13	13	Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao, master universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade e no IV ciclo, agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación.	Entendo que os estudantes de IV ciclo deberíamos ser considerados estudantes da USC
47	Delfina Torres Álvarez	Engadido	13	13	...así como en titulacións propias da Universidade e do IV ciclo, agás...	Incluír aos estudantes do IV ciclo como alumnos da USC
116	M ASUNCION PEREZ PEREZ	Engadido	Artigo 13	13	estudantes de IV ciclo.	Os estudantes de IV ciclo forman parte da Universidade, están matriculados, asisten as clases, etc.
127	xosé Valcárcel Sánchez	Modificación	artigo 13 - Est	13	... así como en titulacións propias da Universidade ou no programa de IV Ciclo para maiores de 50 anos.	Porque entendo que o alumnado de IV Ciclo somos estudantes de pleno dereito da USC e debe ser recollido ese dereito nos estatutos.

198	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 13	13	Mudar "Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao, máster universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade, agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación." por "Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao, máster universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade. Ademais, as persoas matriculadas en doutoramento teñen tamén a condición de persoal investigador en formación."	<p>Motivación: A redacción proposta é contraria á lexislación por un motivo dobre.</p> <p>Por unha parte, porque non se pode negar o carácter de estudante a calquera persoa matriculada en doutoramento (teña contrato ou non). Neste sentido, o RD 1791/2010 do "Estatuto do estudante universitario" di, no seu artigo 1.3 que, "se entínde como estudante toda persoa que curse ensinanza oficial en alguno de los tres ciclos universitarios, ensiñanzas de formación continua u otros estudios ofrecidos por las universidades". Isto fai que calquera persoa matriculada en doutoramento teña os dereitos e obrigas propios dunha persoa estudante.</p> <p>Por outra parte, porque non se pode negar o carácter de investigadora en formación a calquera persoa matriculada en doutoramento (teña contrato ou non). Neste sentido, o RD99/2011 di "se considera que en este tercer ciclo los participantes en programas de doctorado no son sólo estudiantes sino investigadores en formación". É dicir, no propio preámbulo incide en que calquera persoa que cursa doutoramento é estudante, pero tamén investigadora en formación. Esta idea de que as persoas doutorandas son todas elas investigadoras en formación (haxa vínculo contractual ou non) volve aparecer no artigo 11. Polo tanto, resulta non axustado á legalidade reservar ese carácter de "investigadora en formación" só para as persoas que teñan contrato.</p> <p>Debemos engadir que non existe contradición algunha en que unha persoa teña, simultaneamente, unha dobre condición. Neste sentido, existen outros casos onde unha persoa posúe, de xeito simultáneo, unha condición de estudante cunha segunda condición na USC. Por exemplo, pénsese nun PDI/PTXAS que estea matriculado, a tempo parcial, nalgúns estudos da USC. Esta realidade é permitida pola USC e, de feito, con matrícula bonificada.</p> <p>Todo isto non quita que, á hora de clasificar á xente en sectores (por exemplo, para as eleccións) exista un criterio que decida a cal sector asignar unha persoa que posúe, simultaneamente, dúas condicións (PAS+estudiante, investigadora en formación + estudante...).</p>
320	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	13, 103 e 127	13	Depende da articulación elixida.	<p>É preciso revisar o emprego do termo "Investigador en formación" no artigo 13 e 127, e as súas implicacións a efectos de réxime electoral, xa que:</p> <p>a)No Real Decreto 576/2023, de 4 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 99/2011, establécese no seu artigo primeiro, apartado décimo:</p> <p>"Las doctorandas y los doctorandos, que tendrán la consideración de investigador o investigadora en formación, se matricularán anualmente en la universidad correspondiente por el concepto de tutela académica del doctorado"</p> <p>Neste sentido, apréciase unha contradición coa definición de "Estudantes" dada no artigo 13 do texto preliminar dos novos Estatutos, na que precisamente se exclúe ao persoal investigador en formación:</p> <p>"Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao, máster universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade, agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación.</p> <p>Do mesmo xeito, no artigo 103.4 Colexio Electoral do Sector III, é necesario considerar se os doutorandos e doutorandas deben pertencer ao sector II ou ao sector III.</p> <p>b)No artigo 127.1 punto f, relativo ao consello de facultade, indícase que "O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo". Por outra banda, no artigo 127.2, apartado b, indícase que "... garantírase a representación do estudiantado de máster e doutoramento cando proceda".</p> <p>Polo tanto, volve a facerse unha distinción entre investigadores en formación e estudantes de doutoramento que non sería procedente. Ademais, nese artigo 127.2 punto b, non se reflicte cómo se garantirá e/ou baixo qué condicións o estudiantado de máster e doutoramento poderá estar representado no consello de facultade.</p>
335	gloria PÉREZ RODRÍGUEZ	Engadido	13	13	Inclusión como estudantes da USC o alumnado do IV Ciclo.	Entendo co alumnado do IV Ciclo debe de ter os mesmos dereitos e deberes co resto do estudiantado da USC, así como unha participación activa en órganos de goberno e representación da Universidade.
357	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 13	13	eliminar o seguinte texto "agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación"	o persoal en formación está matriculado en cursos de doutoramento e polo tanto son alumnos de terceiro ciclo
391	MARIA DEL PILAR BROCOS	Supresión	13	13	Eliminar o seguinte texto: "agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación"	O persoal en formación está matriculado en estudos de doutoramento e polo tanto debe ter tamén a consideración de estudante.
477	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	13	13	Eliminar o seguinte texto "agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación".	O persoal investigador en formación son alumnos de doutoramento, non si?
514	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	13	13	Aclarar nalgún artigo a condición de Persoal Investigador en Formación: PDI?, PTXAS?	Tras a lectura do documento non me quedou claro onde se ubica o persoal en formación, nin que dereitos e deberes teñen. No artigo 23 parece que é PDI.
786	dario Senín Sotelo	Aclaración	Título I Capitu	13	As clases expositivas non serán obrigatorias salvo que así o indique a guía docente, en cuyo caso, el profesorado seguirá estando obligado de avisar con la suficiente antelación por medios oficiales, de entregables, exámenes, pruebas, clases fuera de horario oficial, etc.	Esto para facilitar la conciliación, ya que el no avisar de este tipo de actividades complica la vida del estudiantado, sobre todo, cuando te ponen una tutoría obligatoria fuera de tu horario habitual (dentro del horario lectivo), pudiendo interferir con tu trabajo o prácticas extracurriculares

6	david parga torrente	Engadido	14	14	a1) Poder desfrutar, canto menos, dunha semana sen docencia tras a realización do último exame de avaliación final en cada cuatrimestre.	Este artigo reflicte unha realidade que moitos estudantes estamos a sufrir tras a realización dos exames do primeiro cuatrimestre. Ao rematar o período, temos un astio mental despois de dous meses de preparación intensos dos exames, que impide recibir unha docencia de calidade por parte do alumnado. Necesitamos un período de descanso para saír a rúa, tomar o aire, quedar cos amigos e familia... e prepararnos para a segunda rolda de avaliación como é o 2º cuatrimestre. Consecuentemente, este comezará cun alumnado máis implicado e motivado para retomar as súas actividades cotiás; en contra dun alumnado aínda cansado que, se vai a clase, non é capaz de atender.  Son estudante do Dobre Grao de Matemáticas e Enxeñería Informática e o que expoño é unha necesidade real. Non só a carga do dobre grao supoñe un cansancio excesivo (voluntario pola nosa parte ao ter escollida tal titulación); senón que tamén os compañeiros de Matemáticas e Informática experimentan as mesmas condicións. E estou seguro que calquera alumno da Universidade experimenta tal necesidade.  Grazas pola vosa atención
64	alberto neira ferreiro	Modificación	14.f)	14	f)Recibir a información necesaria e participar activamente no control da calidade da docencia e na elaboración dos seus criterios xerais de avaliación así como participar na elaboración das normas que afectan ao estudantado.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
65	alberto neira ferreiro	Modificación	14.h)	14	h)A igualdade de oportunidades no acceso, continuidade e finalización dos estudos e a non discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, ideoloxía, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no exercicio dos seus dereitos académicos. Para tal fin poderase beneficiar das distintas axudas ou subvencións que a Universidade estableza, tendo en conta e a súa situación económica, sen prexuízo da responsabilidade principal do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
66	alberto neira ferreiro	Modificación	14. fi)	14	fi) Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas, persoais ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e para outros casos debidamente xustificadas.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
67	alberto neira ferreiro	Modificación	14.o)	14	o)A participación activa, en igualdade de oportunidades, en órganos de goberno e representación da universidade, para o cal poden ser dispensados das súas obrigas académicas, así como a participación en actividades de representación e asociacionismo estudantil.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
68	alberto neira ferreiro	Modificación	14.r)	14	r)Obter recoñecemento académico por competencias transversais e pola súa participación en actividades universitarias culturais e deportivas e asociativas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
69	alberto neira ferreiro	Aclaración	14.x)	14	x)O acceso a formación para o desenvolvemento de capacidades dixitais e a seguridade dos medios dixitais e á garantía dos dereitos fundamentais na internet.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
70	alberto neira ferreiro	Engadido	14. aa)	14	aa)Á recibir atención de calidade á saúde mental e benestar	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
105	MARIA FATIMA ADRIANO FON	Supresión	14f	14	A miñas chega fai referencia a o dereito que se lle otorga neste artigo ao alumnado de participar activamente na elaboración dos criterios xerais de avaliación.	Entendo que o proceso de avaliación e o establecemento dos criterios pertinentes é unha labor exclusiva do profesorado e non un dereito do alumnado. Na miña opinión, o feito de que este proceso se leve a cabo con base ás normativas pertinentes debería supervisarse dende os centros mediante a revisión do apartado referente ao sistema de avaliación da guía docente de cada materia.
220	DANIEL CAO LABORA	Aclaración	Artigo 14 b)	14	Non hai texto, pídesese aclaración e mellorar a redacción no sentido que sexa preciso.	Sobre a lingua de impartición... Como se garante a efectividade do exercicio dese dereito? En verdade, actualmente, estase a asignar docencia para o curso seguinte sen saber quen vai impartir esa docencia. Co método actual, é imposible saber se esa docencia vai ser dada en galego ou castelán. Para arranxar isto unha posibilidade sería sacar a praza con perfil lingüístico, cuestión prevista nos estatutos. Neste caso, a Universidad debería fomentar que o perfil lingüístico empregado fose o galego coas medidas de promoción que estime necesarias.
231	MARIA DO CARMEN PACIN S.	Engadido	14p	14	Incluir: motivos de discapacidade, orixe étnica e nacional, orientación sexual e identidade de xénero, e por calquera outra condición social ou persoal.	Ampliar o espectro das discriminacións existentes.
431	MINIA GARCIA ANGULO	Supresión	14.n	14	Suprimir este punto	Ao incluír este dereito, inevitablemente, haberá que dotar á universidade dun servizo que atenda a esta cuestión, co seu reflexo na RPT e estruturalizar o servizo que, ademais, será de atención a toda a comunidade universitaria. Esta é unha cuestión que ten máis cabida nunha planificación estratéxica que nuns estatutos. Unha declaración de principios non pode converterse nun dereito para o que non hai estrutura nin garantía de poder asegurar.
516	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	14.b	14	Eliminar dende "as modalidades de docencia" ata o final.	Esta información figura na programación docente
521	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	14	14	fi)Aclarar o alcance do termo "extraacadémicas" de cara a concesión de cambio de grupo. A que tipo de actividades se está a facer referencia. z) suavizar o dereito a accesibilidade universal incluíndo o concepto de axustes razoables. y) que significa o dereito á xestión dos distintos servizos	fi) Coñecer que tipo de actividades dan dereito á cambio de grupo z) moitas veces e complicado lograr a accesibilidade universal por dificultades técnicas ou custo elevado

632	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	14 h	14	(...) sen prexuízo da responsabilidade principal do Estado e da Comunidade Autónoma galega. (Proponse "galega" en lugar de "de Galicia".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ningún discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutible cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolo-nos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexitima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenaes de normas publicadas no DOG.
652	PAULA LOPEZ RUA	Engadido	Título 1, Capít 14		Na sección ñ, o borrador establece o seguinte dereito do estudantado: Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares. Cómpre concretar máis este parágrafo e especificar que tipo de actividades profesionais, extraacadémicas ou responsabilidades familiares se consideran prioritarias para poder ter dereito a un cambio de grupo.	Tendo en conta a masificación evidente nalgúns estudos de grao, e os problemas que poden xurdir se o alumnado empeza a solicitar cambios de grupo para "conciliar" sen ningún tipo de criterio discriminatorio (desequilibrio de grupos e consecuente diminución da calidade da docencia). Non se debe cargar ao PDI coa decisión sobre que razóns son xustificadas para cambio de grupo e cales non. Se non é este o lugar para detallar as razóns xustificadas, debe remitirse á normativa correspondente onde se poida atopar información máis concreta.
653	PAULA LOPEZ RUA	Engadido	Título 1, Capít 14		Na sección q, o borrador establece o seguinte dereito do estudantado: "A unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral" Este parágrafo require de máis concreción.	Se non se establece ningún criterio discriminatorio para decidir en que casos se xustifica que o alumnado teña dereito á conciliación e a ese tratamento diferenciado, o PDI terá que acabar deseñando programas de ensino e avaliación á carta nunha universidade que é supostamente presencial e igualitaria, cos seguintes agravios comparativos. Se non é este o lugar para detallar as causas concretas que xustifican este tratamento especial, deberíase facer referencia ao lugar onde se poidan atopar, ou alomenos engadir que as causas xustificadas se desenvolverán noutros documentos.
677	FERNANDO M. TABERNER	Modificación	14	14	z) Á accesibilidade universal aos servizos, procedementos, subministracións e comunicación de información, os materiais educativos e os procesos de ensino-aprendizaxe e avaliación.	A accesibilidade universal dos edificios e as súas contornas é un dereito de todos os membros da comunidade universitaria, non só do estudantado, polo que debería estar recollida no artigo 11, así que se propón suprimila deste.
777	darío Senín Sotelo	Aclaración	Título I Capítu 14		Todas as entregas e probas deberán de ser avisadas coa suficiente antelación para facilitar o conciliación familiar do estudantado, avisando por medios oficiais.	Que tengamos el derecho y deber de asistir a clase no significa que las clases expositivas deban ser obligatorias y, por lo tanto, si no vamos podamos perder parte de evaluación continua por no recibir aviso alguno
780	darío Senín Sotelo	Aclaración	Título I Capítu 14		Los no presentados nunca conllevarán a nada negativo en la evaluación final	Aclarar la diferencia entre un 0 y un no presentado, ya que no se tiene claro a día de hoy la diferencia y qué hacer en cada caso
71	alberto neira ferreiro	Modificación	15.i)	15	i) Exeracer, de ser o caso, as responsabilidades propias do cargo de representación para o que fosen escollidos, participando de forma activa e responsable co colectivo que pertence nas xuntanzas dos órganos colexiados dos que sexan membros.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
103	MARIA FATIMA ADRIO FON	Engadido	15.e	15	A miña proposta consiste en engadir neste artigo unha frase que faga referencia ao respecto que debe ter o alumnado pola propiedade intelectual dos materiais docentes deseñados e elaborados polo profesorado que se lle proporciona a través do aula virtual ou a través de calquer outro medio. E, de ser posible indicar a ilegalidade, as consecuencias, e as accións que se levarán a cabo no caso de distribución deses materiais docentes.	Penso que todo o PDI está ao tanto da circulación comercializada a través da internet de material docente (arquivos en formato pdf, powerpoint, word,...) de apuntes, exames, cuestionarios, etc... elaborado polo profesorado. Estes documentos se distribúen incluso sen realizar nin un mínimo cambio nos arquivos e incluso tendo introducido unha marca de auga para tratar de evitar estas accións.
187	MANUEL ABOAL SOMOZA	Modificación	15, apartado a	15	(indico entre corchetes o texto actual e fora deles o engadido que propoño) [Estudar], asistir a clase [e participar de forma activa e responsable ...]	A nosa Universidade é presencial, polo que -na miña opinión- a asistencia a clase é un deber do alumno.
480	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	15 e	15	Débase mudar "cumprimentación" ("cumprimentar" é un castelanismo con este sentido) por unha palabra galega ("tramitación", "ao cubrir"...). Débase mudar "nos mesmos" (incorrecto con ese uso anafórico) por "neles".	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entender a motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
517	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	15.ñ	15	Non propoño modificación, solo aclaración da implicación	Aínda que o texto figura nos Estatutos vixentes, preciso aclaración sobre si calquera actividade extraacadémica (actividade artística, estudo de idiomas, cursos...) xustificadas son válidas para autorizar un cambio de grupo.
519	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	15.z	15	Aclarar o alcance deste punto pois forza a lograr a accesibilidade universal	As veces, logralo é complicado e costoso. Conviría facer referencia a "axustes razoables"
522	SUSANA MARIA JIMENEZ PI	Aclaración	Capítulo II Do	15	Especificar que actividades 'extraacadémicas' serían susceptíbeis para o dereito á escolla de grupo.	Non parece que se poida aceptar calquera tipo de actividade extraacadémica, pois suporía un agravio comparativo para aquel alumnado que non teña este tipo de actividades ademais de provocar descompensación de número de alumnado nos grupos co que se cargaría máis a un/unha profesora que outro/a, se os grupos son impartidos por profesorado distinto. Non obstante, a dita xustificación debería ser concedida polo decanato dos centros.
528	SUSANA MARIA JIMENEZ PI	Aclaración	Capítulo II Do	15	Se suxire a supresión ou polo menos a aclaración dos casos nos que sería aplicable este apartado do artigo 15.	Non parece razoábel que teña que recaer no profesorado o deseño de actividades para favorecer a conciliación coas moi diversas situacións familiares, laborais, etc. que poden afectar aos membros do estudantado. Aclárese polo menos que tipo loxia de situacións xustificarían unha necesidade de conciliación e se o alumnado debería de facer algún tipo de solicitude ante o organismo competente. Lémbrase que a USC non é unha universidade a distancia.

680	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Aclaración	Apdo. ñ) do Ca 15		<p>Especificar que actividades 'extraacadémicas' serían susceptibles para o dereito a esta escolla de grupo. Non parece que se poida aceptar calquera tipo de actividade extraacadémica.</p>	<p>Este artigo suporía un agravio comparativo para aquel alumnado que non teña este tipo de actividades ademais de provocar descompensación de número de alumnado nos grupos, co que se cargaría máis a un/unha profesor/a que outro/a, se os grupos son impartidos por profesorado distinto. Non obstante, a dita xustificación debería ser concedida polo decanato dos centros.</p>
682	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Modificación	Artigo q) do C2 15		<p>Non parece razoábel que o profesorado teña que asumir como carga extra o deseño de actividades a maiores para aqueles estudantes que non poidan asistir ás clases por razóns laborais....Aclárese se neste caso o alumnado debería solicitar dispensa de asistencia ao decanato do centro.</p>	<p>Lémbrese que a USC non é unha universidade adistancia e que o profesorado non ten a obriga de facer avaliacións 'a carta'. De igual modo, non hai especificidade para as razóns de tipo persoal e familiar... polo que se solicita, de novo, aclaración con respecto á concesión de ditas xustificacións que posibilitaría tal tipo de atención extra.</p>
696	MARTIN FERNANDEZ FERN/	Modificación	Apartados ñ) e 15		<p>Aclaración dos apartados ñ) e q)</p>	<p>A respecto do apartado ñ), conviría especificar que actividades "extraacadémicas" serían susceptibles para o dereito á esta escolla de grupo. Non parece que se poida aceptar calquera tipo de actividade extraacadémica, pois suporía un agravio comparativo para aquel alumnado que non teña este tipo de actividades ademais de provocar descompensación de número de alumnado nos grupos, co que se cargaría máis a un/unha profesor/a que outro/a se os grupos son impartidos por profesorado distinto. Non obstante, a dita xustificación debería ser concedida polo decanato dos centros.</p> <p>A respecto do apartado q), non parece razoábel que o profesorado teña que asumir como carga extra o deseño de actividades a maiores para aquel estudantado que non poidan asistir ás clases por razóns laborais. Conviría aclarar se neste caso o alumnado debería solicitar dispensa de asistencia ao decanato do centro. Dado que USC non é unha universidade a distancia, o profesorado non tería a obriga de facer avaliacións 'a carta'. De igual modo, non hai especificidade para as razóns de tipo persoal e familiar, polo que se solicita aclaración a respecto da concesión de ditas xustificacións que posibilitaría tal tipo de atención extra.</p>
72	alberto neira ferreiro	Modificación	17.1	17	<p>1. Corresponde á Universidade de Santiago de Compostela a potestade de sancionar disciplinariamente ao estudantado cando impida ou dificulte o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación e transferencia do coñecemento, respecto de actividades desenvolvidas nas súas instalacións, sistemas e espazos, incluídos os de natureza dixital, sen prexuízo do establecido sobre o dereito a paro académico.</p>	<p>Decisión GT Normativa Consello Estudantado</p>
73	alberto neira ferreiro	Engadido	17.4	17	<p>4. O exercicio da potestade disciplinaria deberá seguir os principios de reparación do dano e xustiza restaurativa, na medida que o permitan os circunstancias.</p>	<p>Decisión GT Normativa Consello Estudantado</p>
358	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 17, apaí 17		<p>Aclarar o espírito deste apartado</p>	<p>para poder entender o motivo deste artigo</p>
433	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	17	17	<p>funcións de docencia, investigación, transferencia do coñecemento e administrativas</p>	<p>Cómpre engadir as funcións administrativas, xa que o estudantado ten relación directa co PTXAS no exercicio das súas funcións.</p>
451	emilio VAZQUEZ LAGE	Engadido	17.1	17	<p>"Corresponde á Universidade de Santiago de Compostela a potestade de sancionar disciplinariamente ao estudantado cando impida ou dificulte o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación e transferencia do coñecemento, respecto de actividades desenvolvidas nas súas instalacións, sistemas e espazos, incluídos os de natureza dixital, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente e nestes Estatutos sobre o dereito ao paro académico e as circunstancias que o rodean."</p>	<p>Engádesse no final da redacción esa frase con respecto ao paro académico para disipar dúbidas e consolidar a interpretación neste caso; a normativa de convivencia recolle que a interrupción non violenta dunha aula (que se pode considerar que "impide ou dificulta o normal desenvolvemento da docencia") co fin de informar o estudantado dos seus dereitos e do paro académico non será obxecto de sanción.</p>
472	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	17.2	17	<p>Débese mudar "exercizo" por "exercicio" e "en relación ao" pola expresión correcta no galego ("en relación con" ou "con relación ao")</p>	<p>Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castellanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros.</p> <p>En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC.</p> <p>Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria.</p> <p>A constatación desta situación pode contribuír a entender-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.</p>
523	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	17	17	<p>Eliminar</p>	<p>Non parece acáido para Estatutos</p>
654	PAULA LOPEZ RUA	Engadido	Título 1, Capít 17		<p>No artigo 17.1, o borrador establece que a USC poderá "sancionar disciplinariamente ao estudantado cando impida ou dificulte o normal desenvolvemento das funcións de docencia". Esta é unha afirmación xenérica e pouco útil.</p> <p>Deberíase facer algún tipo de alusión explícita a que comportamentos dificultan o normal desenvolvemento da docencia (non respectar as quendas de palabra, non gardar silencio nas aulas cando se solicita, dirixirse ao profesorado en termos despectivos), e indicar que o emprego de dispositivos electrónicos (móviles, tabletas e ordenadores) debe limitarse a fins académicos e contar coa autorización expresa do PDI (por exemplo, non poden gravar clases sen permiso).</p>	<p>Hoxe en día temos problemas novos nas aulas e a realidade é que o PDI carece de ferramentas para abordalos: disciplina, uso indiscriminado de dispositivos electrónicos, etc. Non somos figura de autoridade e non podemos tomar medidas para impedir eses comportamentos, agás iniciar un proceso burocrático que non soluciona o problema, consonte a unha normativa de convivencia garantista e que non atende ás auténticas necesidades das aulas nestes tempos. Están perfectamente regulamentadas as consecuencias que ten para o alumnado poñer unha bomba na universidade ou romper un pupitre, pero se nunha clase de 100 estudantes un grupo indeterminado ao fondo da aula se dedica a interromper constantemente unha clase con murmurios e non atende ás indicacións de gardar silencio, non podemos facer absolutamente nada.</p> <p>Con respecto ao uso de dispositivos electrónicos, xa sabemos que o alumnado é maior de idade e non se lle pode privar do uso deses dispositivos, pero o profesorado está capacitado para determinar en que momentos non se deben empregar, e precisamos estar respaldados nestas decisións. A concreción destes comportamentos inadecuados correspondería realmente á normativa de convivencia, á que se debería facer referencia á hora de falar de procesos disciplinarios no artigo 17, pero aí non hai información útil para solucionar estes problemas.</p>

673	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 17.1	17	Corresponde á Universidade de Santiago de Compostela a potestade de sancionar disciplinariamente ao estudantado cando impida ou dificulte o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación transferencia do coñecemento E PRESTACIÓN DE SERVIZOS, respecto de actividades desenvolvidas nas súas instalacións, sistemas e espazos, incluídos os de natureza dixital.	Trátase de completar o sentido do artigo engadindo unha nova situación, a prestación de servizos
524	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	18	18	Eliminar	Non me parece que sexa un artigo que deba figurar nos Estatutos. Por outra banda o punto 3 é moi ambicioso, obriga a facilitar medios a todaa asociación, e se compromete a difundir información entre os seus egresados. Isto último pode ser complicado de implementar. Ao longo destes anos houbo moitas dificultades técnicas e legais.
74	alberto neira ferreiro	Modificación	19	19	Consello do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela é o órgano Colexiado de representación do estudantado no ámbito xeral da Universidade de Santiago de Compostela e actuará con plena autonomía para o cumprimento dos seus fins, para o cal se lle asignarán medios e espazos suficientes.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
162	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	Art. 19 a 22	19	Eliminar do borrador actual a Sección 2ª no Capítulo II do Título I Incorporar o Consello do Estudantado no Capítulo II do Título III	O artigo 48 da Lei 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario (LOSU), considera o Consello do Estudantado como "...órgano Colegiado superior de representación y coordinación del estudiantado en el ámbito de la universidad...", salientando así o seu papel relevante nos órganos Colexiados de representación nas universidades.  Porén, ten sentido que a actual Sección 2ª (Do Consello do Estudantado) do Capítulo II (Do Estudantado) no Título I (Da Comunidade Universitaria) do borrador dos estatutos da USC sexa trasladado ao Título III (Dos órganos de goberno, representación e participación social).
317	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	19.c	19	"Unha representación do colectivo de persoas doutorandas membros do Comité de Dirección da EDIUS segundo establecido no Estatuto de Estudantado".	No artigo 19, relativo ao Consello do Estudantado, apartado c), faise unha referencia ás catro seccións da escola ("Catro representantes da Escola de Doutoramento, un por cada sección") cando estas seccións non están definidas no propio estatuto, nin se indica que deban ser catro. Cómpre, por tanto, substituír a anterior por unha designación máis xenérica.
579	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	19	19	"Unha representación do colectivo doutorandos membros do Comité de Dirección da EDIUS según establece o Estatuto de Estudantado"	No artigo 19 c faise unha referencia ás catro seccións da escola ("Catro representantes da Escola de Doutoramento, un por cada sección"). Estas seccións non están definidas polo momento e en ningún documento se indica que deban ser catro. Convén, por elo, facer a modificación suxerida
30	COSME ELADIO POMBO RC	Engadido	Art. 20.- Comp	20	d) Un representante do IV Ciclo.	Se o estudantado do IV ciclo somos estudantes da USC, considero que deberán facer parte do Consello do Estudantado
49	Delfina Torres Álvarez	Engadido	20	20	Serán membros do consello do Estudantado: a) b) c) d) Representantes do alumnado do IV ciclo, un por cada campus	IV ciclo deberá, tamén, formar parte do consello do estudantado
75	alberto neira ferreiro	Modificación	20.a	20	a) Os representantes do estudantado no Claustro da Universidade, que serán membros natos.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
76	alberto neira ferreiro	Engadido	20.f	20	f) Representar a Universidade nos órganos de representación do estudantado autonómicos e estatais.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
117	MASUNCIÓN PEREZ PEREZ	Engadido	Artigo 20	20	Engadir un novo parágrafo o d) 1 representante do estudantado do IV ciclo por cada campus, Santiago e Lugo	Como alumnos da Universidade temos que formar parte de Consello de Estudantado
129	xosé Valcárcel Sánchez	Engadido	artigo 20 - Con	20	novo apartado: d) Dous representantes do alumnado do IV Ciclo, un polo Campus de Santiago e outro polo Campus de Lugo	achega ligada á do artigo 13, para efectivar a representatividade do colectivo de estudantes do IV Ciclo.
221	DANIEL CAO LABORA	Aclaración	Artigo 20	20	Non hai texto, pídesese aclaración.	No apartado b) fábase de Consello de Facultade, cando deba de falar de Consello de Facultade ou Escola. Ademais, no apartado c) fala de catro representantes da Escola de Doutoramento e non queda claro se tales representantes deben pertencer ao Comité de Dirección da Escola de Doutoramento ou poden ser persoas calesquera que ostenten a condición de doutorandas. Debe optarse por unha redacción na que isto quede claro.
359	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 20	20	Aclarar cómo se escollen os catro alumnos que son representantes da escola de doutoramento, para formar parte do consello do estudantado	non está claro de onde saen estes 4 alumnos.
525	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	20	20	Sustituir os artigos 20, 21, 22 por outro que indique que a composición, competencias e procedemento de elección veñen determinados por (a normativa que corresponda)	Unha parte do texto destes tres artigos reproduce contidos que figuran LOSU. Nela, por exemplo, se indica que os Estatutos determinen o procedemento de elección. Isto suxire que o procedemento non é único e pode ser convinte mudalo co paso do tempo. Por isto se e posible eu faría referencia a que, por exemplo, Regulamento do Consello do Estudantado fixará as funcións e composición. Se normativamente non é posible, terá que quedar como está. Non me queda claro que se atenda o indicado no parrafo segundo do artigo 48.2 da LOSU
197	MARIA DO CARME PACIN S	Engadido	2i	21	Non colaborará con ningunha alianza militar.	Aclarar a súa non implicación en temas bélicos e armamentísticos e previr que se realicen actividades como as acontecidas en relación á OTAN.
526	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	21	21	ver o comentado para artigo 20	ver o comentado para o artigo 20
31	COSME ELADIO POMBO RC	Modificación	Art. 22.- Proce	22	1.- O sistema de designación como membro do Consello do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela será por votación directa e segreda dos membros do sector de estudantes das facultades, do IV Ciclo e da escola de Doutoramento.	No Consello do Estudantado (Órgano Colexiado de representación e coordinación do estudantado) entendo que debe estar representado o alumnado do IV Ciclo da USC.
50	Delfina Torres Álvarez	Engadido	22	22	...estudantes das facultades, do IV ciclo e da escola...	O IV ciclo debe estar presente no procedemento de elección dos membros do consello do estudantado
77	alberto neira ferreiro	Aclaración	22.1	22	1. O sistema de elección como membro do Consello do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela será por votación directa e segreda dos membros do sector estudantes das facultades e da escola de doutoramento.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
78	alberto neira ferreiro	Modificación	22.2	22	2. A renovación da composición do Consello de Estudantado realizarase unha vez se produza a renovación da representación do estudantado nos órganos correspondentes.	Decisión Gt Normativa Consello Estudantado
119	MASUNCIÓN PEREZ PEREZ	Engadido	Artigo 22	22	d) 1 representante do estudantado do IV ciclo por cada campus	Ter representación no órgano de representación do estudantado ao que pertencemos

130	xosé Valcárcel Sánchez	Engadido	artigo 22 - Pro 22		engadir ao final do apartado 1: ... e do IV Ciclo.	Concordante coa achega referida ao artigo 20
473	JOSE CARLOS GONZALEZ Á	Modificación	22.1	22	Débesse mudar "segreda" por "secreta".	<p>Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC.</p> <p>Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros.</p> <p>En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC.</p> <p>Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria.</p> <p>A constatación desta situación pode contribuír a entender a motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.</p>
527	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	22	22	ver o comentado para o artigo 20	ver o comentado para o artigo 20
40	MANUEL SOUTO SALOM	Aclaración	23	23	Artigo 23 Categorías	<p>O Programa Oportunius é unha iniciativa da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e os organismos de investigación de Galicia para atraer e reter investigadores beneficiarios de axudas do European Research Council (ERC), como Profesores de Investigación Oportunius.</p> <p>O convenio de colaboración entre GAIN e a USC para o desenvolvemento do Programa Oportunius (11/05/2021) inclúe, dentro das obrigas da USC como Institución de Acolllida (cláusula 6a): "Facilitar a adscrición do/a Investigador/a Oportunius nun Centro ou Unidade de Investigación..." e "...favorecer a mais eficiente integración científica e colaboración coa comunidade investigadora da USC". Sen embargo, na actualidade, os Profesores de Investigación Oportunius non forman parte dos órganos Colexiados e de goberno da USC, o que dificulta a súa integración real na comunidade universitaria.</p> <p>Por outra banda, a USC, en cumprimento da Disposición Transitoria primeira da LOSU, LO 2/2023, ten iniciado o proceso de renovación estatutaria, publicado un borrador de novos estatutos e solicitado achegas da comunidade universitaria.</p> <p>Por todo elo, os abaixo asinantes, Profesores de Investigación Oportunius adscritos á USC, solicitamos a inclusión desta figura no artigo 23 dos novos estatutos da USC (ver abaixo, nova redacción en cor vermella). Consideramos que o Profesor de Investigación Oportunius debe considerarse profesorado permanente como parte do sector I do Claustro Universitario, posibilitando formar parte dos Consellos de Facultade ou Escola, e a participación nos órganos de goberno e xestión.</p>
102	MARIA DEL CARMEN GIMEI	Modificación	artigo 23	23	Solicito, por favor, que se contemple no artigo 23 (Categorías) o profesorado de investigación adscrito baixo convenio con outras entidades.	Existe un colectivo importante nesta situación cunha actividade relevante tanto investigadora como docente nos departamentos adscritos que debería recollese nos estatutos conforme ao labor realizado.
165	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	Artigo 23.2	23	-substituír "persoal docente e investigador funcionario" por "profesorado funcionario" ou "profesorado dos corpos docentes". substituír "persoal docente e investigador laboral" por "profesorado laboral"	Co fin de evitar unha interpretación errónea súxrese utilizar os termos recollidos na LOSU. Así mesmo, o artigo 23 na Sección 1ª. Disposicións xerais do borrador de estatutos especifica que "...o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios, polo profesorado laboral..., tal e como se recolle no artigo 64 da LOSU,
529	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	23.3	23	Non explicitar a porcentaxe 8%	Aínda que figura na LOSU, é mellor facer referencia a norma de rango superior. Un cambio de goberno, e un cambio de rumbo da política europea poidera modificar esta porcentaxe.
746	DIEGO PEÑA GIL	Engadido	23	23	Solicito que os novos estatutos da USC considere como PDI permanente aos profesores de investigación adscritos baixo convenio como son os Profesores de Investigación Oportunius. Para elo, propónse esta nova redacción do artigo 23: O persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios, polo profesorado laboral, polo profesorado de investigación adscrito baixo convenio con outras entidades e polo persoal investigador laboral pertencente ás categorías establecidas na normativa de aplicación ás universidades públicas. Cando posúa o título de doutor terá plena capacidade investigadora.	<p>O Programa Oportunius é unha iniciativa da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e os organismos de investigación de Galicia para atraer e reter investigadores beneficiarios de axudas do European Research Council (ERC), como Profesores de Investigación Oportunius.</p> <p>O convenio de colaboración entre GAIN e a USC para o desenvolvemento do Programa Oportunius (11/05/2021) inclúe, dentro das obrigas da USC como Institución de Acolllida (cláusula 6a): "Facilitar a adscrición do/a Investigador/a Oportunius nun Centro ou Unidade de Investigación..." e "...favorecer a mais eficiente integración científica e colaboración coa comunidade investigadora da USC".</p> <p>Sen embargo, pese á experiencia de 10 anos desde a incorporación do primeiro Oportunius de Galicia á USC, a nosa integración continúa a ter desaxustes que serían facilmente subsanables mediante un recoñecemento estatutario como PDI permanente da universidade. Esta solución, permitiría, así mesmo, a nosa participación nos órganos Colexiados e de goberno da USC, imprescindible para unha integración real na comunidade universitaria</p>

769	Yolanda Prezado Alonso	Engadido	23	23	<p>O Programa Oportunius é unha iniciativa da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e os organismos de investigación de Galicia para atraer e reter investigadores beneficiarios de axudas do European Research Council (ERC), como Profesores de Investigación Oportunius.</p> <p>O convenio de colaboración entre GAIN e a USC para o desenvolvemento do Programa Oportunius (11/05/2021) inclúe, dentro das obrigas da USC como Institución de Acolllida (cláusula 6a): "Facilitar a adscrición do/a Investigador/a Oportunius nun Centro ou Unidade de Investigación..." e "...favorecer a mais eficiente integración científica e colaboración coa comunidade investigadora da USC".</p> <p>Sen embargo, pese á experiencia de 10 anos desde a incorporación do primeiro Oportunius de Galicia á USC, a nosa integración continúa a ter desaxustes que serían facilmente subsanables mediante un recoñecemento estatutario como PDI permanente da universidade. Esta solución, permitiría, así mesmo, a nosa participación nos órganos colexiados e de goberno da USC, imprescindible para unha integración real na comunidade universitaria</p> <p>De feito, a USC, en cumprimento da Disposición Transitoria primeira da LOSU, LO 2/2023, ten iniciado o proceso de renovación estatutaria, publicado un borrador de novos estatutos e solicitado achegas da comunidade universitaria.</p> <p>Por todo elo, os abaixo asinantes, Profesores de Investigación Oportunius adscritos á USC, solicitamos a inclusión desta figura no artigo 23 dos novos estatutos da USC (ver abaixo, nova redacción en cor vermella), e considerarse, a todos os efectos profesorado permanente da USC.</p> <p>Artigo 23 Categorías</p>	Mejor integracion Oportunius
788	MARTA MARIA VARELA REY	Engadido	Artigo 23 Cate	23	<p>O Programa Oportunius é unha iniciativa da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e os organismos de investigación de Galicia para atraer e reter investigadores beneficiarios de axudas do European Research Council (ERC), como Profesores de Investigación Oportunius.</p> <p>O convenio de colaboración entre GAIN e a USC para o desenvolvemento do Programa Oportunius (11/05/2021) inclúe, dentro das obrigas da USC como Institución de Acolllida (cláusula 6a): "Facilitar a adscrición do/a Investigador/a Oportunius nun Centro ou Unidade de Investigación..." e "...favorecer a mais eficiente integración científica e colaboración coa comunidade investigadora da USC".</p> <p>Sen embargo, pese á experiencia de 10 anos desde a incorporación do primeiro Oportunius de Galicia á USC, a nosa integración continúa a ter desaxustes que serían facilmente subsanables mediante un recoñecemento estatutario como PDI permanente da universidade. Esta solución, permitiría, así mesmo, a nosa participación nos órganos colexiados e de goberno da USC, imprescindible para unha integración real na comunidade universitaria</p> <p>De feito, a USC, en cumprimento da Disposición Transitoria primeira da LOSU, LO 2/2023, ten iniciado o proceso de renovación estatutaria, publicado un borrador de novos estatutos e solicitado achegas da comunidade universitaria.</p> <p>Por todo elo, os abaixo asinantes, Profesores de Investigación Oportunius adscritos á USC, solicitamos a inclusión desta figura no artigo 23 dos novos estatutos da USC (ver abaixo, nova redacción en cor vermella), e considerarse, a todos os efectos profesorado permanente da USC.</p> <p>Artigo 23 Categorías</p>	Artigo 23 Categorías O persoal docente e investigador da Universidade de Compostela estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios, polo profesorado laboral, polo profesorado de investigación adscrito baixo convenio con outras entidades e polo persoal investigador laboral pertencente ás categorías establecidas na normativa de aplicación ás universidades públicas. Cando posúa o título de doutor terá plena capacidade investigadora.
791	CARLOS ALBERTO SALGAD	Modificación	23, 31, outros	23	<p>O recoñecemento dos dereitos e deberes que leve a unha adecuada integración dos investigadores de institucións externas adscritos mediante convenio á Universidade de Santiago de Compostela, deben ser recollidos nos Estatutos. Esta é unha figura novidosa pero que cada vez ten maior relevancia na nosa universidade. A solución ideal sería considerar a este persoal como membro do PDI da universidade no artigo 23, engadindo directamente esta figura no listado.. Tamén dentro do artigo 31 de mobilidade, onde propoñemos recoller esta mobilidade de maneira explícita.</p>	O entorno autonómico e internacional de investigación e de educación superior, así como os marcos normativos, especialmente a nivel estatal, teñen mudado radicalmente desde a última reforma estatutaria. Unha mudanza fundamental é a positiva evolución da actividade científica e a correspondente creación de novas estruturas organizativas e de xestión. Neste sentido, o persoal investigador da universidade ten unha diversidade moito maior e se move cara a estruturas mais adecuadas para a practica científica. A captación deste talento require unha aposta nos estatutos para que diferentes figuras que poden contribuir ao éxito científico da nosa universidade teñan unha integración adecuada nas súas estruturas. É o caso, por exemplo, dos investigadores Oportunius, así como outros investigadores adscritos baixo convenio e que fan unha relevante contribución á proxección da universidade.
340	NERY GARCIA PORTA	Engadido	24	24	<p>Engadir: "A efectos de antigüidade o persoal docente investigador organizarse nos seguintes grupos: 1) Catedrático de Universidade; 2) Corpos de profesores Titulares de Universidade, profesores Catedráticos de Escola Universitaria, Profesores Contratados Doutores e Profesores Permanentes Laborais; 3) Profesores Axudantes Doutores, Profesor Visitante, Investigador Distinguido, Persoal contratado a cargo de programas de recursos humanos postdoutorais; 4) Titulares de Escola Universitaria; 5)Profesorado Asociado; 6) Interinos de substitución e contratados predoutorais."</p>	Falta información

362	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 24	24	Aclarar cómo se organiza a antigüidade entre os colectivos que están equiparados. Os profesores pertencentes aos corpos de profesores Titulares de Universidade, profesores Catedráticos de Escola Universitaria e Profesores Contratados Doutores e Profesores Permanentes Laborais están equiparados en función e soldo polo que deben formar parte do mesmo grupo a efectos de antigüidade.	esta clasificación é necesaria
363	JUSTO ARINES PIFERRER	Engadido	Artigo 24	24	A efectos de antigüidade o persoal docente investigador organizarase nos seguintes grupos: 1) Catedrático de Universidade; 2) Corpos de profesores Titulares de Universidade, profesores Catedráticos de Escola Universitaria, Profesores Contratados Doutores e Profesores Permanentes Laborais; 3) Profesores Axudantes Doutores, Profesor Visitante, Investigador Distinguido, Persoal contratado a cargo de programas de recursos humanos postdoutorais; 4) Titulares de Escola Universitaria; 5) Profesorado Asociado; 6) Interinos de substitución e contratados predoutorais.	é necesario agrupar os colectivos en categorías
393	MARIA DEL PILAR BROCOS	Aclaración	24	24	Debe aclararse como se organiza a antigüidade entre os colectivos que están equiparados.	Os profesores pertencentes aos corpos de profesores Titulares de Universidade, profesores Catedráticos de Escola Universitaria e Profesores Contratados Doutores e Profesores Permanentes Laborais están equiparados en función e soldo, polo que formarían parte do mesmo grupo a efectos de antigüidade.
396	MARIA DEL PILAR BROCOS	Engadido	24	24	A efectos de antigüidade o persoal docente investigador organizarase nos seguintes grupos: 1) Catedrático de Universidade; 2) Corpos de profesores Titulares de Universidade, profesores Catedráticos de Escola Universitaria, Profesores Contratados Doutores e Profesores Permanentes Laborais; 3) Profesores Axudantes Doutores, Profesor Visitante, Investigador Distinguido, Persoal contratado a cargo de programas de recursos humanos postdoutorais; 4) Titulares de Escola Universitaria; 5) Profesorado Asociado; 6) Interinos de substitución e contratados predoutorais.	Tal e como está redactado ese artigo, todos os corpos equiparados en función e soldo formarían parte do mesmo grupo a efectos de antigüidade.
224	DANIEL CAO LABORA	Engadido	Artigo 25 d)	25	Engadir tras "perfis lingüísticos dos postos de traballo." o texto "Neste sentido, o Consello de Goberno aprobará un regulamento onde se recollan as circunstancias nas que se deben empregar tales perfís, atendendo especialmente á situación das áreas onde se detecte que a docencia impartida en galego é nula ou escasa."	Motivación: A existencia de perfís lingüísticos está prevista xa nos anteriores estatutos, pero nunca tivo unha aplicación nos concursos de PDI. É unha realidade que existen áreas de coñecemento da USC nas cales a docencia impartida en galego é practicamente residual. A USC debe de tomar unha actitude activa en termos de normalización lingüística na docencia impartida áreas, fomentando o emprego do galego mediante esta ferramenta prevista xa nos anteriores estatutos. Ademais, isto pode empregarse para garantir o dereito conferido ao estudante no artigo 14b) relativo ao coñecemento con anticipación da lingua de impartición da materia.
236	MARIA DO CARME PACIN S.	Aclaración	25	25	Mellorar a redacción do seguinte parágrafo: As necesidades dos programas de estudo, nos seus distintos ciclos, e de investigación, que tendan a unha proporción profesorado/estudantado por grupo que permita o desenvolvemento con crecente calidade da actividade docente, investigadora e de xestión do persoal docente e investigador.	Redacción difícil de entender. Abreviar e facer máis lexible.
510	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	25 d	25	A plena normalización e o respecto dos dereitos lingüísticos, establecendo, de ser o caso, perfís lingüísticos dos postos de traballo. (Proponse mudar "progresiva normalización" por "plena normalización".)	Despois de décadas de suposta normalización do galego, vai sendo hora de que as medidas busquen dunha vez que esa normalización sexa efectiva ("plena") e non unha simple aparencia estética con, moitas veces, aprazamentos continuos e consecuencias nulas ("progresiva").
530	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	25	25	Reubicar	Non parece que este artigo estea ben ubicado
532	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	25.c	25	Eliminar "mantendo a conveniente proporcionalidade na fixación do número de prazas de cada categoría"	A idade media do PDI da USC é moi alta, limitar a promoción en aras á proporcionalidade de prazas en cada categoría e impropiedade e pode xerar máis problemas que beneficios. Non hai máis que lembrar os tempos no que a ratio CU/TU era 1/3
533	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	25.d	25	Explicar o alcance do artigo.	Non teño claro se se refire a esixir a PDI estranxeiro dominio do galego e castelan, que me parece ben; ou se vai na liña de esixir o coñecemento de linguas distintas do galego é o castelan, que me parece ben no caso de PDI que se integre en áreas de Filoloxías
781	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Engadido	25d	25	Proponse mudar progresiva normalización por plena normalización	Despois de décadas de suposta normalización do galego, vai sendo hora de que as medidas busquen dunha vez que esa normalización sexa efectiva ("plena") e non unha simple aparencia estética con, moitas veces, aprazamentos continuos e consecuencias nulas ("progresiva").
166	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	Artigo 26.1	26	substituír "O persoal docente e investigador será..." por "o profesorado funcionario (ou dos corpos docentes) e o profesorado laboral será ..."	Co fin de evitar unha interpretación errónea súxírese utilizar os termos recollidos na LOSU
534	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	26.1	26	Saber como se vai designar ao profesorado visitante, distinguido ou emérito, no caso de que haxa varias solicitudes e fondos insuficientes	Con frecuencia hai máis solicitudes que prazas financiáveis
535	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	26.2	26	Substituír por algo semellante a: A tipoloxía das probas de selección (ou dos concursos) será regulada por Consello de Goberno	Da lectura do texto, parece desprenderse que tan so se trata dun concurso de méritos, sen que se poidan incorporar outras probas como exposición dun proxecto/guia docente, exposición do historial profesional ou exposición dun proxecto investigador.
536	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	26	26	supresión de todo o artigo	Se non queda claro e aberto o deseño dos concursos, propoño eliminar o artigo

674	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	26.3 b	26	b)Designar o profesorado que integrará a comisión que resolverá o concurso.  (Propoñe "o profesorado" en lugar de "ao profesorado.")	No galego, alén dunhas poucas excepcións, non se debe empregar a preposición "a" diante do obxecto directo. O seu emprego é outro castelanismos máis. Habería que revisar tódolos casos similares no borrador.  Neste propio borrador dos Estatutos aparecen outros moitos castelanismos inadmisíbeis (*servicios, *cese, que aparece máis de 20 veces, *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación de documentos, *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no texto das bases empregadas para a elaboración do borrador, "orde *sistemático", entre outros). En todo o caso, estes erros, nunha cantidade inxente, seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, en moitos lugares da Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria (por exemplo, alén das xa mencionadas, "**plantilla", "**dirección", "**convalidación", "**listado", "**dietas" etc. etc.). Polo tanto, é importante que os Estatutos non ignoren este escenario e colaboren no impulso doutro en que a Universidade sexa sempre un exemplo de calidade lingüística para as demais institucións públicas e privadas e para a cidadanía en xeral.
79	alberto neira ferreiro	Modificación	27	27	A composición das comisións de selección axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, garantindo unha composición equilibrada en termos de xénero, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
342	NERY GARCIA PORTA	Aclaración	28	28	clarificar cales son as áreas de coñecemento. Falamos das recoñecidas a nivel nacional? En todo caso, creo que se debería cambiar "áreas de coñecemento" por "departamentos"	Desacordo co texto proposto
365	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 28	28	Cales son as áreas de coñecemento?	é necesario alcaralo
367	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 28	28	Sustituir "áreas de coñecemento" por "departamentos"	as áreas son un minifundio cun señor feudal mentres que os departamentos son cooperativas onde os abusos de poder están menos presentes.
479	CARLOS MONTERO ORILLE	Aclaración	28	28	Ao longo do texto, non se definen de forma precisa as áreas de coñecemento e, sen embargo, estas parecen destinadas a substituír aos departamentos.	De acordo co borrador, as áreas de coñecemento parecen destinadas a substituír aos departamentos. Polo tanto, habería que definir de forma precisa e garantista estas estruturas.
482	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	28	28	Substituír "áreas de coñecemento" por "departamentos".	Que disfunción están a provocar os departamentos no funcionamento da Universidade de Santiago para eliminalos da súa estrutura? Ao non haber na proposta do equipo reitoral unha exposición de motivos é difícil saber por que este se decanta por suprimir estes órganos. Os departamentos non só non deben desaparecer senón que deben ser potenciados como estrutura con competencias nas dúas actividades fundamentais da universidade: docencia e investigación. A maioría das universidades non adoitan separar estas dúas actividades, conscientes dos beneficios que aporta a súa organización conxunta. A supresión dos departamentos suporía que estas actividades quedarían separadas organizativamente: da primeira encargárianse as Facultades e da segunda os Institutos de investigación. Institutos que, por certo, non acollen nestes momentos a todo o persoal investigador desta universidade. Por outro lado, os departamentos constitúen unha estrutura organizativa onde concorre persoal de diferentes ámbitos que aporta unha visión máis ampla e imparcial dos distintos aspectos da actividade académica e que permite abordar mellor os problemas que xorden na organización da docencia e da investigación. En contraposición, as áreas de coñecemento adoitan ser grupos máis pequenos e pechados cunha visión máis particular, parcial, e reducida sobre estes aspectos. Ademais, os consellos de departamento, como órganos colexiados, exercen de contrapeso ás xuntas de facultade. De eliminar os primeiros, a maioría dos asuntos da vida académica cotiá quedarían baixo a única responsabilidade dos segundos, o que aumentaría probablemente a conflitividade e a translación da resolución dos problemas a órganos superiores.
537	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	28	28	Reubicar os puntos 1 e 2	Os puntos 1 e 2 non proceden nesta sección. O punto 3 sí
80	alberto neira ferreiro	Modificación	29	29	1. O persoal docente e investigador terá dereito a desfrutar dos permisos e licenzas que, con carácter xeral, establece a lexislación sobre función pública aplicable aos corpos docentes universitarios así como a lexislación de aplicación ao persoal laboral, os presentes Estatutos e as normas aprobadas pola Universidade de Santiago en virtude da súa autonomía, nas cales se procurará favorecer a conciliación da vida laboral e persoal.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
167	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	Artigo 29.3	29	substituír "O persoal docente e investigador..." por "o profesorado funcionario (ou dos corpos docentes) e o profesorado laboral ..."	Co fin de evitar unha interpretación errónea suxírese utilizar os termos recollidos na LOSU
468	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	29	29	Débesemuda-lo castelanismos "licencias" polo galego "licenzas".	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "**plantilla", "**dirección", "**convalidación", "**dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuír a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.

191	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	31	31	Debera incluírse explicitamente a mobilidade entre os dous campus da Universidade, como caso particular do dereito á mobilidade.	Supoño que os redactores da lexislación universitaria non conciben que poida haber máis dun campus nunha universidade, e que poda ser que un profesor quera cambiar de campus. Este é un tema de gran calado e interese en nosa Universidade e, como tal, debera estar recollido nos Estatutos.
193	MANUEL ABOAL SOMOZA	Engadido	32	32	Debera incluírse explicitamente un prazo para o establecemento dun novo regulamento do pdi.	Non é de recibo que na nosa Universidade o vixente regulamento de profesorado sexa do ano 1987 (aínda que non sexa fácil de atopar na web da Universidade), cando só había unha universidade en Galicia (!!!). A maiores, non resisto a comentar cómo me sorprende a presa coa que o goberno desta Universidade implementa as máis variopintas e demagóxicas directivas e o limbo no que se atopan outros asuntos ...
543	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	32	32	Aclarar "no que se conterà disciplina da actividade do profesorado"	Non acabo de visualizar todo o que se vai regular en docencia, investigación, transferencia e xestión.
240	MARIA DO CARME PACIN S.	Engadido	33.3	33	Incluír: As prácticas integradas entre varias materias contarán como horas docentes do PDI.	As prácticas integradas entre varias asignaturas permiten a integración dos contidos e favorecen a visión holística da formación. Porén, as horas docentes de todo o profesorado que imparte ditas prácticas deben estar reconocidas.
344	NERY GARCIA PORTA	Modificación	33	33	Sustituir "área de coñecemento" por "departamento"	Desacordo co texto proposto
368	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 33	33	Sustituir "área de coñecemento" por "departamento"	non podemos prescindir dos departamentos como elemento de xestión
483	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	33	33	Substituír "área de coñecemento" por "departamento".	Que disfunción están a provocar os departamentos no funcionamento da Universidade de Santiago para eliminalos da súa estrutura? Ao non haber na proposta do equipo reitoral unha exposición de motivos é difícil saber por que este se decanta por suprimir estes órganos. Os departamentos non só non deben desaparecer senón que deben ser potenciados como estrutura con competencias nas dúas actividades fundamentais da universidade: docencia e investigación. A maioría das universidades non adoitan separar estas dúas actividades, conscientes dos beneficios que aporta a súa organización conxunta. A supresión dos departamentos suporía que estas actividades quedarían separadas organizativamente: da primeira encargaríanse as Facultades e da segunda os Institutos de investigación. Institutos que, por certo, non acollen nestes momentos a todo o persoal investigador desta universidade. Por outro lado, os departamentos constitúen unha estrutura organizativa onde concorre persoal de diferentes ámbitos que aporta unha visión máis ampla e imparcial dos distintos aspectos da actividade académica e que permite abordar mellor os problemas que xorden na organización da docencia e da investigación. En contraposición, as áreas de coñecemento adoitan ser grupos máis pequenos e pechados cunha visión máis particular, parcial, e reducida sobre estes aspectos. Ademais, os consellos de departamento, como órganos colexiados, exercen de contrapeso ás xuntas de facultade. De eliminar os primeiros, a maioría dos asuntos da vida académica cotiá quedarían baixo a única responsabilidade dos segundos, o que aumentaría probablemente a conflictividade e a translación da resolución dos problemas a órganos superiores.
545	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	33.3	33	Non explicitar números e facer referencia a lei de rango superior que o regula.	Os valores, que figuran na LOSU, poden ser modificados tras un cambio de goberno central.
731	carlos arjona díaz	Engadido	33	33	Ter representación na súa organización sectorial estatal.	Existen centros nesta Universidade nos que, por distintas coxunturas a nivel de centro, tanto económicas como doutras indóles, non se permite aos estudantes inscribirse a ningún representante na súa sectorial ou, alternativamente, se lles dá que se o fixeran deberían abonar a inscrición ás asembleas do seu peto.  Engadir isto como dereito garantiría que se busque unha solución a algún nivel, e evitaría que os representantes deses centros sexan só persoas con maiores medios económicos ou que, polas condicións económicas persoais dos seus representantes, ese centro quede sen representar.
764	carlos arjona díaz	Engadido	33	33	Constituír un órgano de representación estudantil a nivel de centro.	Na maioría dos centros da nosa Universidade, os Regulamentos de Réxime Interno non contemplan a creación dun órgano de representación estudantil a nivel de centro, o que obriga aos representantes formar grupos de maneira informal ou a crear asociacións baseadas no feito de ser representantes de estudantes do mesmo centro.  Se ben ese modelo pode funcionar de maneira correcta nalgúns centros, existen outros nos que a alternativa é ou unha "delegación" informal, sen garantías; ou unha participación morta, ou a ausencia de diálogo entre representantes de distintos grupos.  A creación dun órgano formal, algo moi común na maioría das outras universidades do estado, debería ser unha ferramenta dispoñible para todos aqueles centros nos que o estudantado así o desexase.
455	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	34.3(c) e 37.3( 34		Trocar "un ou unha representante designado/a" por "unha persoa (representante) designada".	Economía lingüística e linguaxe inclusiva.
169	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	Sección 3ª (titi 35		substituír o título "Do persoal docente e investigador laboral" por "Do profesorado laboral	Co fin de evitar unha interpretación errónea súxírese utilizar os termos recollidos na LOSU
170	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	Artigo 35.1	35	substituír "...categorías de persoal docente e investigador laboral" por "...categorías de profesorado laboral	Co fin de evitar unha interpretación errónea súxírese utilizar os termos recollidos na LOSU
369	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 35 apar 35		eliminar "e nouse caso, contratar" x	a LOSU so contempla o nomeamento do profesorado emérito, non a súa contratación
551	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	35.3	35	Indicar como se van a seleccionar. Que tipo de contrato va a ser.	Unha libre designación podería aceptala nun contrato temporal cunha finalidade moi concreta. Se o contrato é indefinido é convinte un procedemento xusto e transparente e aberto (independentemente de que se poida perfilar o posto)
756	DIEGO PEÑA GIL	Modificación	35.3	35	Solicítase que os novos estatutos da USC consideren como PDI permanente aos profesores de investigación adscritos baixo convenio como son os Profesores de Investigación Oportunius. Para elo, propónse unha nova redacción do artigo 35.3: A Universidade de Santiago de Compostela poderá, de acordo cos criterios que regulamentariamente estableza o Consello de Goberno e os convenios con outras entidades, contratar ou adscribir, como profesorado distinguido, a docentes e investigadores, tanto españois como estranxeiros cuxa excelencia e contribución científica, tecnolóxica, humanística ou artística, sexan significativas e recoñecidas internacionalmente.	O Programa Oportunius é unha iniciativa da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e os organismos de investigación de Galicia para atraer e reter investigadores beneficiarios de axudas do European Research Council (ERC), como Profesores de Investigación Oportunius. O convenio de colaboración entre GAIN e a USC para o desenvolvemento do Programa Oportunius (11/05/2021) inclúe, dentro das obrigas da USC como Institución de Acolllida (cláusula 6a): "Facilitar a adscrición do/a Investigador/a Oportunius nun Centro ou Unidade de Investigación..." e "...favorecer a mais eficiente integración científica e colaboración coa comunidade investigadora da USC". Sen embargo, pese á experiencia de 10 anos desde a incorporación do primeiro Oportunius de Galicia á USC, a nosa integración continúa a ter desaxustes que serían facilmente subsanables mediante un recoñecemento estatutario como PDI permanente da universidade. Esta solución, permitiría, así mesmo, a nosa participación nos órganos colexiados e de goberno da USC, imprescindible para unha integración real na comunidade universitaria
371	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 36, apaí 36		Sustituir "área de coñecemento" por "departamento"	non podemos prescindir dos departamentos como órganos de xestión

372	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 36, apa; 36		sustituir "os contratos do profesorado emérito" por "os nomeamentos do profesorado emérito".	a LOSU o profesorado emérito pode ser nomeado pero non contratado.
485	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	36, apartado 1 36		Substituír "área de coñecemento" por "departamento".	Que disfunción están a provocar os departamentos no funcionamento da Universidade de Santiago para eliminalos da súa estrutura? Ao non haber na proposta do equipo reitoral unha exposición de motivos é difícil saber por que este se decanta por suprimir estes órganos. Os departamentos non só non deben desaparecer senón que deben ser potenciados como estrutura con competencias nas dúas actividades fundamentais da universidade: docencia e investigación. A maioría das universidades non adoitan separar estas dúas actividades, conscientes dos beneficios que aporta a súa organización conxunta. A supresión dos departamentos suporía que estas actividades quedarían separadas organizativamente: da primeira encargaríanse as Facultades e da segunda os Institutos de investigación. Institutos que, por certo, non acollen nestes momentos a todo o persoal investigador desta universidade. Por outro lado, os departamentos constitúen unha estrutura organizativa onde concorre persoal de diferentes ámbitos que aporta unha visión máis ampla e imparcial dos distintos aspectos da actividade académica e que permite abordar mellor os problemas que xorden na organización da docencia e da investigación. En contraposición, as áreas de coñecemento adoitan ser grupos máis pequenos e pechados cunha visión máis particular, parcial, e reducida sobre estes aspectos. Ademais, os consellos de departamento, como órganos colixados, exercen de contrapeso ás xuntas de facultade. De eliminar os primeiros, a maioría dos asuntos da vida académica cotiá quedarían baixo a única responsabilidade dos segundos, o que aumentaría probablemente a conflitividade e a translación da resolución dos problemas a órganos superiores.
555	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	37	37	Por que a Comisión de Reclamacións non pode resolver os recursos das prazas de PDI laboral?	Non me pareceu ver na LOSU que se sexa a creación desta Comisión
556	CARLOS PÉREZ VARELA	Modificación	37.3	37	c) Unha persoa titular e unha persoa suplente designadas polos órganos de representación do persoal docente e investigador laboral dos campus de Lugo e Santiago, con voz pero sen voto.	Ampliar a participación do campus de Lugo, e asegurar a presenza da representación sindical.
172	FERNANDO JOSE SEDANO	Modificación	Sección 4ª (Tit 38		Suxírese modificar a Sección 4ª. Do persoal investigador co seguinte articulado: Sección 4ª. Do persoal investigador  Artigo 38. Persoal investigador contratado 1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá contratar persoal investigador nas modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a e contrato de actividades científico-técnicas, ou en calquera outra modalidade contractual prevista na lexislación aplicable ás universidades públicas. 2. O proceso de selección do persoal investigador contratado pola Universidade de Santiago de Compostela realizarase conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade co obxecto de garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva. 3. O persoal investigador contratado deberá estar integrado nalgunha das estruturas de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. 4. O persoal investigador contratado poderá asumir tarefas docentes de acordo co que dispoña a normativa vixente da Universidade de Santiago e Compostela e a lexislación que lle sexa de aplicación.  Artigo 39. Outro persoal investigador 1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá contar con persoal investigador adscrito que, mantendo a vinculación xurídica coa súa entidade de orixe, adscriba toda ou parte da súa actividade investigadora a unha estrutura de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. 2. A adscrición deste persoal investigador realizarase mediante a subscrición do correspondente convenio entre a entidade xurídica empregadora do mesmo e a Universidade de Santiago de Compostela, que deberá ser aprobado polo Consello de Goberno. No convenio de adscrición se recollerán entre outros os seus dereitos e deberes que serán compatibles cos	O artigo 23 na Sección 1ª. Disposicións xerais do borrador de estatutos especifica que "...o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios, polo profesorado laboral..., o que está de acordo co artigo 64 da LOSU, mais engade "...e polo persoal investigador laboral pertencente ás categorías establecidas na normativa de aplicación ás universidades públicas, tal e como se deduce do indicado no artigo 77 da LOSU.  Enténdese polo tanto que haxa unha sección específica relacionada con persoal investigador, entendido como se define no artigo 13.1 da Lei 14/2011 (Lei da Ciencia). Porén, ten sentido facer algunha mención a como debe ser o seu proceso de selección, onde vai integrarse e se ten opcións de desenvolver algunha tarefa docente. Así mesmo, nos últimos anos a USC está incorporando nas súas estruturas e investigación a Persoal Investigador externo que, mantendo a súa vinculación coa entidade de orixe, adscribe a súa actividade investigadora a unha estrutura de investigación da USC. Polo tanto, ten sentido facer mención a esta figura e a obriga (como se recolle no artigo 17 da Lei 14/2011) de regular a mesma mediante un convenio de adscrición, no que se recollan os seus deberes e dereitos dentro da universidade.
557	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	38	38	Engadir o persoal investigador en formación	Pódese identificar como contratado predoutoral ao persoal investigador en formación?
558	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	38	38	Engadir dereitos e deberes específicos	Non figuran no documento
281	ELISEO PEREZ TRIGO	Engadido	39.2	39	O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos estará constituído polo persoal funcionario das escalas propias, das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas, POLO PERSOAL INVESTIGADOR E TÉCNICO DE APOIO EN ACTIVIDADES DE I+D+i e polo persoal laboral que presten os seus servizos na Universidade de Santiago de Compostela.	O persoal investigador e técnico de apoio ten que estar encadrado no sector de PTXAS tal como sucede nas eleccións sindicais e rectorais. Por outra banda é un persoal que non está recollido explicitamente en todo o articulado proposto. Non hai que esquecer que é un colectivo de varios centos de persoas.
321	JESUS JUAN LAMAS ALVARI	Supresión	39	39	Supresión da referencia a que este persoal será retribuído con cargo ao Orzamento da USC.	Neste artigo, referido ao PTXAS, faise referencia a que será retribuído con cargo ao Orzamento da USC. Esta referencia non se fai noutros colectivos. Propónse igualar para todos os colectivos de persoal da USC.
334	JUAN OREIRO FORMOSO	Modificación	39.1	39	realizando as funcións que lle atribúen a Lei Orgánica de Universidades, a lexislación autonómica que a desenvolve, os Estatutos e as normas de desenvolvemento regulamentario destes	Manter a actual redacción, e manter as funcións que lle corresponden o PTXAS, sen que se poda encargar as súas funcións a outro tipo de persoal.
563	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	39	39	Incluír neste capítulo a elaboración dun Regulamento de PTXAS, analogo ao de PDI	Non figura no documento
282	ELISEO PEREZ TRIGO	Supresión	40	40	Eliminación do artigo 40	Non ten moito sentido pola emenda que se fai creando unha sección 2 dentro deste capítulo onde se clarifica ao persoal investigador e técnico de apoio a I+D+i.

690	MARIA DOLORES PEREZ ME	Aclaración	40 (e/ou outrc 40		Nin no Art. 40 nin en ningún outro artigo do Capítulo IV está incluído o persoal técnico de apoio á investigación. Propónse incluído explicitamente, ou de xeito xenérico baixo a o termo "persoal de apoio á investigación" (que incluíría implícitamente todas as categorías contempladas no acordo sobre a clasificación profesional do persoal de apoio á investigación da USC, ou normativas que se poidan aprobar no futuro). En relación con este tema, tampouco figura nin no Capítulo III nin no Capítulo IV do título II, as figuras de investigador non incluídas na actual redacción do Artigo 23, nin a posibilidade de adscripción parcial de persoal investigador que si contemplan outras universidades.	Non poden quedar fora dos estatutos tipoloxías de persoal que son fundamentais para o desenvolvemento da función investigadora da universidade. A redacción debe ser tal que non só inclúa, explícita ou implícitamente, as figuras/tipoloxías actuais, se non que de cabida a outras (propias ou adscritas) que no futuro poidan xurdir, sempre ao amparo da lexislación de rango superior. Esta achega, e outras as que dou traslado a través de formulario, reflicte a opinión conxunta e consensuada polos Directores dos Centros Singulares de Investigación da USC:
283	ELISEO PEREZ TRIGO	Engadido	41	41	Sección I Disposicións xerais.	Propónse crear dúas seccións: Sección I: que abrangue do artigo 41 ao 48, e faría referencia as cuestións relativas ao PTXAS. Sección II: que iría do artigo 49 ao 57 que sería relativo ao persoal investigador e técnico de apoio en actividades e programas de I+D+i, facendo avanzar correlativamente os outros artigos.
657	VICENTE PEREZ MUÑUZURI	Engadido	Artigo 41	41	O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos doutor poderá serlle recoñecida a súa participación en actividades de investigación e transferencia de acordo coa normativa que aprrobe o Consello de Goberno, e aos efectos de promoción, e provisión de postos de traballo.	O PAS debería poder participar en proxectos de investigación de igual maneira que pode participar nunha patente por exemplo e serlle recoñecido este feito.
678	MARÍA DOLORES CHEDAS	Engadido	Artigo 41	41	Engadir un novo apartado co seguinte texto:  Poderán integrarse nas escalas propias de persoal funcionario de administración e servizos o persoal laboral pertencente aos grupos profesionais de titulación equivalente, logo da superación dos procesos selectivos que se establezan para o efecto, e tras o acordo cos órganos de representación do persoal.	Este texto é a disposición adicional quinta dos anteriores estatutos que pensamos que introduce un procedemento garantista e democrático ante a posibilidade que puidera xurdir de propostas de funcionarización do PTXAS laboral
81	alberto neira ferreiro	Aclaración	42.1	42	1.O Consello de Goberno, por proposta da Xerencia, que terá en conta as necesidades da docencia, da investigación e dos servizos da Universidade, despois da negociación cos órganos de representación do persoal, aprobará co informe do Consello Social a relación de postos de traballo do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos e informará dela ao Claustro.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
336	JUAN OREIRO FORMOSO	Engadido	42.1 bis	42	A relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos establecerase e publicarase anualmente e deberá indicar como mínimo: a) A denominación dos postos e o seu réxime de prestación do servizo. b) O centro, departamento ou servizo ao que está adscrito e a súa dependencia funcional. c) A forma de provisión. d) Os requisitos xerais de pertenza a un grupo ou grupos de titulación determinados, o nivel de complemento de destino e as de mais retribucións complementarias, no caso de postos de traballo adscritos a persoal funcionario. e) O grupo, a categoría profesional e as retribucións complementarias, cando se trate de postos de traballo adscritos a persoal laboral. f) De ser o caso, os requisitos específicos para o desempeño do posto de traballo, como a pertenza a grupos ou escalas determinados, a posesión de titulacións específicas ou o coñecemento experto de linguas, así como aqueles que se estimen necesarios para a correcta definición do posto de traballo	Tal e como figura nos actuais estatutos. Para asegurar a súa publicación periódica (anual) e os datos que debe conter
373	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 42	42	eliminar "por proposta da Xerencia"	debe ser o claustro ou o reitor
559	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	43	43	Introducir a posibilidade de existir perfil lingüístico	Así como no artigo correspondente na sección adicada ao PDI se contempla esta posibilidade, neste non. Para determinados postos é importante o dominio de linguas estranxeiras. É importante que os traballadores se desenvolvan en galego e castelán, algo que se cumpre sen dúbida (non como no caso dalgún PDI)
753	MARÍA DOLORES CHEDAS	Engadido	Artigo 43	43	No artigo 43 sistemas de selección engadir un novo apartado co seguinte texto:  Os procedementos de selección deberán asegurar a conexión entre os requisitos e as probas que se han superar e a adecuación ás necesidades que deban ser cubertas.	Tríñatase dunha redacción que xa aparece nos actuais de suficiente importancia como para que siga estando recollida
337	JUAN OREIRO FORMOSO	Engadido	44.2 bis	44	A relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos establecerase e publicarase anualmente e deberá indicar como mínimo: a) A denominación dos postos e o seu réxime de prestación do servizo. b) O centro, departamento ou servizo ao que está adscrito e a súa dependencia funcional. c) A forma de provisión. d) Os requisitos xerais de pertenza a un grupo ou grupos de titulación determinados, o nivel de complemento de destino e as de mais retribucións complementarias, no caso de postos de traballo adscritos a persoal funcionario. e) O grupo, a categoría profesional e as retribucións complementarias, cando se trate de postos de traballo adscritos a persoal laboral. f) De ser o caso, os requisitos específicos para o desempeño do posto de traballo, como a pertenza a grupos ou escalas determinados, a posesión de titulacións específicas ou o coñecemento experto de linguas, así como aqueles que se estimen necesarios para a correcta definición do posto de traballo	Tal e como figura nos actuais estatutos. Para asegurar a súa publicación periódica (anual) e os datos que debe conter
82	alberto neira ferreiro	Aclaración	45.2	45	2.O procedemento de designación dos membros da comisión de selección garantirá a súa imparcialidade e profesionalidade. Deberá asegurarse unha composición equilibrada en termos de xénero.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado

374	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 45, apa	45	sustituir "normativa aprobada polo consello de goberno" por "normativa aprobada polo claustro"	debe ser o claustro
375	JUSTO ARINES PIFERRER	Engadido	Artigo 45, apa	45	"O procedemento de designación dos membros da comisión de selección será aprobado polo claustro"	debe ser aprobada polo claustro
486	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	45, apartado 1	45	Substituír "normativa aprobada polo Consello de Goberno" por "normativa aprobada polo Consello de Goberno e o Claustro".	O Claustro, como órgano máis representativo da comunidade universitaria, tamén debería intervir no desenvolvemento deste aspecto dos estatutos.
487	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	45, apartado 2	45	Cambiar "O procedemento de designación dos membros da comisión de selección garantirá a súa imparcialidade e profesionalidade." por "O procedemento de designación dos membros da comisión de selección será aprobado polo Claustro e garantirá a imparcialidade e profesionalidade destes membros".	Este procedemento debería ser estable no tempo polo que o Claustro, como órgano máis representativo da comunidade universitaria, semella o órgano máis axeitado para facelo.
561	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	45.2	45	Eliminar a primeira frase	Por outra parte esixir imparcialidade e profesionalidade é algo que se presupón aínda que non estea en Estatutos. Non me parece procedente que figure
377	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 47	47	eliminar "a proposta da Xerencia"	debe ser o reitor ou o claustro
685	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 47 bis	47	Engadir un novo artigo no Capítulo IV, do Título I, Do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos co texto:  O persoal técnico de xestión, administración e servizos terá dereito a desfrutar dos permisos e licenzas que, con carácter xeral, establece a lexislación sobre función pública que lle é de aplicación, o convenio colectivo do persoal laboral e o acordo da xunta de persoal funcionario, os presentes Estatutos e as normas aprobadas pola Universidade de Santiago en virtude da súa autonomía, nas cales se procurará favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.	Introducir nos estatutos o dereito á conciliación da vida laboral e familiar, en consonancia co recollido para os outros dous colectivos de persoal docente e estudantado
793	BEATRIZ ISABEL VAZQUEZ B	Modificación	Artigo 47	47	2. Considérase necesaria a existencia de departamentos, aínda que se deben incorporar cambios que permitan fortalecelos para desenvolver todas as funcións que lles son propias dun xeito máis eficiente. 3. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a composición do seu consello garante que todos os estamentos, ademais do PDI, estean representados. O modelo de áreas proposto no documento de traballo non garante a representación do estudantado e do PAS na toma de decisións na área. 4. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, na súa condición de órgano colexiado cunha director/a que exerce a xestión ordinaria e executa os acordos así coma unha secretario/a que levanta acta e da fe dos actos, constitúe un modelo eficaz e xuridicamente seguro para a adopción de acordos e toma de decisións. O modelo de áreas proposto no documento xera incerteza en canto á validez legal dos acordos acadados na área. 5. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, salvo casos excepcionais, as decisións das áreas dentro dos departamentos son respectadas. Ademais, o consello de departamento, coa súa dirección á fronte, é habitualmente valedor dos intereses de todas as áreas, mesmo das máis pequenas, e represéntaas por igual ante as vicerreitorías. Cabe destacar que unhas 20 das actuais 148 áreas da USC teñen menos de tres docentes, en termos de PDI equivalente. O modelo de áreas proposto no documento de traballo comporta o risco de que os intereses e necesidades das áreas, especialmente das máis pequenas, queden diluídos e mesmo silenciados na xunta de facultade (consello de facultade, segundo a nova denominación da LOSU). 6. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque son interlocutores directos para temas de organización docente e prazas de profesorado ante as vicerreitorías. O modelo de áreas proposto no documento engade un elemento intermedio, o consello de facultade, que contribuirá a burocratizar e atrasar os procedementos. Ademais, o modelo de áreas contempla que a proposta de creación de prazas por parte da área debe ser ratificada polo	11. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a USC poderá, de acordo coa normativa vixente, crear, suprimir, modificar e decidir libremente o nome dos departamentos. No modelo de áreas proposto no documento de traballo, encadéase o número e denominación das áreas ao "Catálogo Nacional de Áreas de Coñecemento". Xera incerteza encadear un proxecto de estatutos con vocación de permanencia a un Catálogo Nacional cuxa existencia non está garantida, habida conta da intención do Ministerio de substituír o termo "área" por outro como "ámbito" ou "especialidade".

771	MARIA DEL CARMEN DIAZ	Modificación	28, 68, 69, 70, 68	<p>Enténdese que as áreas de coñecemento desta proposta de estatutos supón a eliminación dos departamentos, ata de agora a estrutura xuridicamente estable, fundamental para a organización e xestión universitaria, para posibilitar a participación e a representación de todos os estamentos (profesorado, estudiantado e PAS) na toma de decisións.</p> <p>Ademais, o modelo de áreas introduce incerteza ao non contar cunha figura de dirección nin documentación formal de acordos, elementos clave para unha toma de decisións eficaz e legal. Polo tanto, considérase necesaria a continuidade dunha estrutura como a dos departamentos que garante a posibilidade de participación e representatividade do personal da USC e a claridade legal das decisións que se tomen.</p> <p>Finalmente, no caso do Departamento de Ciencias Morfolóxicas, a dirección coordina o Servizo de Doazóns de Corpos, unha tarefa que require formación específica e non debería recaer na dirección dun Centro ou Facultade.</p>	<p>Considérase imprescindible unha estrutura xuridicamente estable, para contar con documentación formal e legal dos acordos, e decisión sobre a organización e xestión universitaria.</p> <p>Tal como se expón nestes estatutos supón un retroceso na posibilidade de participación e representatividade de todos os estamentos nas decisións que que teñen consecuencias na comunidade universitaria.</p>
773	Patricia CUPEIRO LOPEZ	Modificación	Artigos 68-74 68	<p>Solicítase a permanencia dos departamentos como estrutura organizativa da universidade, fronte á substitución por "áreas de coñecemento" (artigos 69-73)</p>	<p>Nos antigos estatutos o Capítulo II adicabase aos departamentos agora desaparecidos. A proposta supón a desaparición dos mesmos, unha parte fundamental da estrutura da universidade, fronte a unhas "áreas de coñecemento" que non evidencian melloras operativas nas funcións desenvolvidas por aqueles. A diferenza dos departamentos actuais, as "áreas" desta proposta estatutaria: non son órganos colexiados, non teñen capacidade de decisión no deseño e planificación dos estudos de grao e máster (que se delega nas facultades -art. 74.1-), non contan con representantes de PAS/estudiantado, non teñen representantes no Consello de Goberno, e só se adscriben a un centro (art. 73). Ademais, empregar a denominación de "áreas de coñecemento" como parte das "estruturas" da universidade pode xerar inseguridade xurídica porque non resposta a idea de "estrutura" da LOSU, así coma traer confusión nun momento en que a súa existencia é cuestionada pola aparición da noción de "ámbitos" na LOSU e no que estamos pendentes da aprobación por parte do Ministerio dun decreto de "ámbitos" non publicado aínda. Non se aprecia unha proposta clara e definida de substitución ou alternativa real ás funcións actuais dos departamentos.</p>

789	MARTIN PEREIRA FARIÑA	Modificación	Artigo 68	68	Acordo do departamento de Filosofía e Antropoloxía	<p>Sr. Reitor,</p> <p>O Consello de Departamento de Filosofía e Antropoloxía da USC, na súa sesión do día 15 de novembro de 2024 na Facultade de Filosofía acordou apoiar por 17 votos as propostas remitidas a reitoría pola Conferencia de Directoras e Directores de Departamento da USC sobre o documento de traballo "Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela á Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU)". Nesas propostas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Agradécese ao equipo redactor deste documento de traballo o seu esforzo e ao equipo reitoral telo posto á disposición de toda a comunidade universitaria nun exercicio de transparencia e receptividade.</li> <li>2. Considérase necesaria a existencia de departamentos, aínda que se deben incorporar cambios que permitan fortalecelos para desenvolver todas as funcións que lles son propias dun xeito máis eficiente.</li> <li>3. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a composición do seu consello garante que todos os estamentos, ademais do PDI, estean representados. O modelo de áreas proposto no documento de traballo non garante a representación do estudiantado e do PAS na toma de decisións na área.</li> <li>4. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, na súa condición de órgano colexiado cunha director/a que exerce a xestión ordinaria e executa os acordos así como unha secretario/a que levanta acta e da fe dos actos, constitúe un modelo eficaz e xuridicamente seguro para a adopción de acordos e toma de decisións. O modelo de áreas proposto no documento xera incerteza en canto á validez legal dos acordos acadados na área.</li> <li>5. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, salvo casos excepcionais, as decisións das áreas dentro dos departamentos son respectadas. Ademais, o consello de departamento, coa súa dirección á fronte, é habitualmente valedor dos intereses de todas as áreas, mesmo das máis pequenas, e represéntas por igual ante as vicerreitorías. Cabe destacar que unhas 20 das actuais 148 áreas da USC teñen menos de tres docentes, en termos de PDI equivalente. O modelo de áreas proposto no documento de traballo comporta o risco de que os intereses e necesidades das áreas, especialmente das máis pequenas, queden diluídos e mesmo silenciados na xunta de facultade (consello de facultade, segundo a nova denominación da LOSU).</li> <li>6. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque son interlocutores directos para temas de organización docente e prazas de profesorado ante as vicerreitorías. O modelo de áreas proposto no documento engade un elemento intermedio, o consello de facultade, que contribuír a burocratizar e atrasar os procedementos. Ademais, o modelo de áreas contempla que a proposta de creación de prazas por parte da área debe ser ratificada polo consello de facultade, podendo darse unha situación de bloqueo de modo que unha proposta da área nunca chegue ao vicerreitorado.</li> </ol>
790	MARTIN PEREIRA FARIÑA	Modificación	Artigo 68	68	Manter os departamentos como estrutura universitaria. Acordo do departamento de Filosofía e Antropoloxía	<ol style="list-style-type: none"> <li>9. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque todo o PDI das áreas está representado no consello de goberno da USC a través das direccións de departamento. No modelo de áreas proposto no documento de traballo desaparece esta representación no consello de goberno.</li> <li>10. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a composición do consello e o modo de elixir os órganos de goberno está detallado. O modelo de áreas proposto no documento xera incerteza porque o coordinador será "proposto" en lugar de "elixido" e non se explica como se realizará esta "proposta" por parte da área (membros da área con dereito a voto, voto ponderado de funcionarios fronte a PDI non permanente, etc.).</li> <li>11. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a USC poderá, de acordo coa normativa vixente, crear, suprimir, modificar e decidir libremente o nome dos departamentos. No modelo de áreas proposto no documento de traballo, encadéase o número e denominación das áreas ao "Catálogo Nacional de Áreas de Coñecemento". Xera incerteza encadear un proxecto de estatutos con vocación de permanencia a un Catálogo Nacional cuxa existencia non está garantida, habida conta da intención do Ministerio de substituír o termo "área" por outro como "ámbito" ou "especialidade".</li> </ol> <p>Para que así conste, enviamos a presente en Santiago de Compostela a 15 de novembro de 2024</p>

792	ELENA MARIA PEÑA VAZQU Modificación	59, 68-74 68	Os Departamentos non deberían desaparecer do organigrama institucional da USC, xa que as súas tarefas non poderían ser reemplazadas eficientemente polas áreas e consellos de facultade	<p>De acordo coa conferencia de Directoras e Directores de Departamento da USC, reunida en novembro 2024:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Considérase necesaria a existencia de departamentos, aínda que se deben incorporar cambios que permitan fortalecelos para unha maior eficiencia.</li> <li>2. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque a composición do seu consello garante que todos os estamentos, ademais do PDI, estean representados.</li> <li>3. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, na súa condición de órgano colegiado cunha director/a que exerce a xestión ordinaria e executa os acordos así coma unha secretario/a que levanta acta e da fe dos actos, constitúe un modelo eficaz e xuridicamente seguro para a adopción de acordos e toma de decisións. O modelo de áreas proposto no documento xera incerteza en canto á validez legal dos acordos acadados na área.</li> <li>4. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque, salvo casos excepcionais, as decisións das áreas dentro dos departamentos son respectadas. Ademais, o consello de departamento, coa súa dirección á fronte, é habitualmente valedor dos intereses de todas as áreas, mesmo das máis pequenas, e represéntaa por igual ante as vicerreitorías. O modelo de áreas proposto no documento de traballo comporta o risco de que os intereses e necesidades das áreas, especialmente das máis pequenas, queden diluídos e mesmo silenciados no consello de facultade</li> <li>5. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque son interlocutores directos para temas de organización docente e prazas de profesorado ante as vicerreitorías. O modelo de áreas proposto no documento engade un elemento intermedio, o consello de facultade, que contribuirá a burocratizar e atrasar os procedementos. Ademais, o modelo de áreas contempla que a proposta de creación de prazas por parte da área debe ser ratificada polo consello de facultade, podendo darse unha situación de bloqueo de modo que unha proposta da área nunca chegue ao vicerreitorado.</li> <li>6. Considérase necesaria a existencia de departamentos porque numerosas áreas imparten docencia en varias titulacións e centros así como nos dous campus. Os departamentos organizan a docencia dun xeito transversal, asignando os recursos para atender as necesidades dos diferentes centros. O modelo de áreas proposto no documento xera incerteza ao vincular cada área a un único centro. Un centro que teña vinculada unha área dificilmente poderá dar unha resposta rápida e eficaz aos requirimentos para esa mesma área procedentes</li> </ol>
795	JUAN ANDRES PARGA MAR Modificación	68 y siguiuent 68	<p>La continuidad de los departamentos en la Universidad de Santiago de Compostela es esencial, ya que representan la estructura más eficaz y jurídicamente estable para la organización y gestión universitaria. Su permanencia garantiza la representación de todos los estamentos –profesorado, estudiantado y PAS– en la toma de decisiones, algo que no asegura el modelo de áreas propuesto, el cual deja desprotegidos sectores clave de la comunidad universitaria.</p>	<p>La continuidad de los departamentos en la Universidad de Santiago de Compostela resulta esencial, no solo desde un punto de vista organizativo, sino también en términos jurídicos, ya que los departamentos garantizan la participación equitativa de todos los estamentos universitarios (profesorado, estudiantado y PAS) en los órganos colegiados de toma de decisiones. Este modelo de gestión respeta los principios de pluralidad, democracia y legalidad que establece la legislación española en el ámbito de la educación superior, particularmente en lo que respecta a la autonomía universitaria y la representación de los diferentes sectores de la comunidad universitaria. La existencia de departamentos permite que las decisiones se tomen de manera más transparente y equilibrada, asegurando que no se excluya a ningún grupo relevante de la universidad de los procesos decisionales y de la gestión efectiva de los recursos, lo que podría suceder con el modelo de áreas propuesto. La estructura departamental, además, cumple con los principios de seguridad jurídica y operatividad, esenciales en cualquier sistema normativo, al estar regulada y respaldada por normas formales y procedimientos establecidos, lo que asegura una gestión universitaria más estable y participativa.</p>
			<p>Los departamentos facilitan la coordinación transversal de la docencia y la asignación eficiente de recursos entre centros y titulaciones. En cambio, el modelo de áreas limita la capacidad de respuesta a las necesidades interdepartamentales, lo que pone en riesgo la calidad tanto de la enseñanza como de los servicios académicos.</p>	
			<p>En la gestión del personal y en la creación de plazas docentes, los departamentos actúan como interlocutores directos con las vicerreitorías, agilizando los procesos y evitando bloqueos administrativos. Además, permiten resolver conflictos entre áreas, haciendo la gestión más operativa. Por el contrario, el modelo de áreas introduce incertidumbre al no contar con una figura de dirección claramente definida ni con documentación formal de los acuerdos, elementos fundamentales para una toma de decisiones eficaz y legal.</p>	
			<p>La eliminación de los departamentos implicaría la pérdida de la representación del profesorado en el Consello de Goberno, debilitando su influencia en las decisiones estratégicas. Los departamentos ofrecen la flexibilidad necesaria para adaptarse a las necesidades actuales de la universidad, frente a un modelo de áreas que se ve vinculado a un catálogo nacional incierto.</p>	
			<p>Por último, en el caso del Departamento de Ciencias Morfológicas, la dirección coordina el Servicio de Doazóns de Corpos, una tarea que requiere formación específica y no debería recaer en la dirección de un Centro o Facultad.</p>	
798	MARTA CENDON FERNAND Modificación	Artigos 68-74 68	«Solicítase a permanencia dos departamentos como estrutura organizativa da universidade, fronte á súa substitución por “áreas de coñecemento” (artigos 69-73)»	<p>«Nos antigos estatutos o Capítulo II adicábase aos departamentos agora desaparecidos. A proposta supón a desaparición dos mesmos, unha parte fundamental da estrutura da universidade, fronte a unhas “áreas de coñecemento” que non evidencian melloras operativas nas funcións desenvolvidas por aqueles. A diferenza dos departamentos actuais, as “áreas” desta proposta estatutaria: non son órganos colegiados, non teñen capacidade de decisión no deseño e planificación dos estudos de grao e máster (que se delega nas facultades -art. 74.1-), non contan con representantes de PAS/estudiantado, non teñen representantes no Consello de Goberno, e só se adscriben a un centro (art. 73). Ademais, empregar a denominación de “áreas de coñecemento” como parte das “estruturas” da universidade pode xerar inseguridade xurídica porque non resposta á idea de “estrutura” da LOSU, así coma traer confusión nun momento en que a súa existencia é cuestionada pola aparición da noción de “ámbitos” na LOSU e no que estamos pendentes da aprobación por parte do Ministerio dun decreto de “ámbitos” aínda non publicado».</p>

28	ISABEL FERNANDEZ LOPEZ	Modificación	Artigo 69, 70, 69		<p>Eu, Isabel Fernández, PDI permanente do departamento de Didácticas Aplicadas, desexo amosar o meu rexeitamento a proposta de eliminar os departamentos. Algúns dos graves perxuízos que derivan da proposta contida no borrador son os seguintes:</p> <p>1º) Pertenzo a un departamento integrado por sete áreas e con persoal nos dous campus. Eliminar os departamentos supón separarnos e que pasemos a ser microáreas que actúan nos dous campus. Nin sequera teríamos claro cal sería o centro que debería apoiar ou rexeitar a nosa petición de prazos ou calquera outra decisión de área.</p> <p>2º) Toda a carga de traballo que realizan o departamento non desaparece e non parece que poida ser asumida polo centro ou ás áreas. Estas pasarían a ser pseudepartamentos.</p> <p>3º) A áreas que integran o actual departamento de Didácticas Aplicadas teñen fortes intereses en común que só poden manifestarse se pertencemos a un mesmo departamento. Separarnos levará a que non poidamos ter ese espazo compartido, imprescindible para o bo funcionamento dos centros e titulacións nas que impartimos docencia.</p> <p>4º) Artellar a unidade ao redor das áreas fai que estaríamos rexidos por un órgano que non ten director/a e secretario/a. Isto non se axusta ao fixado na propia LOSU.</p> <p>Estas, entre outros moitos motivos, fan que vexa gravemente perxudicial a desaparición dos departamentos.</p> <p>Solicito que se modifique este aspectos dos estatutos e se manteñan na estruturación da universidade tanto ás áreas como os departamentos.</p>	<p>Eu, Isabel Fernández, PDI permanente do departamento de Didácticas Aplicadas, desexo amosar o meu rexeitamento a proposta de eliminar os departamentos. Algúns dos graves perxuízos que derivan da proposta contida no borrador son os seguintes:</p> <p>1º) Pertenzo a un departamento integrado por sete áreas e con persoal nos dous campus. Eliminar os departamentos supón separarnos e que pasemos a ser microáreas que actúan nos dous campus. Nin sequera teríamos claro cal sería o centro que debería apoiar ou rexeitar a nosa petición de prazos ou calquera outra decisión de área.</p> <p>2º) Toda a carga de traballo que realizan o departamento non desaparece e non parece que poida ser asumida polo centro ou ás áreas. Estas pasarían a ser pseudepartamentos.</p> <p>3º) A áreas que integran o actual departamento de Didácticas Aplicadas teñen fortes intereses en común que só poden manifestarse se pertencemos a un mesmo departamento. Separarnos levará a que non poidamos ter ese espazo compartido, imprescindible para o bo funcionamento dos centros e titulacións nas que impartimos docencia.</p> <p>4º) Artellar a unidade ao redor das áreas fai que estaríamos rexidos por un órgano que non ten director/a e secretario/a. Isto non se axusta ao fixado na propia LOSU.</p> <p>Estas, entre outros moitos motivos, fan que vexa gravemente perxudicial a desaparición dos departamentos.</p> <p>Solicito que se modifique este aspectos dos estatutos e se manteñan na estruturación da universidade tanto ás áreas como os departamentos.</p>
135	PALOMA BLANCO ANAYA	Supresión	artigo 69	69	<p>Solicítase a súa supresión do artigo ou modificación para que se recolla que a unidade básica de funcionamento é o departamento.</p>	<p>Son moitos os motivos para isto, pero quizáis unha das principais é que os departamentos son unha estrutura horizontal ás facultades ou centros nos que o PDI das áreas imparten docencia. Isto permite a toma de decisións de forma que recolla os intereses de todas as áreas, con independencia do seu tamaño, para que sexan representadas ante as vicerreitorías.</p>
209	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 69	69	<p>Cambiar a verba "ámbito" por "parcela de coñecemento".</p>	<p>Motivación: A palabra ámbito ten outra connotación na lexislación actual e resulta mellor evitar calquera posible equívoco posto que as áreas non son, en absoluto, o que agora o Ministerio chama ámbitos (de coñecemento).</p>
256	XABIER CID VIDAL	Engadido	69	69	<p>Artigo 69.1 As áreas de coñecemento agrupan a todo o persoal docente e investigador pertencente a un ámbito e son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde.</p> <p>Engadir: O número de membros dunha área non poderá ser inferior a quince profesores con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo.</p>	<p>Ter áreas excesivamente pequenas sería equivalente a ter mini-departamentos. Isto tería consecuencias claramente negativas, no que se refire ao nepotismo, endogamia e abusos de poder.</p>
257	XABIER CID VIDAL	Engadido	69	69	<p>2. Cada área de coñecemento estará vinculada a un centro da Universidade atendendo ao seu obxecto de coñecemento.</p> <p>Engadir "Unha área non poderá estar vinculada a un centro onde non existan outras áreas. Cada área deberá compartir centro con, canto menos, outras dúas áreas independentes."</p>	<p>Unha área asociada a un único centro sería equivalente a ter mini-departamentos. Isto tería consecuencias claramente negativas, no que se refire ao nepotismo, endogamia e abusos de poder.</p>
301	PABLO GARRIDO GIL	Supresión	artigos 69, 70, 69		<p>Os artigos 69 a 73 deben ser eliminados na súa totalidade</p>	<p>Na LOSU non se establece en ningún momento a organización estrutural en áreas de coñecemento.</p> <p>A LOSU nos artigos 40 e 41 indica que "Se habilita a las universidades para estructurarse, según lo determinen sus Estatutos, en campus, facultades, escuelas, departamentos, institutos universitarios de investigación, escuelas de doctorado o en otros centros o estructuras necesarios para el desarrollo de las funciones que le son propias (artículo 40). La LOSU distingue la creación, modificación y supresión de facultades y escuelas, que será competencia de la Comunidad Autónoma, a iniciativa de la universidad mediante propuesta y aprobación de su Consejo de Gobierno, de la creación, modificación y supresión de departamentos, institutos, escuelas de doctorado y otros centros o estructuras que corresponderá a las universidades, conforme a lo estipulado en la LOSU, su normativa de desarrollo y sus Estatutos (artículo 41)."</p>
366	NERY GARCIA PORTA	Modificación	69	69	<p>Artigo 69: proponse a seguinte redacción alternativa: "1. Os departamentos son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde." "2. Agrupan distintos ámbitos de coñecemento que agrupan ao persoal docente e investigador." "3. Cada departamento estará vinculado a un centro da Universidade atendendo aos ámbitos de coñecemento que integra."</p>	<p>Organizarse en áreas en lugar de departamentos (os cales serían como mini-departamentos) tería consecuencias claramente negativas, no que se refire ao nepotismo, endogamia e abusos de poder.</p>
405	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 69	69	<p>"1. Os departamentos son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde." "2. Agrupan distintos ámbitos de coñecemento que agrupan ao persoal docente e investigador." "3. Cada departamento estará vinculado a un centro da Universidade atendendo aos ámbitos de coñecemento que integra."</p>	<p>hai que facer departamentos multiámbito para evitar os abusos das áreas</p>

493	CARLOS MONTERO ORILLE Modificación	Artigos 69-73	69	En consonancia con achegas anteriores, modificar todos os artigos da sección 2ª mantendo, na medida do posible, a redacción dos Estatutos vixentes.	Que disfunción están a provocar os departamentos no funcionamento da Universidade de Santiago para eliminalos da súa estrutura? Ao non haber na proposta do equipo reitoral unha exposición de motivos é difícil saber por que este se decanta por suprimir estes órganos. Os departamentos non só non deben desaparecer senón que deben ser potenciados como estrutura con competencias nas dúas actividades fundamentais da universidade: docencia e investigación. A maioría das universidades non adoitan separar estas dúas actividades, conscientes dos beneficios que aporta a súa organización conxunta. A supresión dos departamentos suporía que estas actividades quedarían separadas organizativamente: da primeira encargaríanse as Facultades e da segunda os Institutos de investigación. Institutos que, por certo, non acollen nestes momentos a todo o persoal investigador desta universidade. Por outro lado, os departamentos constitúen unha estrutura organizativa onde concorre persoal de diferentes ámbitos que aporta unha visión máis ampla e imparcial dos distintos aspectos da actividade académica e que permite abordar mellor os problemas que xorden na organización da docencia e da investigación. En contraposición, as áreas de coñecemento adoitan ser grupos máis pequenos e pechados cunha visión máis particular, parcial, e reducida sobre estes aspectos. Ademais, os consellos de departamento, como órganos colexiados, exercen de contrapeso ás xuntas de facultade. De eliminar os primeiros, a maioría dos asuntos da vida académica cotiá quedarían baixo a única responsabilidade dos segundos, o que aumentaría probablemente a conflictividade e a translación da resolución dos problemas a órganos superiores.
540	JOSE LUIS LABANDEIRA GA Modificación	69	69	Neste artigo non queda claro o concepto/natureza da "área", o cal é imprescindible si se pretende que sirva como unidade estrutural da USC. Necesita ser reformulado.	1. Non parece consistente vincular o concepto de "área" ao concepto de "ámbito", que, á súa vez, está actualmente indefinido e en revisión. Ademais, no Art. 71, vincúlase o concepto de área ao "catálogo nacional de áreas", actualmente controvertido e en revisión, e que por outra banda non coincide co concepto de ámbito. 2. Non parece consistente vincular a "área", en ningunha das súas posibles definicións, a un determinado centro, posto que moitas das áreas da USC están vinculadas a diversos centros. Por tanto, vincúlalas a un só centro dificultaría e distorsionaría a xestión e a toma de decisións.
549	ANA ISABEL RODRIGUEZ PE Modificación	69	69	Neste artigo non queda claro o concepto ou natureza da "área", algo imprescindible se se pretende que funcione como unidade estrutural da USC.	-Este aspecto precisa ser reformulado. 1. Non parece coherente vincular o concepto de "área" co de "ámbito", xa que este último está tamén indefinido e en proceso de revisión. Ademais, no Art. 71 vincúlase o concepto de área ao "catálogo nacional de áreas", que tamén está a ser revisado e é obxecto de controversia, ademais de non coincidir co concepto de ámbito. 2. Tampouco resulta coherente asociar a "área" a un único centro, xa que moitas das áreas da USC están vinculadas a diferentes centros. Polo tanto, esta vinculación dificultaría a xestión e a toma de decisións.
576	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Aclaración	69	69	Os artigos 69-73 deben ir acompañados dunha descripción, a nivel estatutos ou non, máis concreta que aclare como vai ser o día a día no funcionamento das áreas. Aspectos sobre os que reflexionar - que se entende nesta normativa por ámbito? - como se vincula unha área a un centro? - as áreas multicentro - tamaño mínimo das áreas. - as áreas con poucos membros deberían ser absorbindas por outras afíns? - os membros das áreas van estar automaticamente censados no centro ao que se adscriba pero poderan formar parte do consello de escola do centro no que imparten docencia, se este fose distinto ao primeiro? - que pasa si un centro conta cunha única área? Non debería suprimirse ese centro e adscribir os títulos a outra Facultade - como se formalizan os acordos - a quen da conta das súas decisións e do seu funcionamento? ao reitor? á facultade?	Esta estrutura sin departamentos, non ten porque ser mala, pero si que xenera certa inquietude pois non está claro como se vai funcionar. As decisións das áreas, se fose necesario, moderábanse nos departamentos. Ainda que a carga de traballo dos departamentos non é moi alta, e a súa desaparición apenas vai influir no PTXAS, si vai supoñer un incremento de responsabilidade para os equipos decanais.
643	MARTIN MANUEL LERANO Modificación	69	69	Onde de área que poña departamento	Os motivos polos que o departamento é un órgano fundamental son variadas, pero unha das máis importantes é o seu carácter horizontal entre as facultades e centros nos que o PDI das áreas teñen docencia. Ademais, permite que as áreas, con independencia do seu tamaño e relevancia, teñan a mesma representación ante as vicerreitorías. Asímismo, os departamentos permiten resolver ou actuar de filtro para tomar acordos axilizando os procesos de xestión do persoal e da organización docente.
686	MARIA DOLORES MOURIZ Modificación	69	69	Propónse a seguinte redacción alternativa: "1. Os departamentos son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde." "2. Agrupan distintos ámbitos de coñecemento que agrupan ao persoal docente e investigador." "3. Cada departamento estará vinculado a un centro da Universidade atendendo aos ámbitos de coñecemento que integra."	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
707	ANDREA LOPEZ LOPEZ Modificación	69	69	Resulta absolutamente imprescindible que se defina correctamente o concepto	Os conceptos de área e ámbito quedan neste artigo escasamente definidos e entremezados. É absolutamente necesario que se definan os conceptos correctamente e de maneira concreta, e que se detallen as súas funcións, a súa validez e a súa lexitimidade. Ademais, non é operativo vincular unha área a un único centro, xa que, hai un gran número de áreas multicentro. Polo que que, está vinculación a centros con falta de visión global e unificada do contexto da área pode levar a descoordinación na asignación de recursos, así como á falta de adaptación das realidades específicas de cada centro ou especialidade.

708	MARIA ALICIA COSTA BESAI	Modificación	69	69	A redacción deste artigo non aclara suficientemente o concepto e a natureza das "áreas", aspecto imprescindible para que funcionen como unha unidade estrutural. •Non é coherente vincular o concepto de "área" ao de "ámbito", xa que este último tamén está indefinido e sometido a revisión. •A asociación das "áreas" ao "catálogo nacional de áreas" (Art. 71) tamén resulta problemática, xa que este catálogo está en proceso de revisión e é obxecto de controversias. •Ademais, vincular as "áreas" a un único centro limita a súa funcionalidade, xa que moitas destas abarcan múltiples centros, dificultando a xestión e a toma de decisións.	O concepto de "área" non está claramente definido e vincúlase a outros conceptos tamén indefinidos ("ámbito", "catálogo nacional de áreas"), o que xera confusión.
728	Rita Valenzuela Limiñana	Modificación	69	69	A natureza do concepto "área" non está clara, é necesario clarificar este concepto.	A natureza do concepto "área" non está clara. Por unha parte se vincula ó concepto de "ámbito", que nestes momentos estase a revisar, e por outra vincúlase a un só centro da universidade, cando na actualidade moitas das áreas da USC están vinculadas a diferentes centros.
735	XESUS PRIETO BLANCO	Modificación	69	69	proponse a seguinte redacción alternativa: "1. Os departamentos son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde." "2. Agrupan distintos ámbitos de coñecemento que agrupan ao persoal docente e investigador." "3. Cada departamento estará vinculado a un centro da Universidade atendendo aos ámbitos de coñecemento que integra."	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
758	PABLO BROCOS MOSQUER	Modificación	69	69	Modificación do artigo 69, onde di área que poña departamento. Os motivos polos que o departamento é un órgano fundamental son variadas, pero unha das máis importantes é o seu carácter horizontal entre as facultades e centros nos que o PDI das áreas teñen docencia. Ademais, permite que as áreas, con independencia do seu tamaño e relevancia, teñan a mesma representación ante as vicerreitorías. Asímismo, os departamentos permiten resolver ou actuar de filtro para tomar acordos axilizando os procesos de xestión do persoal e da organización docente.	Garantir o correcto funcionamento, comunicación e organización do PDI das distintas áreas
763	MARIA BEGOÑA VILLAR CH	Modificación	Artigo 69	69	O concepto de "área" non está claramente definido e vincúlase a outros conceptos tamén indefinidos ("ámbito", "catálogo nacional de áreas"), o que xera confusión.	A redacción deste artigo non aclara suficientemente o concepto e a natureza das "áreas", aspecto imprescindible para que funcionen como unha unidade estrutural. •Non é coherente vincular o concepto de "área" ao de "ámbito", xa que este último tamén está indefinido e sometido a revisión. •A asociación das "áreas" ao "catálogo nacional de áreas" (Art. 71) tamén resulta problemática, xa que este catálogo está en proceso de revisión e é obxecto de controversias. •Ademais, vincular as "áreas" a un único centro limita a súa funcionalidade, xa que moitas destas abarcan múltiples centros, dificultando a xestión e a toma de decisións.
370	NERY GARCIA PORTA	Modificación	70	70	Artigo 70: proponse eliminar toda referencia a áreas de coñecemento e cambiala por departamentos	Organizarse en áreas, que serían como mini-departamentos, tería consecuencias claramente negativas, no que se refire ao nepotismo, endogamia e abusos de poder.
407	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 70	70	proponse eliminar toda referencia a áreas de coñecemento. Proponse a seguinte redacción alternativa: "Son función dos departamentos" "a) A programación, desenvolvemento e seguimento das ensinanzas que ten asignadas, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que imparten a docencia. b) O apoio ós iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador. c) A formación do persoal docente e investigador da universidade. d) A iniciativa, ou no seu defecto informe previo, para a creación, mantemento, minoración, cambio de adicación ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos. f) calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos colexiados."	hai que evitar o abuso dos grupos de investigación maioritarios nas áreas de coñecemento
541	JOSE LUIS LABANDEIRA GA	Modificación	70	70	A actual redacción de estatutos xera gran incerteza sobre a capacidade das "áreas" para levar a cabo eficientemente as funcións recollidas neste artigo.	Para realizar estas funcións é necesario definir claramente o concepto de área e dotala das características que require un elemento estrutural, das que carece na actual redacción. Isto inclúe dotala de organización como órgano colexiado, figuras representativas válidas (órganos unipersonais) e liberais da dependencia do centro correspondente.
550	ANA ISABEL RODRIGUEZ PE	Modificación	70	70	A redacción actual dos estatutos xera unha grande incerteza sobre a capacidade das "áreas" para levar a cabo de forma eficaz as funcións descritas neste artigo.	Para poder desenvolver estas funcións é necesario definir con claridade o concepto de área e dotala das características que require unha unidade estrutural, características das que actualmente carece. Isto inclúe dotala dunha organización como órgano colexiado, figuras representativas válidas (órganos unipersonais) e independencia do centro correspondente.
577	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	70.d	70	Como se executa esta función?	Non está claro que mecanismos terá a área para levar a cabo esta función

688	MARIA DOLORES MOURIZ	Modificación	70	70	<p>Propónse eliminar toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción alternativa:</p> <p>"Son función dos departamentos"</p> <p>"a) A programación, desenvolvemento e seguimento das ensinanzas que ten asignadas, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que impartan a docencia.</p> <p>b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador.</p> <p>c) A formación do persoal docente e investigador da universidade.</p> <p>d) A iniciativa, ou no seu defecto informe previo, para a creación, mantemento, minoración, cambio de adicación ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.</p> <p>f) calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos colexiados."</p>	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
710	MARIA ALICIA COSTA BESAÍ	Modificación	70	70	É fundamental dotar as áreas dunha organización como órgano colexiado, cunha estrutura representativa clara e válida, e cunha independencia funcional respecto aos centros.	As funcións atribuídas ás áreas neste artigo non poden ser cumpridas de forma eficaz debido á falta de definición do concepto de "área" e á ausencia de características propias dunha unidade estrutural.
711	ANDREA LOPEZ LOPEZ	Modificación	70	70	As áreas de coñecemento deberían dotarse da validez xurídica necesaria para realizar as funcións dunha Unidade Estructural da USC	A redacción de este artigo e dos estatutos en xeral pon en dubida a capacidade das áreas para desenvolver as funcións que se lle asignan, xa que, o non tratarse de órganos colexiados que teñan entidade xurídica propia, non se lles permite tomar decisión de maneira oficial e lexítima, cunha estrutura que garanta a participación dos distintos estamentos da comunidade universitaria. Resulta imprescindible dotalas de validez xurídica de independencia sobre os centros
730	Rita Valenzuela Limiñana	Modificación	70	70	No borrador dos estatutos, o concepto de área non parece cumprir as características necesarias poder levar a cabo as funcións descritas neste artigo con lexitimidade.	Para poder levar a cabo as funcións descritas no artigo 70, requírese dunha estrutura xurídicamente estable, con figuras representativas con validez legal que poidan executar os acordos tomados, como son os departamentos actuais.
736	XESUS PRIETO BLANCO	Modificación	70	70	<p>Propónse eliminar toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción alternativa:</p> <p>"Son función dos departamentos"</p> <p>"a) A programación, desenvolvemento e seguimento das ensinanzas que ten asignadas, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que impartan a docencia.</p> <p>b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador.</p> <p>c) A formación do persoal docente e investigador da universidade.</p> <p>d) A iniciativa, ou no seu defecto informe previo, para a creación, mantemento, minoración, cambio de adicación ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.</p> <p>f) calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos colexiados."</p>	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
767	MARIA BEGOÑA VILLAR CH	Modificación	70	70	As funcións atribuídas ás áreas neste artigo son dificilmente aplicables, dado que non se define de maneira clara o concepto de "área" nin se lle outorgan as características propias dunha unidade estrutural.	É imprescindible dotar as áreas dunha organización colexiada, cunha estrutura representativa clara e válida, e cunha independencia funcional respecto aos centros.
21	ANGEL LUIS FERNANDEZ G	Modificación	Artículo 71 de	71	<p>En el artículo 71 del documento de trabajo se establece que las áreas de conocimiento de la USC serán las determinadas por el catálogo nacional y que, además, podrán crearse áreas propias de la USC.</p> <p>Como se comentó anteriormente da la impresión de que el término "área de conocimiento" no sólo es obsoleto e induce a la confusión sino que el legislador ha querido desterrarlo del léxico universitario. Cabe recordar que los reales decretos fallidos puestos a exposición pública después de la aprobación de la LOSU no mencionaban el término "área de conocimiento" y en su lugar empleaban otros términos como "ámbito de conocimiento" o "especialidad de conocimiento".</p> <p>En este contexto puede no ser prudente encadenar unos estatutos con vocación de permanencia a un catálogo nacional cuya existencia no está garantizada a corto plazo.</p>	Recomendación

23	ANGEL LUIS FERNANDEZ G	Modificación	Artículo 71 de 71		En el artículo 71 del documento de trabajo se establece que las áreas de conocimiento de la USC serán las determinadas por el catálogo nacional y que, además, podrán crearse áreas propias de la USC. Como se comentó anteriormente da la impresión de que el término "área de conocimiento" no sólo es obsoleto e induce a la confusión sino que el legislador ha querido desterrarlo del léxico universitario. Cabe recordar que los reales decretos fallidos puestos a exposición pública después de la aprobación de la LOSU no mencionaban el término "área de conocimiento" y en su lugar empleaban otros términos como "ámbito de conocimiento" o "especialidad de conocimiento". En este contexto puede no ser prudente encadenar unos estatutos con vocación de permanencia a un catálogo nacional cuya existencia no está garantizada a corto plazo. Se recomienda que la universidad en uso de su autonomía defina el número y denominación de las áreas de conocimiento que considere oportunas de un modo independiente del catálogo nacional y que se elimine toda referencia al catálogo nacional en los estatutos.	Recomendación
93	alberto neira ferreiro	Modificación	71.1	71	1. Ademais das áreas de coñecemento que veñan determinadas polo catálogo estatal, poderán crearse áreas propias para atender as peculiaridades e homoxeneidade dun obxecto de coñecemento e tendo en conta a existencia dunha comunidade de docentes nacionais e/ou internacionais.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
136	PALOMA BLANCO ANAYA	Supresión	Artigo 71	71	Este artigo pode ser unha canle para reagrupar áreas baixo un criterio descoñecido neste momento que afecte á propia identidade das áreas.	No caso das áreas das didácticas aplicadas, formadas por PDI que provén dunha formación noutros ámbitos de coñecemento que non son das didácticas, o cal pode comprometer a investigación e a docencia nestas áreas. Alén diso, a creación de áreas queda nun limbo ata que non se aclaren os "Ámbitos de coñecemento"
376	NERY GARCIA PORTA	Modificación	71	71	Artigo 71: propónse a eliminación de toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción: "1. A creación e supresión de departamentos corresponde ao consello de Goberno" "2. Os departamentos deben comprender un mínimo de dous ámbitos de coñecemento e un mínimo de 35 membros"	Organizarse en áreas (que serían como mini-departamentos) tería consecuencias claramente negativas, no que se refire ao nepotismo, endogamia e abusos de poder.
408	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 71	71	propónse a eliminación de toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción: "Cada departamento contará cun director de departamento e un secretario de departamento."	necesítanse cargos unipersoais para a xestión dos órganos colexiados
461	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	71, 167	71	Trocar "nacional" por "estatal" e "do Estado", respectivamente.	Emprego de terminoloxía administrativa, referente ao Estado, preferente ao uso de "nación", con maior carga ideolóxica.
542	JOSE LUIS LABANDEIRA GA	Modificación	71	71	Necesita ser reformulado e clarificado	Na súa actual redacción xérase unha gran incerteza respecto ao concepto de "área", que o fai incompatible co seu carácter de unidade estrutural da USC  Aquí vincúlase o concepto de "área" ao "catálogo nacional de áreas" actualmente controvertido e cuxa continuidade non está asegurada. Doutra banda, no Artigo 68 vincúlase "área" ao concepto de "ámbito", que é diferente, e á súa vez cuestionado e de continuidade non garantida
552	ANA ISABEL RODRIGUEZ PE	Aclaración	71	71	É necesario reformular e clarificar este artigo.	•A redacción actual xera unha gran incerteza sobre o concepto de "área", facéndoo incompatible co seu carácter de unidade estrutural da USC. •Aquí vincúlase o concepto de "área" ao "catálogo nacional de áreas", que está en controversia e cuxa continuidade non está garantida. Por outra banda, no Art. 68 vincúlase "área" ao concepto de "ámbito", que é distinto e tamén cuestionado, sen garantir a súa continuidade.
644	MARTIN MANUEL LERANOZ	Supresión	71	71	Supresión	A supresión ou creación de áreas sen un criterio coñecido neste momento pode resultar unha ameaza para algunhas delas. No caso das didácticas aplicadas, polo feito de que o PDI provén de ámbitos de coñecemento diversos, isto podería sentar as bases para crear áreas que nos fagan perder a identidade como Departamento de didácticas aplicadas, afectando á investigación e á calidade docente destas áreas.
662	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	71.1	71	1. Ademais das áreas de coñecemento que veñan determinadas polo catálogo estatal, poderán crearse áreas propias para atender as peculiaridades e homoxeneidade dun obxecto de coñecemento e tendo en conta a existencia dunha comunidade de docentes estatais e/ou internacionais.  (Propónse "catálogo estatal" e "docentes estatais" en lugar de "catálogo nacional" e "docentes nacionais".)	A USC non debería empregar o termo "nacional" para se referir ó que é de ámbito español, xa que ese ámbito non é recoñecido como nación por unha parte importante da sociedade galega nin, menos aínda, da comunidade universitaria. Nestes casos, deberíase empregar o termo "estatal" ou "español/a". Isto contribuiría tamén ó (re)coñecemento de que a nosa universidade se acha nun estado plurinacional, plurlingüístico e multicultural, coñecemento que á universidade lle corresponde espallar, de maneira especial, entre tódalas institucións públicas.  Alén destes casos concretos do borrador, a única maneira de garantir o emprego futuro dos termos propostos semella que é a de establecer nunha norma universitaria e, preferiblemente, nos propios Estatutos. Propónse a seguinte:  A Universidade de Santiago de Compostela recoñécese dentro da nación galega. Na USC procurarase reservar o uso do termo "nacional" para se referir ó ámbito galego.

689	MARIA DOLORES MOURIZ (	Modificación	71	71	Propónse a eliminación de toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción: "1. A creación e supresión de departamentos corresponde ao consello de Goberno" " 2. Os departamentos deben comprender un mínimo de dous ámbitos de coñecemento e un mínimo de 35 membros"	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
692	MARIA DOLORES MOURIZ (	Modificación	71	71	Propónse a eliminación de toda referencia a áreas de coñecemento. Propónse a seguinte redacción: "1. A creación e supresión de departamentos corresponde ao consello de Goberno" " 2. Os departamentos deben comprender un mínimo de dous ámbitos de coñecemento e un mínimo de 35 membros"	Estou en contra da supresión dos Departamentos. Perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos. A experiencia da convivencia cunha área propia interna da USC resulta nunha anomalía, un grupo autoxestionado que non responde a criterios de rigor, calidade e igualdade de oportunidades.
464	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	94.1	94	Débase muda-lo castelanismos "servicios" por "servizos"	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "plantilla", "dirección", "convalidación", "dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, resulta lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola miña parte.
99	alberto neira ferreiro	Modificación	96	96	e)As normas que garantan a igualdade de xénero na composición dos órganos.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
466	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	97	97	Débase muda-lo castelanismos "cese" polo galego "cesamento" (neste lugar e noutros en que aparece, máis de 20)	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "plantilla", "dirección", "convalidación", "dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
18	JOSE MARIA MIRANDA BOT	Aclaración	98	98	Se hace mención a la condición de "representante sindical". La condición de miembro del comité de empresa, por ejemplo, no queda incluida en esa denominación. Si ese no es el objetivo, debería sustituirse la mención por "representante dos traballadores", que incluye tanto a la representación sindical (en nombre de CIG, UGT, CCOO, CSIF...) como a la representación legal de los trabajadores (la que se determina a través de elecciones, Xunta de Persoal e Comités de Empresa).	Mejora técnica

143	FERNANDO DE LA TORRE	Aclaración	99.3.b)	99	Que significan dous meses? Continuos, en total, etc.	Necesidade de aclarar este aspecto na redacción para correctas interpretacións.
420	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 99.1	99	incluir "os delegados do reitor"	faltan
173	alberto neira ferreiro	Modificación	100	100	2.As resolucións do Reitor ou Reitora e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno, do Consello de Estudantado e do Claustro Universitario esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Respecto das resolucións que esgotan a vía administrativa, poderase substituír o recurso de reposición por outro procedemento de impugnación, reclamación, ou conciliación respectando o seu carácter potestativo para o interesado.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
174	alberto neira ferreiro	Modificación	100.3	100	3.Os acordos dos restantes órganos colexiados serán susceptibles de recurso de alzada perante o Consello de Goberno. As resolucións dos órganos unipersoais serán susceptibles de recurso de alzada ante o Reitor ou Reitora.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
588	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	100.2	100	Que repercusión ten a última frase engadida, que non figura nos Estatutos vixentes?	De entrada non sei se aportan algo novo, ou simplemente reitera información previa.
176	alberto neira ferreiro	Modificación	101.2	101	2.Serán membros do Consello Social en representación da Universidade o Reitor ou Reitora, o Secretario Xeral ou a Secretaria Xeral e o Xerente ou a Xerente, así como un representante do persoal docente e investigador, outro do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros por maioría absoluta e de xeito que se garanta a representación dos campus de Santiago e Lugo, e un representante do Consello do Estudantado, elixido por e de entre os seus membros, por maioría absoluta, todos eles con voz e voto.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
177	alberto neira ferreiro	Modificación	102	102	O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación, participación e goberno da universidade.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
32	COSME ELADIO POMBO	RC Modificación	Art 103.- Com	103	d) Sector III: XX por cento do estudantado matriculado en titulacións oficiais e no IV Ciclo	Entendo que no Claustro Universitario debe haber unha representación do estudantado de IV Ciclo
51	Delfina Torres Álvarez	Engadido	103	103	d) -sector III: ... en titulacións oficiais e no IV ciclo.	o IV ciclo debe estar na composición do claustro universitario
121	MASUNCION PEREZ PEREZ	Modificación	Artigo 103	103	Apartado d) Sector III XX por cento do estudantado matriculado en titulacións oficiais e no IV ciclo	Etendemos que como estudantes de pleno dereito da Universidad.
131	xosé Valcárcel Sánchez	Modificación	artigo 103 - ap	103	Sector III: XX por cento de estudantado matriculado en titulacións oficiais e IV Ciclo	Para poder garantir o dereito a elixir e ser elixible nas votacións ao Claustro da Universidade
199	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 103 d)	103	Engadir, na parte final da descrición do sector II o texto " , incluídas as persoas investigadoras en formación".	Motivación: Como xa se dixo, o carácter de investigadora en formación ven conferido polo RD 99/2011 e aplica tanto a doutorandas con contrato como sen contrato, polo que é razoable que formen parte do mesmo sector. Asemade, o feito de non formar parte do mesmo sector deriva en que a xente doutoranda, se logra un contrato, automaticamente decae do órgano para o cal foi electa. Isto supón un problema e agrava unha situación pola que se ten exposto preocupación en numerosas ocasións (a xente nova non participa nos órganos). Na práctica, ao igual que hai X representantes por áreas de coñecemento (que se empregan como subsectores), poderíase engadir un novo subsector relativo á EDIUS ou estudantes de doutoramento (con ou sen contrato).
201	DANIEL CAO LABORA	Aclaración	Artigo 103 d)	103	Nas porcentaxes do claustro a porcentaxe do sector I debe ser, forzosamente e pola LOSU, un 51%. A porcentaxe asignada a estudantado debe ser dun mínimo do 25%.	Motivación: Aplicación directa da LOSU no seu artigo 45.3, que tamén confire un mínimo de 25% ao estudantado (feito a ter en conta cando se detallan as porcentaxes definitivas).
239	FERNANDO JOSE SEDANO	/ Engadido	artigo 103.d)	103	Sector I: 51% Sector II: 7% Sector III: 28% Sector IV: 14%	Considerando os límites mínimos fixados na LOSU para o sector I (51%) e o sector III (25%), considérase oportuno non modificar as porcentaxes actuais do sector III nos estatutos vixentes pero si modificar as porcentaxes dos outros sectores, neste caso incrementando a representatividade do PTXAS no Claustro
242	FERNANDO JOSE SEDANO	/ Modificación	Artigo 103	103	3. e) Persoal investigador contratado consonte as modalidades contractuais previstas na normativa aplicable ás universidades públicas.  4. O colexio electoral do sector IV estará integrado polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos retribuído con cargo ao capítulo I das normas orzamentarias e polo persoal laboral técnico de apoio e de xestión contratado que cumpra as condicións que estipule o regulamento electoral xeral da Universidade. Tamén formará parte deste sector o persoal directivo	Segundo a Lei da Ciencia, o persoal de investigación inclúe ao persoal investigador e ao persoal técnico e de xestión. O persoal técnico de apoio e de xestión contratado con financiamento externo segundo a modalidade de contrato científico-técnico da Lei da Ciencia desenvolve tarefas que, estando asociadas á investigación, non son as que executa o persoal investigador e si están máis aliñadas coas que executa o colectivo do PTXAS Polo tanto, considerando o tipo de tarefas que desenvolven na Universidade, ten sentido incluír: -no sector II ao persoal investigador -no sector IV ao persoal técnico de apoio e de xestión.
360	ENRIQUE TACION FERNAND	Supresión	103.5	103	Propónse a supresión da última frase do artigo 103.5 do borrador de novos estatutos: "Tamén formará parte deste sector o persoal directivo."	O persoal directivo só debe poder formar parte do colexio electoral do Sector IV na medida en que teña a condición de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.
437	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	103.d)	103	"Proposta de reparto: Sector I: 51 Sector II: 10 Sector III: 25 Sector IV: 14"	Porcentaxe de representación respectando o establecido na LOSU. O Sector IV sempre estivo infrarepresentado e máis dende que se inclúe o persoal de apoio a investigación
589	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	103	103	Renumerar ben os apartados Eliminar no punto 5 "Tamen formará parte deste sector o persoal directivo"	Está mal numerados os distintos ítems. O persoal directivo ten que desaparecer do documento

718	MARÍA DOLORES CHEDAS	Supresión	Artigo 103.5	103	No apartado 5 do artigo 103 suprimir: Tamén formará parte deste sector o persoal directivo	Consideramos que o persoal directivo non pode formar parte do colexio electoral do sector V Aínda que non sexa exactamente o mesmo caso, no artigo 161 da lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia sobre o procedemento electoral para elección de membros de órganos de representación di:  b) Serán electores e elegibles el personal funcionario que se encuentre en la situación de servicio activo. No tendrá la consideración de elector ni elegible el personal funcionario nombrado por decreto para el puesto que ocupe ni el que tenga la condición de personal directivo.
144	FERNANDO DE LA TORRE	Modificación	104.1.g)	104	A aprobación do Estatuto do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela e das súas modificacións, contando coa maioría simple dos votos dentro do sector III.	Non se entendería a aprobación do Estatuto do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela, ou de modificacións do mesmo, en contra do criterio maioritario da representación do sector directamente afectado por esta normativa.
219	FERNANDO JOSE SEDANO	Aclaración	artigo 104	104	O borrador de estatutos da USC recolle no seu artigo 104. Competencias (do Claustro) apartado b) A elaboración e aprobación do regulamento xeral de centros e estruturas, tal e como reflicte o artigo 45.2 da LOSU apartado 2a). Elaborar e aprobar los Estatutos de la universidad y, en su caso, modificarlos, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 38.1, así como el reglamento general de centros y estructuras, y otras normas.  De acordo co indicado, pódese entender que a universidade debe desenvolver un regulamento marco (ou similar) que recolla as liñas xerais de funcionamento e gobernanza dos seus centros e estruturas que teñen que ser elaboradas e aprobadas polo Claustro? Implicará, necesariamente, a elaboración de novas normativas a partir desa novas liñas xerais ou simplemente unha "adaptación" das actuais normativas?	Coñecer as implicacións que supoñe este artigo de funcións no funcionamento futuro da USC
243	FERNANDO JOSE SEDANO	Engadido	Artigo 104	104	1. i) A aprobación das liñas xerais do orzamento e das liñas xerais da programación plurianual.	Esta competencia estaba incluída nos anteriores estatutos da USC. Por outra banda, está relacionada coa función de debate de política universitaria recollida na LOSU (artigo 45.2.b)
421	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 104.2	104	proponse a seguinte redacción: "O Claustro Universitario poderá traballar en pleno ou en comisión que emitirán informes que serán debatidos no claustro."	as comisión non poden tomar decisións, debe ser o claustro en asamblea
590	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	104	104	Engadir ás competencias do Claustro: - A aprobación das liñas xerais da programación plurianual - O coñecemento e debate da planificación estratéxica e das relacións de postos de traballo - o establecemento de criterios xerais que a USC deberá ter en conta para a creación, modificación de centros, áreas/departamentos e aparta da súa adscripción.	As competencias do Claustro quedan moi mermas coa LOSU. Constitúen un foro de debate e discusión construtivo que está sendo moi desaproveitado.
722	MARÍA DOLORES CHEDAS	Engadido	Artigo 104	104	Engadir no artigo 104, apartado i) o seguinte texto:_  e da programación plurianual	Engadir ás competencias do claustro, ademais das liñas xerais do orzamento, as liñas da programación plurianual
202	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 105.1	105	Mudar "A representación do estudiantado de todos os ciclos e modalidades renovarase cada dous anos" por "A representación dos sectores II e III renovarase cada dous anos."	Motivación: O carácter temporal do posto no que se atopan o sector II fai boa idea que a periodicidade das eleccións non sexa de 6 anos (para evitar multitude de postos vacantes). O razoable é entón que sexa un divisor de 6 e, en particular, propóñense ciclos de 2 anos, que permite facer o proceso electoral conxuntamente co sector III (estudiantado).
438	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	105.3	105	d) Por renuncia expresa dirixida ao reitor	Non se recolle a posibilidade de que un membro do Claustro queira voluntariamente, deixar de pertencer ao mesmo
591	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	105.2	105	eliminar que inclúe, polo menos, un 30% de persoal dos corpos docentes universitarios e do profesorado permanente laboral	Queda así unha redacción análoga á dos Estatutos actuais
180	alberto neira ferreiro	Modificación	106	106	O Consello de Goberno é o órgano ordinario de goberno da Universidade.	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado
33	COSME ELADIO POMBO	Modificación	Art 107.- Com)	107	e) XX estudantes (IV Ciclo incluído)	Tamén considero que o estudiantado de IV Ciclo debe estar representado no Consello de Goberno
52	Delfina Torres Álvarez	Engadido	107	107	Consello de Goberno: 1.- e) ...membros da comunidade universitaria, e do IV Ciclo, que se...	O IV ciclo debe estar no Consello de Goberno
123	M ASUNCION PEREZ PEREZ	Engadido	Artigo 107, ap	107	No 4º parágrafo .... " e IV ciclo"	Ser estudante da Universidade
132	xosé Valcárcel Sánchez	Modificación	artigo 107, ap:	107	XX estudantes, incluído IV Ciclo	En relación coa achega referida ao artigo 103
181	alberto neira ferreiro	Modificación	107.e	107	e)A Presidencia do Consello de Estudiantado	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado
200	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 107 e)	107	Engadir, na parte final da descrición de "membros do restante persoal docente e investigador" o texto "incluídas as persoas investigadoras en formación".	Motivación: Como xa se dixo, o carácter de investigadora en formación ven conferido polo RD 99/2011 e aplica tanto a doutorandas con contrato como sen contrato, polo que é razoable que formen parte do mesmo sector. Asemade, o feito de non formar parte do mesmo sector deriva en que a xente doutoranda, se logra un contrato, automaticamente decae do órgano para o cal foi electa. Isto supón un problema e agrava unha situación pola que se ten exposto preocupación en numerosas ocasións (a xente nova non participa nos órganos). Na práctica, ao igual que hai X representantes por áreas de coñecemento (que se empregan como subsectores), poderíase engadir un novo subsector relativo á EDIUS ou estudantes de doutoramento (con ou sen contrato).
293	alberto neira ferreiro	Modificación	107.3	107	3.O Consello de Goberno poderá traballar en pleno ou en comisións, cuxos membros serán elixidos por e de entre os membros do Claustro, respetando a proporcionalidade na súa composición, evitando duplicidades co Consello de Goberno.	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado Obxectivo de non existir dúas comisións acerca da mesma temática, unha nata do Claustro e outra do Consello de Goberno.

319	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	107	107	Dependente da consideración aceptada (ver Motivación)	A persoa que ocupe a dirección da Escola de Doutoramento Internacional da USC, tendo en conta que e necesaria a representación dos estudos de doutoramento no Consello de Goberno de xeito similar aos graos e másteres, debería poder formar parte do Consello de Goberno como membro nato. En efecto, a oferta actual dos estudos de doutoramento da Universidade está composta por 57 programas de doutoramento, máis de 2.500 alumnos matriculados, e un elevado número de profesores vinculados (+1.300) a algún destes programas.  En todo caso, a/s persoa/s directora/s da Escola/s de doutoramento debería estar en todo caso incluírse no colectivo de decanos e decanas de facultades e escolas (a EDIUS é un centro, e o seu director ou directora ten recoñecemento equivalente a decano ou decana) e non entre o colectivo de directores ou directoras de institutos universitarios de investigación, e de outras estruturas universitarias de investigación.
439	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	107.e	107	"Proposta de reparto: Representantes do claustro: 34 15 membros dos corpos docentes 4 membros do restante persoal docente e investigador 9 estudantes 6 membros do PTXAS 6 decanos e decanas 4 representantes dos directores e directoras 3 representantes do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria"	A LOSU marca unha maioría de sector I, pero nesta podese incluír o reitor e vicerreitores, decanos e directores de centros de investigación. A LOSU tamén esixe un mínimo do 10% para PTXAS e alumnos
592	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	107	107	Incluír ao director da EDIUS como membro nato	O director da EDIUS representa a todo o colectivo universitario. É coñecedor de todas as debilidades e fortalezas dos programas de doutoramento. Quizais sexa o posto máis transversal da USC.
593	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	107.2	107	Entre os membros natos ten que figurar o director da EDIUS, cuxa participación non debe estar sometida a rotación, nin debe minorar o cupo de decanos nin o de directores de centros de investigación.	O interese de que o director da EDIUS sexa membro nato xa foi explicado noutra alegación. Ten información da situación de todos o programas polo que se trata dun portavoz excelente en materia de doutoramento
326	JESUS JUAN LAMAS ALVARI	Engadido	108	108	Engadir como competencia do Consello de Goberno a aprobación dos plans de estudos (recollida tamén no art. 171)	Xa que se trata dunha competencia que figura no propio borrador, considero que estaría ben incluíla na relación de competencias deste órgano.
390	ELISA FERNANDEZ REY	Engadido	Capt. II, artigo	108	Engadir ás competencias do CG: Definir e impulsar, en coordinación coa unidade de normalización lingüística, un Plan de Normalización e Dinamización Lingüística.	Consideramos fundamental incorporar un Plan de Normalización e Dinamización Lingüística entre as responsabilidades de carácter social da universidade. Do mesmo xeito que o Consello de Goberno ten competencias para definir e impulsar plans orientados á igualdade de xénero, á inclusión e non discriminación, e á mitigación do cambio climático, tamén debería asumir un papel activo na preservación dos dereitos lingüísticos da comunidade universitaria e na promoción do galego. Este compromiso responde á situación crítica da lingua galega, tal como evidencian os datos recentes do Instituto Galego de Estatística, e á necesidade de contribuír á súa dinamización como parte do compromiso social da universidade.
440	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	108.e)	108	[...] e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, logo da negociación cos órganos de representación	Non pode ser aprobada unha modificación da RPT no Consello de Goberno sen ter pasado polos órganos de representación
441	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	108.f	108	Separar en dous puntos a aprobación dos orzamentos e das contas anuais	Non se realiza no mesmo momento, co que ten que figurar por separado cada proceso de aprobación
625	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	108	108	Engadir ás competencias: Crear, modificar e suprimir os/as departamentos/áreas e decidir a súa adscrición aos centros. -Ratificar os regulamentos de réxime interno dos centros e departamentos. - Crear, modificar e suprimir os servizos e unidades de apoio á docencia e á investigación, os de promoción e asistencia á comunidade universitaria e os de xestión e administración xeral. - Crear escalas de persoal de administración e servizos non consideradas nos presentes Estatutos e establecer o seu réxime retributivo. -Aprobar sistemas xerais de avaliación dos centros, departamentos, institutos, escolas de doutoramento e servizos da Universidade e do seu persoal. - Aprobar os plans de estudo, logo do informe da comisión correspondente do Claustro. - Aprobar e modificar as relacións de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da Universidade	Completar as funcións do CG
661	VICENTE PEREZ MUÑOZURI	Supresión	Artigo 108	108	Eliminar os apartados I, m e n e substituílos por un apartado máis xenérico tal como "Definir, aprobar e impulsar aqueles Plans e Estratexias que pola súa importancia sexan de interese para o conxunto da Universidade"	Os Plans que se mencionan neses Apartados son importantes e deben aprobarse e regularse no Consello de Goberno igual que outros que poidan xurdir no futuro, por iso é mellor non concretar e deixalo máis xenérico.
205	DANIEL CAO LABORA	Modificación	Artigo 109	109	Mudar "A representación do estudantado de todos os ciclos e modalidades renovarase cada dous anos" por "A representación dos sectores II e III renovarase cada dous anos."	Motivación: O carácter temporal do posto no que se atopan o sector II fai boa idea que a periodicidade das eleccións non sexa de 6 anos (para evitar multitude de postos vacantes). O razoable é entón que sexa un divisor de 6 e, en particular, propóñense ciclos de 2 anos, que permite facer o proceso electoral conxuntamente co sector III (estudiantado).
442	MINIA GARCIA ANGULO	Engadido	109bis	109	Perda de condición de membro do Consello de Goberno	Non está recollido, como si que o está para o Claustro, a perda de condición de membro do Consello de Goberno
594	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	111.i	111	Eliminar referencia aos adxuntos e adxuntas aos vicerreitores	Non aparecen mencionados en ningún outro artigo. Trátase dunha figura que pode existir ou non, segundo se queira organizar un equipo de goberno
388	NERY GARCIA PORTA	Modificación	112	112	Artigo 112.1.c: eliminar o requisito de ter experiencia en xestión, xa que a LOSU non a obriga.	A LOSU non obriga a ter experiencia en xestión
424	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 112.1.c	112	eliminar o requisito de ter experiencia en xestión, xa que a LOSU non a obriga.	non debemos meter máis requisitos dos necesarios
595	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	112	112	Suavizar o requisito c	Reducir a duración, e incluír outro tipo de xestión que non estea asociada a un cargo unipersonal.

637	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	112.2	112	O reitor ou a reitora será nomeado ou nomeada polo órgano correspondente da Xunta. (Proponse "Xunta" en lugar de "Xunta de Galicia" e minúsculas en "reitor" e "reitora")	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galeguidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se elimine o discutido topónimo "Galicia" e se nomee simplemente como "Xunta", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, "Xunta" sería precisamente o nome oficial da institución (artigo 9, e outros moitos, do Estatuto de autonomía; Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia...) e a expresión "de Galicia" (ou "de Galiza") constitúe unha adición prescindíbel. Canto ás minúsculas en "reitor" e "reitora", a proposta sería aplicábel a moitos outros lugares do borrador en que se empregan maiúsculas en contra dos criterios das normas.
596	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	113	113	Eliminar "que inclúa. polo menos un 30% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e profesores permanentes laborais"	Por coherencia co artigo 105
597	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	113	113	Aclarar o número de membros de PDI que formar parte dese terzo.: "un 30% DO persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e PPL"	A redacción é confusa. Suportamos 300 claustrais dos cales 150 son PDI Func ou PPL; un terzo está constituído por 100 claustrais. Canto membros de PDI func+PPL teñen que formar parte dese terzo? Opcións  a) 33 ou 34 b) 50
206	DANIEL CAO LABORA	Aclaración	Artigo 115	115	Non hai achega. Pídese aclaración.	A que se refire con vicerreitor máis antigo? Máis tempo como vicerreitor probablemente non (moi previsíbel que haxa empate múltiple)... Máis antigo en idade? Máis antigo tendo en conta o sistema de relación de cátedra, titularidade... e a antigüidade en cada corpo? Sexa como for, é preciso aclaralo.
598	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	115	115	Aclarar os significado de " máis antigo"	Na categoría profesional? Na Universidade? No posto? ...
474	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	116.5	116	Débase mudar "segredas" por "secretas"	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuír a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
599	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	116	116	Engadir as reunións semestrais con decanos, coordinadores de área/dtores de departamento	Trátase dun foro distendido no que se pode abordar moita da problemática asociada aos centros/areas/departamentos. Esa problemática pode analizarse dende puntos de vista moi diferentes sendo moi importante a visión do equipo de goberno, que é consciente de moitas das limitacións que impiden solucionar problemas.
600	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	116	116	Suprimir os puntos 4,5,6,7	Non ten ningún senso que figuren en Estatutos. Pode formar parte dun Regulamento do funcionamento do equipo de Goberno.
346	JUAN OREIRO FORMOSO	Supresión	117	117	Gabinete do Reitor ou da Reitora	Non se entende a necesidade de que figure en estatutos a figura do gabinete do reitor
348	JUAN OREIRO FORMOSO	Aclaración	117	117	Non se limita a orixe do director do gabinete do Reitor	¿Podería ser alguen provinte de outra institución ou do exterior da administración pública?
349	JUAN OREIRO FORMOSO	Aclaración	117.4	117	O Director ou Directora e os demais membros do Gabinete terán o nivel orgánico e retribucións que se determine na relación de postos de traballo.	¿En cal RPT?
601	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	117	117	Eliminar	Non ten sentido perpetuar a estrutura do actual equipo de goberno. Cada reitor debe poder organizar o seu equipo e a reitoría como mellor lle conveña para un bo desempeño das súas funcións.
725	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Supresión	Artigo 117	117	Supresión de todo o artigo 117 que desenvolve o Gabinete do Reitor ou Reitora	Para o asesoramento político e técnico o Reitor xa conta co equipo de goberno, o PTXAS, os delegados e delegadas, sen necesidade de crear unha nova estrutura nos estatutos En todo caso podería integrarse no texto o artigo 92 dos estatutos en vigor que lle dá a posibilidade de nomear asesores/as: 1. O reitor poderá nomear persoal asesor que realizará tarefas de confianza e asesoramento especial. Destes nomeamentos informará ao Consello de Goberno. 2. O persoal asesor previsto neste artigo en ningún caso poderá adoptar actos ou resolucións que lles correspondan legalmente aos órganos de goberno e de administración da Universidade. As funcións propiamente técnico-administrativas reservaranse sempre ao persoal de administración e servizos.
602	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	118	118	Suprimir	Non ten sentido perpetuar a estrutura do actual equipo de goberno. Cada reitor debe poder organizar o seu equipo e a estrutura da reitoría como mellor lle conveña para un bo desempeño das súas funcións.
603	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	121	121	Suprimir	Non ten sentido perpetuar a estrutura do actual equipo de goberno. Cada reitor debe poder organizar o seu equipo e a estruturar reitoría como mellor lle conveña para un bo desempeño das súas funcións.
229	MARIA DO CARME PACIN S	Supresión	12 2c	122	Eliminar: así como a participación nos procesos de mellora que estableza a Universidade.	Non é un deber participar nestes procesos.

294	alberto neira ferreiro	Modificación	122	122	1. A persoa titular da Secretaría Xeral será nomeada de entre o persoal docente e investigador funcionario doutor ou o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos funcionario con titulación universitaria que preste servizos na Universidade. Encargarse de dar fe de todos os actos e acordos dos órganos colexiados de representación, goberno e administración xeral, agás os do Consello Social e do Consello do Estudantado.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
443	MINIA GARCIA ANGULO	Aclaración	122	122	Non se dá nada respecto ao grupo ou subgrupo de pertenza do/a Secretario/a Xeral	Nos anteriores estatutos establecíase que tiña que ser do subgrupo A1. Que teña titulación universitaria non implica que pertenza a este grupo.
604	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	124.3	124	Diferencia salarial entre un xerente funcionario e xerente laboral	Descoñe esa cuestión
605	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	124.3	124	Un xerente laboral ao final do seu mandato: consolídase na modalidade de alta dirección ou volve ao seu posto? Ten dereito a finiquito ou indemnización?  Se é funcionario, que nivel lle corresponde? consolida nivel?	Tema completamente descoñecido que pode afectar ás contas e a RPT
247	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Sección 4ª - Ca	125		Artigo 125. Competencias 1.....  2. A Xerencia estará asistida polas unidades directivas necesarias para o desempeño das súas competencias. Estas poderán estruturarse xerarquicamente, en función da especialidade ou a complexidade das funcións que asuman, en vicexerencias, xefaturas ou direccións de área, servizos, oficinas e outras unidades de xestión cualificada. Estas unidades poderán estar dirixidas por persoal directivo das administracións públicas.  Artigo XXX. Persoal directivo 1. O persoal directivo desenvolverá funcións xerenciais con carácter profesional, cun nivel alto de autonomía e responsabilidade 2. Os requisitos a cumprir polo persoal directivo, a súa designación, determinación das condicións de emprego e avaliación do seu traballo deberán seguir o establecido na lexislación vixente para o persoal directivo nas administracións públicas. 3. A ordenación dos postos de traballo do persoal directivo realizarase a través dunha relación de postos directivos, que será aprobada polo Consello de Goberno, a proposta do Reitor ou Reitora, e previo informe da xerencia.	Sinalar que a xerencia poderá ter unidades directivas dirixidas por "persoal directivo" que debe cumprir unha seire de requisitos. Deste xeito non se fai unha distinción especial do persoal directivo como "membros da Comunidade Universitaria", da que en calquera caso forman parte. Máxime cando este persoal se inclúe no Sector IV do Claustro.
15	M CONCEPCION LAPIDO SI	Aclaración	127	127	O Consello de Goberno do 13 de decembro de 2017 aprobou o cambio de denominación que pasou a chamarse: Unidade de Xestión de Centro e Departamento	denominación exacta da unidade
26	MARIA LUISA BERCERO REC	Modificación	127.1.d)	127	127.1.D) A persoa responsable da Unidade de Xestión do centro.	O Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 16/12/2016 aprobou a reorganización das Unidades de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos, pasando a denominarse propiamente Unidades de Xestión de Centro e Departamento, sendo unha das súas misións xestionar toda a actividade administrativa do ámbito interno do centro, así como dos departamentos con sede no centro e das titulacións adscritas a cada centro.  Tendo en conta por unha banda, que agora se presenta unha proposta de estrutura organizativa excesivamente simplificada e pouco definida no centro e, por outra banda que as competencias propostas para o PTXAS no artigo 41.3, recollen expresamente tanto o desenvolvemento do apoio, asistencia e asesoramento ás autoridades académicas, como o propio exercicio da xestión e administración xunto co soporte á investigación, PROPONSE A RETIRADA DA EXPRESIÓN "APOIO" E A MODIFICACIÓN da denominación do posto de persoa que exercerá de responsable da unidade administrativa de xestión nos Centros, para que pase a denominarse: "A persoa responsable da Unidade de xestión do centro".  Como complemento do anteriormente indicado e dende a perspectiva diaria que ofrece o prestar servizo nun centro, coido necesario apuntarlles a necesidade de delimitar expresamente a duración do exercicio (máximo 6 anos non renovable) para a figura do Coordinador/a da área, xa que esta responsabilidade de xestión non figura incluída de xeito explícito dentro do artigo 93.3 (relación de órganos unipersoais). Polo tanto, podería deixarse marxe de interpretación á unha coordinación da área por período ilimitado. Do mesmo xeito, indicar que o texto non especifica a través de qué Unidade administrativa se xestionarán "os asuntos" das áreas de coñecemento (entendese que será a través das Unidades de xestión do Centro, máis non queda reflectido). Lémbrese que a dependencia funcional proposta para o PTXAS é a dirección do Centro, ou Servizo e non a coordinación da área.
145	FERNANDO DE LA TORRE CI	Modificación	127.1.f)	127	O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro. O regulamento electoral xeral determinará o encadramento no censo daquelas persoas con docencia en varios centros.	A actual redacción non precisa como alguén accede á condición de "censado", clave para a aplicación deste artigo. Exista a opción de especificar as condicións para a entrada no censo dun centro nun artigo adicional. Alternativamente, pode regularse no regulamento electoral xeral.
203	M AMPARO AZURMENDI RI	Modificación	127d)	127	O responsable ou a responsable da unidade de xestión de centros (retirada da expresión "apoio")	A denominación foi cambiada polo Consello de Goberno en sesión de 16/12/2016 e o 13/12/2017 . Esta cualificación adáptase máis amplamente ás verdadeiras funcións do posto, sendo unha das súas misións o xestionar toda a actividade administrativa do ámbito interno dos centros
426	JUSTO ARINES PIFERRER	Aclaración	Artigo 127.f	127	aclarar se na capacidade docente dun profesor a tempo completo se inclúe os descontos por xestión, docencia e investigación. Por exemplo, se un profesor tendo en conta os descontos ten un ano un encargo docente de 120h, O 35% do encargo compútase sobre as 120h ou sobre as 240h? Entendo que sería sobre as 120h, pero hai que acláralo.	necesita aclaración
429	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 127.3	127	proponse a seguinte redacción: "O persoal docente e investigador e o estudantado estarán censados soamente nun centro desta Universidade, nas condicións que estableza o Claustro. "	debe ser o claustro o que estableza como se fai o censo

462	emilio VAZQUEZ LAGE	Modificación	127.2 (b)	127	Eliminar "cando proceda" no final da oración.	O estudiantado de mestrado e doutoramento debe ter sempre representación, por ser o centro o lugar onde estuda ou traballa, respectivamente.
498	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	127.3	127	Substituír "...nas condicións que estableza o Consello de Goberno. " por "...nas condicións que estableza o Claustro. ".	As condicións para censar aos membros da Universidade nun centro deberían ser estables no tempo polo que o Claustro, como órgano máis representativo da comunidade universitaria, semella o órgano máis axeitado para facelo.
513	ANA MARIA BRAO VIÑA	Modificación	127. d)	127	O responsable ou a responsable da unidade de xestión de centro (e departamento se se mantén a estrutura)	No Consello de Goberno do 13 de decembro de 2017 aprobouse o cambio de denominación da unidade administrativa suprimindo a palabra "apoió".
606	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	127	127	Estarán todos os membros dunha área censados no mesmo centro?	O departamento é o órgano ao que todo o persoal da área pertence, a súa supresión esixe coñecer en que órgano colexiado se integran todos os membros dunha área
295	alberto neira ferreiro	Modificación	128.3	128	3.O regulamento poderá establecer a creación dunha comisión permanente e de comisións delegadas da consello de facultade ou o consello de escola, e determinará a súa composición, funcións e competencias, en calquera caso, a comisión permanente respetará a proporcionalidade do consello de facultade ou consello de escola.	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado
432	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 128.3	128	proponse a seguinte redacción:" O regulamento poderá establecer a creación dunha comisión permanente e de comisións delegadas da consello de facultade ou o consello de escola, e determinará a súa composición, funcións e competencias. As comisións delegadas emitirán informes que serán enviados o consello de facultade ou consello de escola para o seu debate e toma de decisión."	debe ser o consello de facultade o que tome a decisión, non as comisións delegadas que normalmente non comprenden todas as sensibilidades necesarias.
147	FERNANDO DE LA TORRE CI	Modificación	131.1	131	A persoa decana da facultade ou directora de escola será nomeada pola reitoría e elixida polo consello de facultade ou o consello de escola de entre o persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios ou profesorado permanente laboral da universidade censado no centro.	O artigo precisa dunha nova redacción para deixar claro que son todas as persoas do concello de facultade/escola quen votan para a elección do decano, non só os do actual sector I.
607	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	132	132	Engadir o caso de que o decano non tivera oportunidade de designar substituto	É unha situación pouco habitual, pero non por elo imposible
148	FERNANDO DE LA TORRE CI	Supresión	134	134	As persoas vicedecanas ou subdirectoras serán nomeadas pola reitoría a proposta dos decanatos ou direccións de escola.	Non existe unha normativa de rango superior que impida a persoal investigador en formación, estudiantado ou persoal técnico, de xestión e de administración e servizos sexa encargada dun vicedecano ou subdirección. Trátase de abrir a porta á posibilidade de corresponsabilizar a toda a comunidade dos centros no goberno e xestión dos mesmos.
296	alberto neira ferreiro	Modificación	134	134	Os vicedecanos e vicedecanas ou os subdirectores e subdirectoras serán nomeados polo Reitor ou Reitora, a proposta do decano ou decana ou director ou directora, de entre o persoal docente, investigador e estudiantado censado na facultade ou escola que reúna os requisitos establecidos para ser titular de órganos unipersoais.	Decisión GT Normativa Consello Estudiantado
444	MINIA GARCIA ANGULO	Aclaración	134	134	Nos novos estatutos non se recolle a posibilidade de ser vicedecano nin ao PTXAS nin ao estudiantado	Vaise realizar este cambio respecto aos anteriores estatutos?
244	FERNANDO JOSE SEDANO F	Engadido	artigo 140	140	1. f) O subdirector ou subdirectora e, de ser o caso, o secretario ou secretaria	Nos institutos e centros singulares de investigación é habitual que o labor de secretario ou secretaria poida ser realizado por unha subdirección (actualmente dirección adxunta) que é normalmente PDI do instituto ou centro. Polo tanto, sen desestimar a opción de que estas funcións poidan ser desenvolvidas polo PTXAS, non se debe limitar unicamente ao PTXAS.
726	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 140	140	No artigo 140 sobre a composición da comisión reitora dos centros de investigación engadir un novo apartado f) co seguinte texto: Unha representación de XX do persoal docente e persoal investigador vinculado ao centro	Asegurar a participación do persoal docente e do persoal investigador vinculado ao centro na toma de decisións e na elaboración das propostas do centro
782	MARIA DOLORES PEREZ ME	Engadido	Art. 140	140	- No Art. 140.1.e) engadir "e, de selo caso, o director ou directora adxunta." - No mesmo Art. 140.1, engadir un apartado f): "f) Outros ou outras vogais en representación de entidades públicas ou privadas, de acordo co que contemple o seu regulamento de réxime interno." - Na primeira liña do artigo 140.2, engadir "o director ou directora adxunta". A redacción podería quedar como sigue: "2. Actuará como secretario o director ou directora adxunta ou, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria de carreira, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos adscrito ao centro de investigación, nomeado como tal polo Reitor ou Reitora a proposta da dirección do centro."	Consideramos que o artigo debe ser coherente coa composición e funcionamento actual dos centros singulares de investigación xa consolidados, sen prexuízo de contemple, así mesmo, outras casuísticas de centros nos que, por exemplo, non haxa director/a adxunto. Esta achega, e outras as que dou traslado a través deste formulario, reflicte a opinión conxunta e consensuada polos Directores dos Centros Singulares de Investigación da USC
149	FERNANDO DE LA TORRE CI	Modificación	141.a) e b)	141	a) A aprobación, a proposta do consello de centro, do programa xeral de actividades e do Plan Estratégico e as súas modificacións. b) A aprobación, tras informe o consello de centro, da proposta de orzamento de ingresos e gastos así como da liquidación do mesmo, que acompañado da memoria de actuación, trasladará anualmente ao Consello de Goberno da USC.	A aprobación das decisións fundamentais relativas aos centros de investigación deben pasar por órganos representativos do persoal vinculado ao mesmo. Esta achega vai nun mesmo lote relativa aos órganos de goberno dos centros de investigación.
150	FERNANDO DE LA TORRE CI	Supresión	141. f) e g)	141	f) Propor ao Consello de Goberno da USC a aprobación do seu regulamento de réxime interno e das modificacións do mesmo.  g) Propor á reitoría o nomeamento da persoa directora do centro e establecer os mecanismos para a súa selección.	A aprobación das decisións fundamentais relativas aos centros de investigación deben pasar por órganos representativos do persoal vinculado ao mesmo. Ademais, non ten sentido que propoña un regulamento ao Consello de Goberno da USC un órgano no que 4/5 dos seus membros son tamén membros do Consello e/ou do Equipo de Goberno da USC.
608	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	141.a	141	Engadir ao final "en coordinación co Plan estratégico da Universidade"	As liñas de actuación e actividades deben estar en fase coa Planificación Estratégica da universidade.

151	FERNANDO DE LA TORRE CI Modificación	142	142	<p>1. O consello de centro será un órgano de goberno integrado por todas as persoas investigadoras vinculadas ao centro, por unha representación do persoal investigador non vinculado ao centro e por unha representación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.</p> <p>2. Os membros da comisión científica serán nomeados pola reitoría unha vez informada da vinculación do persoal investigador ao centro e do resultado dos correspondentes procesos electorais.</p> <p>3. A designación dos membros do comisión científica farase por un período de catro anos, renovables.</p>	A aprobación das decisións fundamentais relativas aos centros de investigación deben pasar por órganos representativos do persoal vinculado ao mesmo.
610	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	142.3	142	Ampliar a 6 a designación dos membros	Por coherencia
663	VICENTE PEREZ MUÑUZURI Modificación	Artigo 142.1	142	A comisión científica será un órgano asesor integrado por investigadores de recoñecido prestixio científico internacional externos á USC no ámbito de actuación do centro.	A comisión científica debe ser externa á USC
153	FERNANDO DE LA TORRE CI Modificación	143	143	<p>Serán funcións do consello de centro as seguintes:</p> <p>a) Propór á comisión reitora o programa xeral de actividades e do Plan Estratégico e as súas modificacións.</p> <p>b) Informar a proposta de orzamento de ingresos e gastos así como da liquidación do mesmo, que acompañado da memoria de actuación, trasladará anualmente ao Consello de Goberno da USC.</p> <p>c) Propór ao Consello de Goberno da USC a aprobación do seu regulamento electoral, regulamento de réxime interno e das modificacións do mesmo.</p> <p>d) Propór á reitoría o nomeamento da persoa directora do centro e establecer os mecanismos para a súa elección.</p> <p>e) Asistir á dirección e á comisión reitora sobre o seguimento da evolución da investigación e da transferencia dos resultados da investigación.</p> <p>f) Informar sobre o interese da vinculación de novo persoal investigador, e avaliar as solicitudes presentadas ás convocatorias de vinculación que se podan establecer.</p> <p>g) Avaliar periodicamente a actividade científica do centro e dos seus investigadores.</p>	A aprobación das decisións fundamentais relativas aos centros de investigación deben pasar por órganos representativos do persoal vinculado ao mesmo.
154	FERNANDO DE LA TORRE CI Modificación	144	144	A persoa directora do centro de investigación será nomeada pola reitoría e elixida polo consello de centro de entre o persoal investigador vinculado. O nomeamento será por un período de seis anos.	O director dun centro de investigación debe ser elixido de entre o seu persoal de maneira democrática.
609	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	144	144	Engadir ao final "improrrogables"	Por coherencia co resto dos cargos unipersoais da universidade
611	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Supresión	146	146	Eliminar o artigo 146, salvo que o director adxunto se inclúa na listaxe de cargos unipersoais. Non esquecer que nesta listaxe aparece o secretario, que non se volve a citar no texto	Coherencia do documento
308	PABLO TABOADA ANTELO Engadido	148	148	<p>A persoa ou persoas titulares da subdirección u subdireccións da EDIUS.</p> <p>Un máximo de catro representantes das entidades colaboradoras.</p>	<p>Falta engadir:</p> <p>oAos subdirectores da Escola como membros natos deste órgano. Non obstante, consideramos máis pertinente substituír a mención separada ao Director/a, Secretario/a e subdirectores/as pola mención xenérica "Equipo de dirección da Escola de Doutoramento", dado que flexibilizaría unha futura reorganización deste colectivo motivado por cambios no número de subdirectores/as, ou a incorporación de novas figuras ao Equipo de dirección (responsable de calidade da Escola, Coordinador/a das actividades formativas, etc.).</p> <p>oAos representantes das entidades asociadas, que serán un máximo de catro.</p>
626	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	148	148	En este artigo e noutros substituír Consello por Comité	Denominación incorrecta
627	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	148	148	<p>-Incluír aos subdirectores da Escola como membros natos deste órgano (Nota: substituír as mencións independentes ao Director/a, Secretario/a e subdirectores/as pola mención xenérica "Equipo de dirección da Escola de Doutoramento", tc.).</p> <p>-e aos representantes das entidades asociadas, que serán un máximo de catro.</p>	Deste xeito sería compatible cunha futura reorganización do equipo debido a cambios no número de subdirectores/as, ou á incorporación de novas figuras.
298	alberto neira ferreiro Modificación	149.o)	149	o)Velar polo cumprimento do código de boas prácticas da Escola de Doutoramento e mediar nos conflitos que se presenten no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do papel designado a estes efectos da Valedoría da comunidade universitaria e calquer outro órgano con competencias.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado

309	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	149	149	Ver texto Regulamento Réxime Interno da EDIUS	As competencias do Comité de Dirección establecidas no artigo 149 fan referencia ao Regulamento de réxime interno da EDIUS derrogado, sendo preciso actualizalas segundo o texto en vigor.
628	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	149	149	Este artigo xunto con 150 e o 153 deben ser modificados	Están baseados nun regulamento derogado
310	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	150	150	Ver texto do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS	As competencias do Director/a da Escola de Doutoramento establecidas no artigo 150 fan referencia ao Regulamento de réxime interno da EDIUS derrogado, sendo preciso actualizalas segundo o texto en vigor.
629	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	152	152	Engadir un segundo punto que regule a substitución do secretario	Non figura
311	PABLO TABOADA ANTELO	Modificación	153	153	"A persoa titular da Dirección cesará por decisión do reitor ou reitora, logo de acordo do Comité de Dirección, adoptado por maioría absoluta dos seus membros, ou por petición propia"	-No artigo 153, relativo ao cese do director da Escola de Doutoramento, dise: "O Director ou Directora da Escola de Doutoramento cesará no seu cargo ao final do seu mandato, por dimisión, por disolución do Consello de Dirección da Escola de Doutoramento e como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta" sendo incongruente co sistema de cese previsto no Regulamento de réxime interno en vigor
312	PABLO TABOADA ANTELO	Engadido	Non existe	153	"En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da Secretaría será substituída polo membro da EDIUS que determine a persoa directora."	Falta un artigo relativo á substitución da persoa secretaria da Escola de Doutoramento, que segundo o Regulamento de réxime interno en vigor.
313	PABLO TABOADA ANTELO	Engadido	Non existe	153	Artigo 13 do Regulamento de Réxime interno da EDIUS	-Falta incluír un réxime para os/as subdirectores/as de Escola de Doutoramento (artigo 13 do Regulamento de réxime interno en vigor).
250	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	artigos 157 a 1	157	Artigo 157. Estratexia de internacionalización 1. A Universidade de Santiago de Compostela elaborará a súa propia estratexia de internacionalización, con especial atención ao espazo europeo de educación superior así como a outros espazos de cooperación internacional, para o que terá en consideración os obxectivos establecidos na estratexia de internacionalización do sistema universitario, de acordo coa lexislación vixente. Para tal fin definirá plans de internacionalización da oferta académica, de titulacións oficiais e propias para mellorar a calidade e alcance da docencia e a formación, así como plans de internacionalización da investigación e da transferencia e intercambio do coñecemento. 2. A Universidade de Santiago de Compostela fomentará a creación e a participación en alianzas interuniversitarias e proxectos internacionais xunto con institucións de educación superior e organismos de investigación doutros países ou con organizacións internacionais.	Considérase máis axeitado incluír un único artigo que faga referencia á "estratexia propia" que a USC debe desenvolver nen materia de internacionalización que poderá desenvolverse en plans específicos relacionados coas titulacións, investigación e transferencia do coñecemento
633	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	161	161	Artigo 161 Límite de prazas das titulacións No marco do disposto pola lexislación vixente, correspóndelle ao Consello de Goberno da Universidade propoñerlle á Comunidade Autónoma galega o límite de prazas das titulacións, logo da proposta dos centros respectivos. (Proponse "galega" en lugar de "de Galicia".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ningún discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutibel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolo-nos os estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenas de normas publicadas no DOG. Incluso, noutros lugares deste borrador (artigos 101, 108 etc.) consta simplemente a expresión "Comunidade Autónoma", que tamén pode ser unha alternativa adecuada.
612	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	163	163	Engadir un punto 2: 2. Esta normativa regulará os aspectos principais da programación do-cente das disciplinas, entre os que figurarán profesorado, horario, contidos básicos dos programas e criterios e sistemas de avaliación, que serán homoxéneos para todos os grupos dunha mesma materia. Determinará, así mesmo, o órgano responsable de establecer cada un dos seus elementos e de velar polo seu cumprimento, así como os prazos en que deberá estar á disposición do estudiantado	Este punto figura nos actuais Estatutos. Trata de fomentar a coordinación docente e o cumprimento das programacións.
299	alberto neira ferreiro	Aclaración	164	164	Título: Normativa de avaliación do rendemento académico e revisión de cualificacións	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
327	JESUS JUAN LAMAS ALVARI	Modificación	165	165	165 Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos O Consello de Goberno aprobará a normativa para a o recoñecemento e transferencia de créditos de estudos superiores, tanto universitarios coma non universitarios, de acordo cos criterios xerais establecidos pola lexislación vixente	A terminoloxía validacións e adaptacións xa non se utiliza no RD 822/2021 (xa é así desde o RD 1393/2007), que fala de recoñecemento e transferencia de créditos. Actualizar á actual nomenclatura.
14	JOSE JAVIER MAJADAS SOT	Supresión	166.4	166	Sugiero suprimir el apartado 4 del artículo 166 que dice "No desenvolvemento das actividades docentes e formativas procurárase a innovación nos métodos de ensinanza-aprendizaxe. Co este fin ofertárase formación ao profesorado en estratexias de innovación docente específicas".	En el desarrollo de las actividades docentes la innovación en sí no puede en ningún caso ser un "fin", sino un "medio"; el fin tiene que ser la calidad. Declarar la innovación docente como fin no solo es perjudicial sino que además contradiría que se busque la calidad docente (si uno llegase a la docencia de calidad óptima en cierto contexto, la innovación le conduciría a cambiar de docencia pasando necesariamente a una calidad peor).  Sugiero suprimir ese apartado: reiterar una vez más en los estatutos que se persigue la calidad docente no tiene sentido pues ya aparece varias veces; por otra parte, señalar a nivel de estatutos la innovación docente como un "medio" sin señalar otros medios más necesarios (profesorado, contenido, ...) podría dar una mala imagen de esta universidad (son precisamente algunas de las universidades privadas recientes que no pueden presumir de calidad docente las que hacen énfasis en la innovación docente).

668	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	167.1	167	1. A Universidade de Santiago de Compostela impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal. (...)	<p>A Universidade de Santiago de Compostela non debería empregar o termo "nacional" para se referir ó que é de ámbito español, xa que ese ámbito non é recoñecido como nación por unha parte importante da sociedade galega nin, menos aínda, da comunidade universitaria. Nestes casos, debería empregar o termo "estatal" ou "español/a". Isto contribuiría tamén ó (re)coñecemento de que a nosa universidade se acha nun estado plurinacional, plurilingüístico e multicultural, coñecemento que á universidade lle corresponde espallar, de maneira especial, entre tódalas institucións públicas.</p> <p>Alén destes casos concretos do borrador, a única maneira de garanti-lo emprego futuro dos termos propostos semella que é a de o establecer nunha norma universitaria e, preferibelmente, nos propios Estatutos. Propónse a seguinte:</p> <p>A Universidade de Santiago de Compostela recoñécese dentro da nación galega. Na USC procurarase reservar o uso do termo "nacional" para se referir ó ámbito galego.</p>
34	COSME ELADIO POMBO RC	Engadido	Art 168.-	Estur 168	2. A Universidade de Santiago de Compostela, a través do IV Ciclo, garantizará a oferta de formación.....	Entendo que o IV Ciclo ven sendo a formación dos cidadáns ao longo da vida.
53	Delfina Torres Álvarez	Engadido	168	168	Estudos propios: 2)... garantirá, a través do IV Ciclo a oferta...	O IV é propiamente, a formación dos cidadán ao longo da vida.
124	M ASUNCION PEREZ PEREZ	Modificación	Artigo 168	168	A Universidade de Santiago de Compostela, a través do IV Ciclo, garantirá a oferta de formación permanente conformada por ensinanzas cuxa finalidade é fortalecer a formación dos cidadáns ao longo da vida, actualizando e ampliando os seus coñecementos, capacidades e habilidades xerais, específicas ou multidisciplinares dos diversos campos	O IV Ciclo é a mellor garantía para a formación permanente ao longo da vida
133	xosé Valcárcel Sánchez	Modificación	artigo 168, ap.	168	2. A Universidade de Santiago de Compostela garantirá, a través do programa de IV Ciclo, a oferta de formación permanente...	Entendo que as persoas redactoras deste apartado no proxecto de reforma estaban a pensar na docencia impartida en IV Ciclo. A miña achega unicamente pretende darlle visibilidade.
155	FERNANDO DE LA TORRE CI	Aclaración	170	170	No artigo menciónase aos departamentos, enténdese que é un erro de redacción.	Aclaración na redacción do artigo.
328	JESUS JUAN LAMAS ALVARI	Modificación	170	170	As facultades e escolas organizarán os estudos que dan dereito á obtención dos títulos de grao e máster universitario, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes deste mesmo	Engadir a master o calificativo de "universitario", xa que se trata da denominación completa dos títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional.
613	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	171.3	171	Suprimir	Non me parece que teña que figurar en Estatutos
253	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	artigo 173	173	Artigo 173 Actividade investigadora, de transferencia e innovación 1. ...., así como a formación de persoal investigador e a transferencia do coñecemento xerado, ..... ..... 3. ...., baixo os principios de investigación e innovación responsables. 4. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá as relacións entre a investigación universitaria, as necesidades sociais e culturais e a súa articulación co sistema produtivo, atendendo especialmente á estrutura social e económica de Galicia.	Os engadidos que se propoñen non alteran o sentido do artigo pero si recollen termos (como innovación) e principios (como os recollidos na IIR) que entendemos "melloran" o texto. O apartado 4 procede doutro artigo 176 que se propon eliminar
223	MANUEL ABOAL SOMOZA	Aclaración	174	174	Aclárese qué é a "ciencia cidadá", e minímcese este artigo, si é que non se pode suprimir ó estar na LOSU.	Pura ideoloxía e demagogia: aínda que estea recollido na LOSU este concepto, a propia LOSU non o define. Considero que unha institución universitaria non debera dar pé a calquera desvarío do lexislador, como é o caso.
259	FERNANDO JOSE SEDANO F	Modificación	Artigo 174	174	Artigo XXX Difusión e divulgación da actividade investigadora  1. .... a comunidade científica, así como os obxectivos ..... Con este fin, ..... e fomentará o desenvolvemento e uso dos repositorios institucionais de acceso aberto e gratuito. 2. .... 3. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá a divulgación do coñecemento científico ao conxunto da sociedade para o que fomentará o desenvolvemento de unidades especializadas de comunicación .	A ciencia aberta está moi relacionada coa difusión en aberto (de resultados e datos) e ten sentido que a USC promova a creación de repositorios institucionais para facilitar esta tarefa ao persoal investigador. Por outra banda, a divulgación da ciencia é unha actividade cada vez máis necesaria na que é fundamental a existencia de unidades de comunicación especializada
614	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	174	174	Destacar a importancia do Servizo de Biblioteca no eido da Ciencia aberta e concretar as súas aportacións	O papel da biblioteca é esencial para cumprir cos preceptos da LOSU que cita explicitamente as Bibliotecas no artigo 12.7

157	FERNANDO DE LA TORRE C/ Engadido	175.1	175	<p>1. Sen prexuízo da investigación que poida realizarse de forma individual, ordinariamente desenvolverase en grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, e centros de investigación, así como noutras estruturas que se constituían con esta finalidade. Os grupos de investigación son unidades organizadas arredor de liñas comúns de actividades científicas. Estarán formados por persoal docente e investigador, persoal investigador en formación e, de ser o caso, persoal técnico, e coordinados por un ou varios investigadores responsables. O Consello de Goberno aprobará as normas de organización e funcionamento dos mesmos. Estas contemplarán, cando menos:</p> <p>a) A existencia dun consello de grupo con capacidade para discutir cuestións estratéxicas para o cumprimento dos fins do mesmo, o establecemento e supresión de liñas de investigación, a vinculación de novo persoal investigador.</p> <p>b) Os mecanismos para o control orzamentario dentro dos grupos de investigación por parte do persoal investigador e investigador en formación vinculado aos mesmos.</p> <p>c) O proceso de elección das persoas coordinadoras dos grupos de investigación.</p>	Os grupos de investigación son, na actualidade, as unidades de investigación ordinarias dentro da universidade. Tamén son os espazos onde se xestiona unha boa parte dos recursos financeiros, captados a través de convenios e/ou convocatorias competitivas. Ata o momento, estas estruturas funcionaron xestionando unha cantidade de diñeiro relevante sen estaren sometidas a control por parte do persoal vinculado ás mesmas. Isto debe mudar en aras dunha maior transparencia e debate racional á hora da asignación de recursos.
258	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Artigo 175	175	<p>Artigo XXX Organización da investigación</p> <p>1. A actividade de investigación na Universidade de Santiago de Compostela desenvolverase tanto individual como, preferentemente, en grupos de investigación recoñecidos pola Universidade ou a través de estruturas de investigación propias e outras estruturas que a Universidade considere apropiadas para esta finalidade. O grupo de investigación é a unidade básica de organización da investigación na Universidade de Santiago de Compostela e estará formada por persoal con funcións de investigación e apoio que comparten obxectivos científicos arredor de liñas comúns de investigación. O Consello de Goberno aprobará os criterios de constitución e as normas de organización e funcionamento dos grupos de investigación.</p> <p>2. .... da transferencia do coñecemento xerado e .....</p>	É unha proposta de texto alternativo nun contexto diferente ao que existía.
615	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	175	175	Recuperar a intervención do Consello Social	Así figura nos Estatutos vixentes
261	FERNANDO JOSE SEDANO / Supresión	Artigo 176	176	Eliminar o artigo completo	Atendendo a proposta de integrar os capítulos de investigación e transferencia este artigo queda integrado nun modificado artigo 173
656	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ Modificación	176	176	<p>Artigo 176 Actividade de transferencia</p> <p>A Universidade de Santiago de Compostela promoverá as relacións entre a investigación universitaria, as necesidades sociais e culturais e a súa articulación co sistema produtivo, atendendo especialmente á estrutura social e económica galega.</p> <p>(Proponse "galega" en lugar de "de Galicia".)</p>	<p>A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galeguidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutibel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma.</p> <p>En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galego", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel.</p>
262	FERNANDO JOSE SEDANO / Supresión	Artigo 177	177	Eliminar	Este artigo recolle literalmente o indicado no artigo 4. Por outra banda, na proposta de modificación do artigo 174 xa recollería en liñas xerais a necesidade de "divulgar" a ciencia, que tamén estaría en relación cunha nova proposta de capítulo relacionado coa sociedade e a cultura na universidade
264	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Artigo 178	178	<p>1. A Universidade, .... e as estruturas de investigación, así como o seu ..... públicas e privadas, nacionais ou internacionais, para a realización de traballos de...</p> <p>2. ....</p> <p>c) A titularidade dos resultados que se poidan obter e, de ser o caso, os requisitos para a súa explotación.</p> <p>d) Os criterios para fixar o destino dos bens e recursos que se obteñan.</p>	Aportación de pequenas modificacións ao texto, incorporación da "necesidade" de definir nos "contratos" a quen lle corresponde a titularidade dos resultados e finalmente, tentar non mesturar a participación do persoal investigador nos posibles beneficios dunha explotación comercial que supostamente deberían recollerse nunha normativa xeral da USC asociada a propiedade industrial e intelectual dos resultados e a súa explotación.
616	MARIA ELENA LOPEZ LAGO Modificación	178	178	Reescribilo	Modificar radicalmente a redacción para facilitar a comprensión.
267	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Artigo 179	179	<p>1. A Universidade, ....., poderá crear ou participar en empresas baseadas no coñecemento desenvolvidas a partir dos resultados acadados nas actividades de investigación e innovación, sempre que internalicen a totalidade dos seus custos.</p> <p>2. ....</p> <p>3. A creación ..... Para tal efecto, o Consello de Goberno establecerá a normativa específica que regule os requisitos para a creación ou a participación neste tipo de entidades por parte da Universidade así como a participación nelas do seu persoal de acordo coa lexislación vixente.</p>	De acordo coa LOSU as universidades poden tanto "crear" como "participar" en EBCs. Abrindo a posibilidade de "participar" en calquera momento en empresas baseadas nos resultados propiedade da universidade que xa foron creadas. Por outra banda, é preciso desenvolver (ou actualizar) unha normativa específica para a creación/participación de EBCs coa nova lexislación.
7	DESIRE MARIA DOMINGUE Modificación	180.2	180	e) Xestión documental e arquivo	O carácter transversal das funcións propias que desenvolve o Arquivo Histórico en materia de xestión documental deberían estar recollidas de xeito diferenciado como servizo que se presta á comunidade universitaria. A xestión documental non só é relevante para a preservación da memoria da institución, senón tamén para facer valer os seus dereitos e deberes.

351	JUAN OREIRO FORMOSO	Aclaración	180	180	Entre os servizos que se ofertan a comunidade universitaria está o servizo de vixilancia da saúde. ¿Entendese que a USC vai a ter un servizo propio de asistencia médica a comunidade universitaria, a maiores dos servizos públicos de saúde?	Baixo ese nome, existe actualmente un servizo que forma parte da estrutura de prevención da USC. Cabe recordar que o RD 39/1997 indica que: "O servizo de prevención propio constituirá unha unidade organizativa específica e os seus integrantes dedicarán de forma exclusiva a súa actividade na empresa a finalidade do mesmo.
724	jorge Rial Fondo	Engadido	Artigo 180	180	Artigo 180.2: " En todo caso, a universidade outorgará e prestará o seguintes servizos á comunidade universitaria: (...) f) Aloxamento. (engadido) Mediante o Servizo Universitario de Residencias (SUR), que promoverá á equidade económica do alumnado e á inclusión dos seus membros. (...)"  Artigo 183 (engadido): "Servizo Universitario de Residencias (SUR) 1. O Servizo Universitario de Residencias, composto polas residencias e os colexios maiores que se adhiran á normativa aprobada en Consello de Goberno e aos presentes estatutos, estará adicado principalmente ao aloxamento do estudantado da Universidade, e tamén daquelas persoas que participen en actividades realizadas por ela mesma. 2. Cada residencia e colexio maior estará dirixida por un director ou unha directora, pertencente á comunidade universitaria, nomeado/a e cesado/a a través do Consello de Goberno. Formará parte dun Consello de Residentes xunto coa participación dos residentes ou colexiais, e cuxas funcións quedarán establecidas no regulamento do servizo aprobado en Consello de Goberno."	O establecemento da estrutura e motivación do servizo de aloxamento que aparece citado no Artigo 180.2, de maneira similar ao formato dos artigos 154 a 156 dos estatutos vixentes. Presento o seguinte engadido con carácter modificable, debido a que a miña proposta soamente é que se estableza un marco claro de cal é o ámbito deste servizo, posto que a normativa ou regulamento pertinente é a que se debería encargar da súa xestión, non necesariamente os Estatutos da Universidade.
729	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 180 e se	180	No artigo 180 dos servizos universitarios engadir o articulado dos estatutos actuais que describe servizos esenciais da USC: artigos do 149 ao 156	O texto proposto limitase a enunciar unha serie de servizos sen ningún tipo de desenvolvemento, o que é claramente insuficiente para a importancia que teñen
738	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 180e se	180	No capítulo VI do Título IV da prestación de servizos á comunidade universitaria engadir o texto:  A Universidade asumirá, con carácter xeral, a xestión directa dos seus servizos." E "Naqueles casos en que a Universidade opte pola prestación dos seus servizos en réxime de xestión indirecta ou en réxime de dereito privado, deberá garantirse que estes se presten en condicións vantaxosas para os usuarios e coas máximas garantías de calidade. Para estes efectos, estableceranse comisións de seguimento e control con participación dos usuarios e dos distintos sectores da comunidade universitaria.	Ademais de solicitar que se inclúan expresamente de novo servizos que aparecían desenvolto nos estatutos en vigor como o Servizo Universitario de Residencias, o Servizo de Deportes, o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico o Servizo de Normalización..., solicitamos que se manteña a redacción proposta que asegure a prestación dos servizos por parte da USC e cos medios da USC
743	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Modificación	Artigo 180	180	Engadir no Capítulo VI do Título IV da prestación de servizos á comunidade universitaria o texto:  3. A decisión sobre a prestación de novos servizos universitarios corresponde ao Consello de Goberno, a proposta do Reitor ou Reitora e previo informe da Xerencia sobre a súa sustentabilidade financeira e non duplicidade respecto dos servizos xa existentes. A supresión ou modificación dos servizos enumerados neste capítulo deberá ser aprobada polo claustro.	Non consideramos oportuno que a decisión da modificación ou supresión da Biblioteca e Arquivo, do Servizo de Normalización Lingüística, do Servizo de Deportes, do Servizo Universitario de Residencias, do Servizo de Vixilancia da saúde, etc., lle correspondan ao Consello de Goberno, por proposta do reitor ou Reitora. Consideramos que son decisións de calado que merecen unha reflexión e acordo máis amplo por parte da comunidade universitaria.
617	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	181	181	Engadir ao final "a través da creación de comisións de usuarios ou, de ser o caso, da súa participación nos órganos de dirección"	É importante unha realimentación entre distintos axentes de interese nun proceso de mellora continuada
465	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	183.1	183	Débase muda-lo castelanismos "servicios" por "servizo"	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
618	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Supresión	185	185	Eliminar o artigo ou retirar "en dependencia directa co reitor"	Cada reitor pode deseñar a xestión dos sistemas de calidade como mellor considere para que resulte eficaz e eficiente

5	FELIX NAVAZA ALLER	Modificación	186.1	186	Valorar modificar a termo «xerarquicamente» por «organicamentes», de tal xeito que onde di: «A Inspección de Servizos é un órgano administrativo dotado de autonomía funcional e dependente xerarquicamente do Consello de Goberno», parece recomendable que dixera: «A Inspección de Servizos é un órgano administrativo dotado de autonomía funcional e dependente orgánicamente do Consello de Goberno».	Achega realizada tendo en conta a autonomía funcional á que se fai mención tamén nese mesmo parágrafo do artigo e tendo en conta tamén, as diferentes acepcións que pode ter o principio de xerarquía.
300	alberto neira ferreiro	Modificación	186	186	1.A Inspección de Servizos é un órgano administrativo dotado de autonomía funcional e dependente xerarquicamente do Claustro Universitario.	Decisión GT Normativa Consello Estudantado
481	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	186.1	186	Débese suprimir-lo acento de "orgánicamente", propio do castelán e incorrecto no galego.	Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servizos, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros. En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "*plantilla", "*dirección", "*convalidación", "*dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC. Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria. A constatación desta situación pode contribuir a entender a motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.
750	MARÍA DOLORES CHEDAS F	Engadido	Artigo 186	186	Engadir no artigo 186, apartado 2 o texto: das funcións que ten encomendada  Co cal o texto do apartado quedaría: A Inspección de Servizos terá como función velar polo correcto funcionamento das funcións que ten encomendada a a Universidade de Santiago de Compostela e dos servizos que presta de acordo coa normativa de aplicación, así como polo cumprimento dos deberes dos membros da comunidade universitaria.	completar o sentido do artigo, aumentando as competencias do servizo
619	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	187	187	Ver comentario referido al 186. Aplica también a los artículos 188, 189	Queda mais clara a súa razón de ser
634	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	191.1 a	191	a) Dos bens de dominio público que estean afectos ao cumprimento das súas funcións e asumirá a titularidade daqueles que no futuro sexan destinados ás mesmas finalidades polo Estado ou pola Comunidade Autónoma galega. (Proponse "galega" en lugar de "de Galicia".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ningún discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenaes de normas publicadas no DOG. Inclusive, noutros lugares deste borrador (artigos 101, 108 etc.) consta simplemente a expresión "Comunidade Autónoma", que tamén pode ser unha alternativa adecuada.
635	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	193.2	193	2.A Universidade de Santiago de Compostela, pola súa condición de ente vinculado á Comunidade Autónoma galega, gozará das exencións, bonificacións e reducións propias dos entes públicos de titularidade autonómica, nos termos previstos na normativa vixente. (Proponse "galega" en lugar de "de Galicia" e unha vírgula antes de "nos termos".)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ningún discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenaes de normas publicadas no DOG. Inclusive, noutros lugares deste borrador (artigos 101, 108 etc.) consta simplemente a expresión "Comunidade Autónoma", que tamén pode ser unha alternativa adecuada.
620	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	194	194	Este artigo e o 195 deben ser eliminados e redactados seguindo o espírito dos Estatutos actuais (Artigos 167-169)	Non se está a falar do plan de execución do programa electoral do reitor.

158	FERNANDO DE LA TORRE	Engadido	198	198	<p>1. O Claustro Universitario aprobará, a proposta da reitoría, as liñas xerais de orzamento.</p> <p>2. O Reitor ou Reitora presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que decidirá sobre a súa proposición ao Consello Social para a súa aprobación. O proxecto non poderá entrar en contradición co disposto nas liñas xerais aprobadas polo Claustro Universitario.</p> <p>3. No procedemento de elaboración do orzamento incluíranse informes de impacto por razón de xénero e de impacto medioambiental.</p>	Facer coherente a redacción do artigo co disposto no artigo 104 relativo ás competencias do Claustro Universitario.
445	MINIA GARCIA ANGULO	Modificación	199.2	199	Por resolución da xerencia determinarase o alcance da prórroga, así como os axustes nos créditos iniciais do orzamento prorrogado	Segundo a normativa de aplicación (Lei xeral orzamentaria, lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Regulamento de xestión orzamentaria) non existe a denominación partida, senón que son créditos
621	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Modificación	200	200	Incluír 5. Liñas xerais aprobadas polo Claustro	Darlle competencias ao órgano máis representativo da comunidade universitaria
622	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	203.2	203	Engadir ao final: "e dará conta ao Claustro"	Render contas ao órgano máis representativo da universidade
623	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	203	203	Engadir un punto indicando:  O Claustro universitario poderá tamén crear unha comisión específica para exercer un control sobre as contas da Universidade	Nalgúns casos pode ser necesario supervisar as decisións do equipo de goberno e do Consello de Goberno
639	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	203.3	203	3. A Universidade remitiralle as contas anuais á Xunta; así como ao Consello de Contas, como entidade responsable do control externo. (Propónse "Xunta" en lugar de "Xunta de Galicia", así como outras mudanzas menos importantes.)	<p>A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma.</p> <p>En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se elimine o discutido topónimo "Galicia" e se nomee simplemente como "Xunta", co cal ningunha opción léxítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel.</p> <p>Ademais, "Xunta" sería precisamente o nome oficial da institución (artigo 9, e outros moitos, do Estatuto de autonomía; Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia...) e a expresión "de Galicia" (ou "de Galiza") constitúe unha adición prescindíbel.</p>
640	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	204	204	(...) e colaborará coa Xunta no control dos gastos e ingresos, de acordo ca lexislación vixente. (Propónse "Xunta" en lugar de "Xunta de Galicia".)	<p>A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galegitude ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma.</p> <p>En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se elimine o discutido topónimo "Galicia" e se nomee simplemente como "Xunta", co cal ningunha opción léxítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel.</p> <p>Ademais, "Xunta" sería precisamente o nome oficial da institución (artigo 9, e outros moitos, do Estatuto de autonomía; Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia...) e a expresión "de Galicia" (ou "de Galiza") constitúe unha adición prescindíbel.</p>
330	jose manuel llopis piquero	Supresión	207	207	A Universidade, así como os seus centros, institutos de investigación, escolas de doutoramento e outras estruturas de docencia ou investigación, poderán organizar actos académicos solemnes. Entre os que organice a Universidade estará necesariamente o de apertura do curso, que será presidido polo Reitor ou Reitora. A Universidade, así como os seus centros, institutos de investigación, escolas de doutoramento e outras estruturas de docencia ou investigación, en tanto institución laica, non poden nin deben organizar ou participar da organización de actos relixiosos.	A Universidade es e debe ser una institución laica, non pode ter símbolos relixiosos, en favor da igualdade e do respecto a todas as crenzas e a todos os membros da comunidade que a conforma (Título preliminar, artículo 2). A conmemoración de Santo Tomé de Aquino e doutros santos da Igrexa Católica, en tanto patróns dos diferentes centros da Universidade, non teñen nin poden ter espazo na nosa institución.
434	JUSTO ARINES PIFERRER	Modificación	Artigo 211.3	211	proponse a seguinte redacción: Cando se propuxese a revisión total dos Estatutos ou unha parcial que afecte aos títulos Preliminar, Primeiro, Segundo e Terceiro, a reforma dos Estatutos requirirá a aprobación pola maioría simple do Claustro."	A redacción do borrador permite o bloqueo de facto sin más con la no asistencia de los claustrales .
484	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	211.4	211	Débese muda-lo castelanismo "subsanados" polo galego "emendados".	<p>Cómpre salienta-los erros lingüísticos (da lingua galega) que aparecen no borrador. Non nos referimos agora ás simples faltas de ortografía, senón a algo máis grave: os castelanismos (non admitidos nas normas da RAG), é dicir, palabras e expresións alleas á lingua propia da USC. Pomos, a seguir, algúns exemplos, simplemente con carácter ilustrativo: *servicios, *cese (aparece máis de 20 veces), *licencias, *ubicación, *exercizo, *segreda, *cumprimentación (de documentos), *orgánicamente, *subsanados etc.; ou, no propio texto das "bases empregadas para a elaboración do borrador", "orde *sistemático", entre outros.</p> <p>En todo o caso, este tipo de erros (nunha cantidade inxente: "plantilla", "dirección", "convalidación", "dietas" etc. etc.) seguen a ser habituais en moitos aspectos da actividade da USC.</p> <p>Obviamente, os erros do borrador poderán ser depurados no proceso de elaboración e, en última instancia, polo DOG, mais, polo que respecta ó escenario xeral, parece lamentábel que, despois de case medio século de suposta normalización lingüística, na Universidade se sigan a ignorar sistemáticamente cuestións elementais da lingua galega, que deberían ser propias da educación primaria, e, moitas veces, en expresións que son de uso continuo na actividade universitaria.</p> <p>A constatación desta situación pode contribuir a entende-la motivación e a pertinencia dalgunhas das alegacións que se presentan pola nosa parte.</p>
499	CARLOS MONTERO ORILLE	Modificación	211.3	211	Substituír "...requirirá a aprobación pola maioría absoluta do Claustro." por "...requirirá a aprobación pola maioría simple do Claustro."	Por experiencias pasadas nesta universidade, o requisito de maioría absoluta permite o bloqueo de facto coa non asistencia dos claustrais .

641	JOSE CARLOS GONZALEZ AÍ	Modificación	211.4	211	4. O novo texto seralle remitido á Xunta para a súa ratificación. Se existisen reparos de legalidade, serán emendados de acordo co establecido no procedemento previsto no apartado segundo e o texto corrixido remitiráselle novamente á Xunta. (...)  (Proponse "Xunta" en lugar de "Xunta de Galicia", nas dúas veces que aparece. Tamén "emendados" en lugar do castelanismos "subsannados" e outras mudanzas de menor importancia.)	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galeguidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se elimine o discutido topónimo "Galicia" e se nomee simplemente como "Xunta", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, "Xunta" sería precisamente o nome oficial da institución (artigo 9, e outros moitos, do Estatuto de autonomía; Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia...) e a expresión "de Galicia" (ou "de Galiza") constitúe unha adición prescindíbel.
721	MARIA DOLORES MOURIZ	Modificación	211.3	211	proponse a seguinte redacción: Cando se propuxese a revisión total dos Estatutos ou unha parcial que afecte aos títulos Preliminar, Primeiro, Segundo e Terceiro, a reforma dos Estatutos requirirá a aprobación pola maioría simple do Claustro."	A redacción do borrador permite o bloqueo de facto sen mais coa non asistencia de los claustrais .
751	XESUS PRIETO BLANCO	Modificación	211.3	211	proponse a seguinte redacción: Cando se propuxese a revisión total dos Estatutos ou unha parcial que afecte aos títulos Preliminar, Primeiro, Segundo e Terceiro, a reforma dos Estatutos requirirá a aprobación pola maioría simple do Claustro."	A redacción do borrador permite o bloqueo de facto sen mais coa non asistencia de los claustrais .
624	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Aclaración	212	212	Por que se eliminaron os artigos relacionados cos servizos. Supoño que porque poderían formar parte un regulamento propio Que vai suceder con Sistema Universitario de Residencias, que agora se substitúe por Aloxamento?	Sorprende esa poda de artigos e crea certa confusión. Vaise a abordar unha reestructuración dos mesmos?
560	MARIA ELENA LOPEZ LAGO	Engadido	45	445	Engadir despois de "homes": na medida do posible	Pode haber algún posto no que sexa complicado.
784	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Modificación	(artigos 89.1 0		Cambios de "Xunta de Galicia" por "Xunta	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galeguidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios, se elimine o discutido topónimo "Galicia" e se nomee simplemente como "Xunta", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, "Xunta" sería precisamente o nome oficial da institución (artigo 9, e outros moitos, do Estatuto de autonomía; Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia...) e a expresión "de Galicia" (ou "de Galiza") constitúe unha adición prescindíbel.
765	MARÍA DOLORES CHEDAS	Aclaración	todo o texto	00	Artigos referidos ao persoal con cargo a proxectos de investigación (definición, representación, funcións...)	Queda sen resolver o encadre da totalidade do persoal contratado con cargo a proxectos de investigación. Esta ambigüidade dota de incoherencia a unha boa parte do articulado da proposta de estatutos.
783	SUSANA MARIA DOVAL SU/	Modificación	(artigos 2.1h, : 00		Cambios de "Comunidade Autónoma de Galicia" por "Comunidade Autónoma galega" (	A palabra que nomea o país non é unha palabra calquera, senón que se pode considera-la palabra máis importante que temos ou, polo menos, integrante do núcleo duro do idioma. Por iso, entendo que na norma máis importante da nosa universidade deberíamos evitar utilizar esta palabra na forma que, segundo moita xente e, concretamente, moitas persoas especialistas (da propia Universidade tamén), é castelá e non galega. A forma propiamente galega, cuxa galeguidade ninguén discute, é "Galiza". Incluso sería moi discutíbel cal é actualmente a denominación oficial en galego da comunidade autónoma. En todo o caso, o que se solicita agora é que, para evitarmos agravios e, inclusive, para blindármolos nosos estatutos ante futuros escenarios, se mude o discutido topónimo "Galicia" polo xentilicio "galega", co cal ningunha opción lexítima se sentiría excluída nunha cuestión tan sensíbel. Ademais, a fórmula "Comunidade Autónoma galega", aquí proposta, é a usada preferentemente no Estatuto de autonomía (artigos 10, 27, 28 etc. etc.) e en centenaes de normas publicadas no DOG. Inclusive, noutros lugares deste borrador (artigos 101, 108 etc.) consta simplemente a expresión "Comunidade Autónoma", que tamén pode ser unha alternativa adecuada.
225	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	Capítulo II do	capitulo II	CAPÍTULO III	Suxírese cambiar a numeración do Capítulo II do TÍTULO II (no actual borrador de estatutos)  Ao propor un Capítulo I Disposicións xerais no Título II, a numeración modifícase
232	FERNANDO JOSE SEDANO /	Modificación	Renomear e re	capitulo II	Sección 4ª Dos institutos e centros singulares de investigación	Aínda que se especifica que os centros de investigación poderán utilizar o termo instituto ou centro, actualmente baixo a denominación de "centro" hai un conxunto de estruturas que deberían considerarse como "outras estruturas de investigación". Igualmente, os requisitos específicos esixidos actualmente para a creación dos centros singulares e dos institutos son diferentes. Outra cuestión é que tanto institutos como centros singulares poden estar suxeitos a unha "acreditación externa", como as xestionadas desde a Xunta (acreditación de centros) ou desde a AEI (acreditación María de Maeztu) que poden nalgún caso ser coincidentes para ambos tipos de estrutura.

235	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo II do ` capitulo II	Capítulo II. "Dos organos colexiados xerais".	<p>Segundo a LOSU o Claustro é o máximo órgano (colexiado) de representación e participación, da comunidade universitaria. Igualmente, o Consello Social é o órgano (colexiado) de participación e representación da sociedade. Finalmente, o Consello do Estudiantado é o órgano colexiado superior de representación e coordinación.</p> <p>"Literalmente", o único órgano colexiado de goberno é o Consello de Goberno</p>
237	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Capítulo II do ` capitulo II	Sección 4ª Do Consello do Estudiantado	Suxírese incluír no proposto novo Capítulo II do Título III unha nova sección: Sección 4ª (Do Consello do Estudiantado), considerando que é un "organo colexiado" na USC.
302	PABLO GARRIDO GIL Engadido	capítulo II-seci capitulo II	Engadir o texto dos estatutos vixentes da USC (2014) incluídos nos artigos 48 e 49 dos devanditos estatutos.	<p>1-Motivación legal: A LOSU nos artigos 40 e 41 indica que "Se habilita a las universidades para estructurarse, según lo determinen sus Estatutos, en campus, facultades, escuelas, departamentos, institutos universitarios de investigación, escuelas de doctorado o en otros centros o estructuras necesarios para el desarrollo de las funciones que le son propias (artículo 40). La LOSU distingue la creación, modificación y supresión de facultades y escuelas, que será competencia de la Comunidad Autónoma, a iniciativa de la universidad mediante propuesta y aprobación de su Consejo de Gobierno, de la creación, modificación y supresión de departamentos, institutos, escuelas de doctorado y otros centros o estructuras que corresponderá a las universidades, conforme a lo estipulado en la LOSU, su normativa de desarrollo y sus Estatutos (artículo 41)."</p> <p>Na LOSU non se establece en ningún momento a organización en áreas de coñecemento e si en departamentos.</p> <p>2-Motivacións organizativas, xurídicas e de representación: A continuidade dos departamentos na Universidade de Santiago de Compostela é fundamental, xa que constitúen a estrutura máis eficaz e xuridicamente estable para a organización e xestión universitaria. A súa permanencia garante a representación de todos os estamentos –profesorado, estudiantado e PAS– na toma de decisións, o que non asegura o modelo de áreas proposto, que deixa desprotexidos sectores fundamentais da comunidade universitaria. Os departamentos facilitan a coordinación transversal da docencia e a asignación eficiente de recursos entre centros e titulacións. Pola contra, o modelo de áreas limita a capacidade de resposta ás necesidades interdepartamentais, poñendo en risco a calidade do ensino e dos servizos académicos. Na xestión de persoal e na creación de prazas docentes, os departamentos son interlocutores directos coas vicerreitorías, axilizando procesos e evitando bloqueos. Ademais, permiten resolver conflitos entre áreas, facendo a xestión máis operativa. O modelo de áreas introduce incerteza ao non contar cunha figura de dirección nin documentación formal de acordos, elementos clave para unha toma de decisións eficaz e legal. A eliminación dos departamentos suporía a perda de representación do profesorado no Consello de Goberno, debilitando a súa voz nas decisións estratéxicas. Os departamentos ofrecen flexibilidade para adaptarse ás necesidades actuais da universidade, fronte a un modelo de áreas cunha vinculación a un catálogo nacional incerto.</p>
39	FRANCISCO OMIL PRIETO Engadido	Novos artigos: Capítulo II	Adaptar os artigos 103 a 109 dos actuais estatutos da USC	<p> Parece unha proposta que vai a revés do que a universidade actual precisa: en vez de crear unidades máis fortes (por exemplo, menos departamentos pero con máis masa crítica) se indica a supresión dun ente que na gran maioría dos casos exerce un papel fundamental e moi complementario ós centros (os departamentos) dandolle relevancia a un ámbito moito menos coñecido e a piques de experimentar unha gran transformación a nivel nacional (como son as áreas de coñecemento). Pasando dun órgano colexiado a outro de menor entidade, e que está grandemente cuestionado.</p> <p>Estruturar a universidade en áreas de coñecemento supón incrementar dos 50 departamentos actuais a unhas 148 áreas de coñecemento, moitos deles cun número moi reducido de profesorado, ou con profesorado distribuído en diferentes centros/campus.</p> <p>Ao vincular as áreas de un único centro (artigo 69.2) vai ser difícil que o centro atenda adecuadamente as demandas da área noutros centros da USC.</p> <p>Segundo o artigo 44.1 deberían ser órgano de goberno e segundo o 44.2 da LOSU habería que crear órganos unipersoais ("otros órganos específicos... que determinen los estatutos") incrementando a complexidade administrativa fronte aos departamentos que engloban áreas.</p> <p>Por outra parte o termo "área de coñecemento" está practicamente desaparecido da LOSU (1 alusión) e previsto modificalo dende o goberno mediante R.D., polo que existe o risco de que se teñan que modificar en pouco tempo.</p>
42	ANUSKA MOSQUERA CORR Engadido	Novos artigos: Capítulo II	Adaptar os artigos 103 a 109 dos actuais estatutos da USC.	<p>Estruturar a universidade en áreas de coñecemento supón incrementar dos 50 departamentos actuais a unhas 148 áreas de coñecemento, moitos deles cun número moi reducido de profesorado, ou con profesorado distribuído en diferentes centros/campus.</p> <p>Ao vincular as áreas de un único centro (artigo 69.2) vai ser difícil que o centro atenda adecuadamente as demandas da área noutros centros da USC.</p> <p>Segundo o artigo 44.1 deberían ser órgano de goberno e segundo o 44.2 da LOSU habería que crear órganos unipersoais ("otros órganos específicos... que determinen los estatutos") incrementando a complexidade administrativa fronte aos departamentos que engloban áreas.</p> <p>Por outra parte o termo "área de coñecemento" está practicamente desaparecido da LOSU (1 alusión) e previsto modificalo dende o goberno mediante R.D., polo que existe o risco de que se teñan que modificar en pouco tempo.</p>

118	CRISTINA MOURON FIGUEF Modificación	Capítulo II Do Capítulo II	<p>f)Especificar que actividades 'extraacadémicas' serían susceptibles para o dereito á esta escolla de grupo. Non parece que se poida aceptar calquera tipo de actividade extraacadémica, pois suporía un agravio comparativo para aquel alumnado que non teña este tipo de actividades ademais de provocar descompensación de número de alumnado nos grupos co que se cargaría máis a un/unha profesor/a que outro/a, se os grupos son impartidos por profesorado distinto. Non obstante, a dita xustificación debería ser concedida polo decanato dos centros.</p> <p>q)Non parece equilibrado que o profesorado teña que asumir como carga extra o deseño de actividades a maiores para aqueles estudantes que non poidan asistir ás clases por razóns laborais....Aclárese se neste caso o alumnado debería solicitar dispensa de asistencia ao decanato do centro. Lémbrese que a USC non é unha universidade a distancia e que o profesorado non ten a obriga de facer avaliacións 'a carta'. De igual modo, non hai especificidade para as razóns de tipo persoal e familiar... polo que se solicita, de novo, aclaración con respecto á concesión de ditas xustificacións que posibilitaría tal tipo de atención extra.</p>	delimitación clara das obrigas do profesorado no que respecta ás tarefas de avaliación e organización do alumnado.
194	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Posible nova si Capítulo II	<p>Subsección 4ª. Da Valedoría da Comunidade Universitaria Artigo XX. Natureza.</p> <p>1. A Valedoría Universitaria é o órgano unipersoal encargado de velar pola defensa e a garantía dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria, fronte as actuacións dos diferente órganos e servizos universitarios.</p> <p>2. As actuacións da Valedoría non estarán sometidas a mandato imperativo de instancia universitaria ningunha e virán rexidas polos principios de independencia, autonomía e confidencialidade asumindo as tarefas de mediación, conciliación e bos oficios, de acordo coa lexislación vixente.</p> <p>3. A valedoría réxese polo estatuto do valedor ou valedora da comunidade universitaria que será elaborado e aprobado polo Claustro universitario.</p> <p>Artigo XX. Funcións</p> <p>Son funcións da Valedoría da Comunidade Universitaria:</p> <p>a) Recibir queixas e observacións que os membros da comunidade universitaria realicen sobre o funcionamento da Universidade.</p> <p>b) Intervir na solución dos problemas que se lle sometan e sobre os que teña competencia para actuar.</p> <p>c) Asistir ás sesións dos órganos colexiados da Universidade que se ocupen de calquera materia relacionada coas actuacións que está a realizar.</p> <p>d) Presentar un informe anual ao Claustro, no que dará conta das súas actividades e incorporará as recomendacións e suxestións de mellora que estime oportunas.</p> <p>e) Instar e promover ante os órganos correspondentes actuacións e iniciativas para mellorar a calidade, así como os dereitos e liberdades, dos membros da comunidade universitaria.</p> <p>f) Calquera outra que se lle poida imputar, de acordo coa normativa vixente e a súa propia regulación.</p> <p>Artigo XX. Procedemento de elección, cesamento e duración do mandato</p> <p>1. O Valedor ou Valedora da comunidade universitaria será elixido ou elixida polo Claustro</p>	Suxírese que se engada unha subsección nova (a 4ª) no proposto renomeado Capítulo II (Da Administración Xeral e dos Servizos Universitarios) do TÍTULO II (Capítulo I no borrador actual) e, polo tanto se elimine o Capítulo VI (Do valedor ou valedora da comunidade universitaria) do Título I:
204	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Nova subsección Capítulo II	<p>Subsección 5ª. Da Inspección de Servizos Artigo XXX. Natureza.</p> <p>1. A Inspección de Servizos é un órgano administrativo dotado de autonomía funcional e dependente xerarquicamente do Consello de Goberno.</p> <p>Artigo XX. Funcións</p> <p>Son funcións da Inspección de Servizos:</p> <p>a) Velar polo correcto funcionamento dos servizos que presta a Universidade de Santiago de Compostela de acordo coa normativa de aplicación, así como polo cumprimento dos deberes dos membros da comunidade universitaria.</p> <p>b) Levar a cabo a incoación e instrución dos expedientes disciplinarios que afecten aos membros da comunidade universitaria</p> <p>c) Levar o seguimento e control xeral da actividade universitaria.</p> <p>Artigos XXX.....:Manter o Artigo 187 a Principios de actuación, Artigo 188 Plan de Inspección e Artigo 189 O Inspector ou Inspectora de Servizo iguais</p>	Suxírese que se engada unha subsección (5ª) nova no proposto renomeado Capítulo II (Da Administración Xeral e dos Servizos Universitarios) do TÍTULO II (Capítulo I do actual borrador) e, polo tanto se elimine a Sección 2ª (Da Inspección de Servizos) do Capítulo VI (Da Garantía da Calidade) do Título IV (Da actividade Universitaria):
			s	

210	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Nova Sección / Capítulo II	Sección 2ª. Dos servizos universitarios Artigo XX Tipoloxía 1. A Universidade de Santiago de Compostela establecerá servizos universitarios que serán de tres tipos: a) Servizos destinados ao apoio á docencia, á investigación e á transferencia de coñecemento b) Servizos destinados a ofrecer apoio á comunidade universitaria. c) Servizos destinados a favorecer a colaboración entre a Universidade e a sociedade 2. En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela prestará os seguintes servizos á comunidade universitaria: a) Orientación psicopedagóxica, de prevención e fomento do benestar emocional. b) Orientación profesional. c) Vixilancia da saúde. d) Biblioteca e arquivo. e) Normalización lingüística. f) Aloxamento en residencias universitarias. g) Deporte. 3. A decisión sobre a prestación de novos servizos universitarios e sobre a súa modificación ou supresión, corresponde ao Consello de Goberno, a proposta do/a Reitor/a e previo informe da Xerencia sobre a súa sustentabilidade financeira e non duplicidade respecto dos servizos xa existentes. Artigo XX Réxime xurídico (igual que o artigo 181 do borrador dos estatutos) Artigo XX Calidade (igual que o artigo 182 do borrador dos estatutos)	Suxírese que: -se engada unha sección nova no proposto renomeado Capítulo II (Da Administración Xeral e dos Servizos Universitarios) do TÍTULO II e, polo tanto -se elimine o Capítulo V (Da prestación de servizos á comunidade universitaria) do Título IV (Da actividade Universitaria)
246	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo III do Capítulo III	Capítulo III "Dos órganos unipersoais xerais"	Por manter unha coherencia coa proposta realizada para o Capítulo II respecto dos órganos colexiados xerais.
248	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo IV do capítulo IV	Capítulo IV Dos órganos colexiados e unipersoais de facultades e escolas	Xa hai unha proposta de modificar os órganos de "goberno" colexiados xerais. Polo tanto, aplícase o mesmo principio de homoxeneidade
252	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo IV e C capítulo IV	Capítulo IV. Da investigación, a transferencia e intercambio do coñecemento e a innovación	Suxírese integrar o Capítulo IV (Da Investigación) e o Capítulo V (Da transferencia) nun único capítulo no que se inclúa o termo "innovación" moi relacionado coa creación de empresas.
275	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Novo artigo no capítulo IV	Artigo XX. Resultados da actividade de investigación e innovación  1. Correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela a titularidade e os dereitos de explotación dos resultados da investigación e a innovación obtidos polo persoal con funcións investigadoras da Universidade realizada cos medios persoais, materiais e de coñecemento desta, así como daqueles outros dereitos de propiedade intelectual ou industrial que lle correspondan de acordo co establecido na lexislación vixente sobre propiedade intelectual e industrial e segredo empresarial. Igualmente, correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela a titularidade e os dereitos de explotación dos resultados da investigación e a innovación dos resultados derivados dos traballos aos que se refire o artigo 60 da Lei Orgánica do Sistema Universitario, sempre que non se estableza contractualmente un destino alleo á Universidade dos mesmos. 2. O Consello de Goberno aprobará a normativa específica sobre o uso dos resultados xerados nas actividades académicas e de investigación e innovación, conforme á lexislación vixente sobre propiedade intelectual e industrial, así como da participación nos rendementos económicos que puideran derivarse do mesmo.	Na proposta de integración do capítulo IV e V nun único capítulo IV, cabe a posibilidade de incluír un artigo específico sobre a propiedade dos resultados de investigación e innovación (e quizais sobre a propiedade derivada das tarefas que desenvolve o persoal en relación coas actividades da USC). Igualmente preisarás do desenvolvemento dunha normativa específica
37	SOCORRO RODRIGUEZ HOL Modificación	Capt. V, dos ór Capítulo V	Propónse a inclusión dun órgano colexiado de dirección dos centros de investigación formado por unha representación dos investigadores vinculados/adscritos ao mesmo.	Na proposta presentada destaca a ausencia dun órgano de dirección/xestión colexiada dos membros do Instituto. Nin a comisión reitora (na que o único membro do Centro sería o director/a) nin a comisión científica (órgano asesor científico externo) poden, dadas as súas respectivas composicións, colaborar co director/a no exercicio das funcións que se lle encomendan nin na toma de decisións do día a día. Unha estrutura carente de dirección colexiada casa mal cunha concepción da actividade científica colaborativa e corresponsable. E algunhas das funcións que se lle atribúen ao director/a (v. gr. "designar entre o persoal investigador vinculado aos investigadores principais, xefes de grupo e/ou responsables de área") resultan igualmente pouco compatibles con esa concepción.  Nota aclaratoria: A achega preséntase a iniciativa do Consello Científico do IpsiUS
249	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo IV do Capítulo V	Capítulo V. Dos órganos colexiados e unipersoais de institutos e centros singulares de investigación".	En primeiro lugar hai un erro na numeración (pásase do Capítulo IV ao VI) de aí ese cambio. Por outra banda, xa hai unha proposta de modificar os órganos de "goberno" colexiados xerais. Polo tanto, aplícase o mesmo principio de homoxeneidade
389	ELISA FERNANDEZ REY Modificación	Capt. V, Dos ór Capítulo V	Incorporación dun órgano colexiado de dirección dos centros de investigación formado polas investigadoras e investigadores vinculados/adscritos ou unha representación delas e deles, segundo estableza o seu regulamento.	Na proposta presentada, obsérvase a carencia dun órgano de dirección e xestión colexiada que represente aos membros do Instituto. A comisión reitora (da que o único representante do Centro sería o/a director/a) e a comisión científica (órgano asesor científico externo) non posúen a estrutura nin a composición necesarias para apoiar ao/a director/a no exercicio das súas funcións nin na toma de decisións cotiás, no deseño da estratexia ou na definición da axenda investigadora. Esta falta de dirección colexiada dificulta o fomento dun enfoque colaborativo da actividade investigadora, baseado na participación e corresponsabilidade de todos os membros.

392	ELISA FERNANDEZ REY	Engadido	Cap. V, Dos órj capítulo v	Incorporación de secretaria/o como órgano de goberno unipersonal dos centros de investigación.	No artigo 93, apartado i) menciónanse como órganos unipersonais da Universidade de Santiago de Compostela os secretarios e secretarías dos centros de investigación. No entanto, no capítulo V do Título III "Dos órganos de goberno dos centros de investigación" non se menciona este órgano de goberno unipersonal, pois unicamente figuran como tal as directoras e directores, indicándose que é posible nomear un director adxunto ou unha directora adxunta. Un centro de investigación precisa un secretario ou secretaria que se encargue da expedición das certificacións de acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Por outro lado, propónse tamén a incorporación dun órgano de goberno de dirección dos centros de investigación, cuxas sesións deberían ser convocadas pola secretaria ou polo secretario do centro e cuxas actas deberían ser redactadas, autorizadas e custodiadas por el(a).
106	AURELIO FRANCISCO BARR	Engadido	Páxina 70, CAF Capítulo VI	Engadir no CAPÍTULO VI. Da prestación de servizos á comunidade universitaria. Punto 2 despois do apartado d) outro apartado e) Publicacións. Correndo os outros epígrafes f) Normalización lingüística g) Aloxamento, h) Deportes	Os servizos universitarios fan a función de apoio a investigación e a docencia e a editorial universitaria ten a función principal de servir de apoio ao estudo, docencia, investigación, extensión cultural, mediante a edición de libros ou revistas en soporte papel ou outro medio tecnolóxico. Nos estatutos actuais ven recollido así: Artigo 158  1. A editorial universitaria é o único órgano da Universidade de Santiago de Compostela con competencia exclusiva para editar, comercializar e intercambiar libros, revistas e outras publicacións realizadas con cargo a fondos universitarios, calquera que sexa o seu soporte de edición. Cumpre, así pois, un papel fundamental no apoio e na transferencia da investigación. A organización, estrutura e funcións deste órgano serán definidas nun regulamento propio aprobado polo Consello de Goberno.  Se as competencias universitarias en materia de edición non se incorporan co máximo nivel de importancia, é dicir, nos estatutos da Universidade, queda aberta a posibilidade de que, sen ningún tipo de control, calquera instancia (persoas, grupos, proxectos, departamentos...) poidan editar pola súa conta usurpando a marca editorial e a representación institucional da Universidade.
774	darío Senín Sotelo	Engadido	Título IV Capít Capítulo VII	Os exames deberán ter un mínimo de aprobados do 20% e un mínimo de asistencia do 50%, de non ser o caso, o decanato ou dirección do centro deberá estudar ese caso en concreto e tomar medidas para non repetir o acontecido	Mejorar la calidad docente, ya que no tiene sentido que haya docentes dando clase y que su examen lo aprueben 3 personas de 100 y no puede nada, creo que debe de haber unos máximos y mínimos. Por exemplo, si hay una tasa del 80% de aprobados, darle un mérito al docente o algo (sin incluir cierta falsedad en las notas aplicando Gauss para que gente con un 3 apruebe y así estar entre esos límites)
208	DANIEL CAO LABORA	Engadido	Disposición ad DA	Propónse a mantención da disposición adicional sexta dos estatutos anteriores e a súa mellora mediante a seguinte fórmula para incluír nunha disposición adicional dos novos Estatutos "A Universidade dará publicidade aos acordos e resolucións de carácter xeral dos seus órganos de goberno, que estará accesibles a través da páxina web da mesma dende o momento no cal produzan efectos. Neste sentido, a Universidade indicará claramente a versión consolidada e vixente de cada acordo ou resolución e posibilitará, así mesmo, a lectura das versións consolidadas previas."	Motivación: Actualmente, a consulta de acordos e resolucións da USC supón unha busca confusa. É doado atopar textos na web que non se sabe se están en vigor ou non, ou se sufriron algunha actualización posterior por algunha modificación. Para solucionar isto, propónse un mecanismo de funcionamento como o que opera no BOE para a lectura de Reales Decretos ou Leis, que permite consultar a versión actual en vigor e, tamén, a versións anteriores.
230	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación		Seccións 1ª a 7 Sección I	Modificar as numeracións das Seccións 1ª a 7ª por Seccións 2ª a 8ª	Ao propor eliminar a sección 1ª do renomeado Capítulo II no Título II, do borrador actual as seccións deben reenumerarse
684	MARIA DOLORES MOURIZ / Modificación		Capítulo II, Sex Sección 2	Sección 2ª: substituír "das áreas de coñecemento" por "dos Departamentos"	Estou en contra da supresión dos Departamentos, perderíamos garantías e multiplicaría os conflitos.
660	VICENTE PEREZ MUÑOZURI Engadido		Sección 6ª Sección 6	Incluír un artigo sobre a creación, modificación e supresión de clínicas universitarias. Aínda q podería ter cabida no artigo 85 (outras estruturas especializadas) pola súa relevancia debería contar cun artigo separado.	Neste momento poderían incluírse neste apartado de clínicas algunha das actividades realizadas en odontoloxía, óptica e psicoloxía. A creación da figura de clínica universitaria facilitaría a relación co sector privado, e a xestión das actividades que realizan
179	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación		Título I Capitu Tit I Capitulo	Sección 1ª. Disposicións xerais Artigo XX. Definición O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos é o colectivo da comunidade universitaria encargado de prestar soporte, asesorar e asistir á Universidade de Santiago de Compostela así como exercer a xestión e administración nos eidos necesarios para o cumprimento dos fins e obxectivos da Universidade.  Artigo XX. Tipoloxía e réxime xurídico 1. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos estará constituído polo persoal funcionario das escalas propias, das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas e polo persoal laboral e polo persoal técnico de apoio e de xestión laboral contratado de acordo co disposto na lexislación aplicable, que presten os seus servizos na Universidade de Santiago de Compostela. 2. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos funcionario réxese polo establecido na lexislación estatal e autonómica no ámbito das súas competencias, por estes estatutos e as súas normas de desenvolvemento e polos pactos e acordos aprobados. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos laboral réxese tamén pola lexislación laboral e polos convenios colectivos e acordos que lle sexan de aplicación. 3. A Universidade de Santiago de Compostela, na medida do posible, tenderá a equiparar as condicións laborais do persoal funcionario e laboral de acordo coa normativa vixente Artigo XX. Plan de formación (igual que o artigo 47 do borrador dos estatutos) Artigo XX Mobilidade (igual que o artigo 48 do borrador dos estatutos)  Sección 2ª. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos  Artigo XX. Escalas e categorías (igual que o artigo 41 do borrador dos estatutos) Artigo XX. Instrumentos de ordenación dos postos de traballo (igual que o artigo 42 do	Atendendo ás súas tarefas o persoal contratado debería estar integrado no colectivo de Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS), e podería ser contratado (seguindo o indicado no artigo 89.4 da LOSU) mediante a modalidade de contrato científico-técnico previsto na Lei da Ciencia. Así, o chamado persoal técnico de apoio á investigación participa nas actividades de investigación realizando tarefas relacionadas coa aplicación de conceptos e métodos operativos e usando equipamento de investigación, normalmente baixo a supervisión do persoal investigador. Pola súa banda, o persoal técnico de xestión da investigación ocupase de promover a actividade e as capacidades do persoal investigador e das estruturas de investigación, así como da xestión dos proxectos de investigación, da propiedade intelectual e industrial e da promoción da transferencia de coñecemento. Polo tanto, NON se deben considerar ao mesmo integrado nunha figura como é a do "persoal investigador". Por outra banda, este persoal técnico contratado debería ter dereitos similares ao PTXAS respecto á súa formación e mobilidade, tendendo a que as súas retribucións sexan equiparables (tal e como recolle o "Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e de apoio á investigación da USC").

280	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Novo Capítulo título IV	<p>Capítulo V. Da colaboración coa sociedade e da cultura</p> <p>Artigo XX. Relación coa sociedade</p> <p>1. A Universidade de Santiago de Compostela considera a relación coa sociedade un aspecto esencial da súa actividade e un requisito necesario para desenvolver o servizo público de educación superior.</p> <p>2. A Universidade de Santiago de Compostela impulsará iniciativas e actividades para incrementar a formación, a cultura e os coñecementos da cidadanía a través de diversos canais, en particular, dos espazos de formación ao longo da vida.</p> <p>3. As actividades de relación coa sociedade poderanse desenvolver en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.</p> <p>Artigo XXX. Cultura na universidade</p> <p>1. A Universidade de Santiago de Compostela fomentará a reflexión, a creación e divulgación da cultura humanística e científica e promoverá a súa transmisión á sociedade mediante actividades abertas a toda a cidadanía.</p> <p>2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá o papel dos membros da comunidade na vida universidade mediante actividades de carácter cultural, deportivo, representativo, de asociación, solidariedade, voluntariado e cooperación ao desenvolvemento.</p> <p>3. A Universidade de Santiago de Compostela dará a coñecer o seu patrimonio histórico, artístico e cultural e farao accesible á cidadanía a través de coleccións, exposicións e museos.</p> <p>4. Para o desenvolvemento destas actividades a Universidade de Santiago de Compostela poderá colaborar con outras entidades públicas ou privadas.</p>	<p>Neste capítulo propónse incorporar, ou cando menos mencionar, xenericamente o conxunto de actividades que a USC desenvolve cara á sociedade e á cultura (incluíndo aquelas que se recollían na chamada "extensión universitaria"), e que melloran tanto a relación coa mesma como o compromiso social e cultural recollido no artigo 4</p>
27	FRANCISCO JOSE ARMAS Q Modificación	TÍTULO II: DA E título II	<p>Propónse manter, no artigo 68, na estrutura orgánica da Universidade, os departamentos nas mesmas condicións ou similares contempladas nos Estatutos aínda vixentes (2014).</p>	<p>Bo funcionamento dos actuais departamentos nas funcións que tiñan atribuídas. Re caer todas elas nas Áreas, tal e como recolle no actual borrador dos novos Estatutos, suporía unha carga de traballo e responsabilidades que, nas actuais condicións (en materia de redución de carga docente, por exemplo), serían difícilmente asumibles.</p>
185	FERNANDO JOSE SEDANO / Engadido	Título II: Inclúe título II	<p>CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS</p> <p>Artigo XX. Estructuras organizativas</p> <p>1. A Universidade de Santiago de Compostela está integrada por áreas (ámbitos?) de coñecemento, por facultades e escolas, por institutos e centros singulares de investigación e por escolas de doutoramento.</p> <p>2. Pertencen tamén á estrutura da Universidade as escolas de especialización profesional e outras estruturas de docencia, investigación e transferencia e intercambio do coñecemento que a Universidade poida crear no uso da súa autonomía.</p> <p>3. Integraranse na Universidade outras estruturas de administración, xestión e apoio á investigación ou á comunidade universitaria para o desempeño das súas funcións e o desenvolvemento das súas actividades que a Universidade poida crear de acordo coa normativa vixente e coa normativa propia.</p> <p>4. Ademais de nas cidades nas que está implantada, a Universidade de Santiago de Compostela poderá promover e crear estruturas de docencia, investigación e transferencia en calquera outro lugar</p> <p>5. A Universidade tamén poderá recoñecer, atribuír ou vincular centros educativos ou de investigación.</p>	<p>A Universidade ademais dos centros ou estruturas típicas de docencia, investigación e/ou transferencia de coñecemento conta co conxunto de unidades administrativas (algunhas básicas) e de servizos que poden ser creadas segundo as súas necesidades para cumprir coas funcións que ten asignadas</p>
186	FERNANDO JOSE SEDANO / Modificación	Capítulo I do T título II	<p>Capítulo II. Da Administración Xeral e dos Servizos Universitarios</p>	<p>Suxírese cambiar o número e título do Capítulo I do TÍTULO II actuais. Preténdese incorporar dentro do título asociado á estrutura da universidade no só as unidades administrativas senón aquelas que se poidan crear para a prestación de servizos necesarios no desenvolvemento das actividades propias da universidade.</p>
13	MARCOS ALMEIDA CERRED Engadido	Título II	<p>Título II</p> <p>A determinar polo órgano competente.</p>	<p>O Acordo 1/2024, do 25 de xaneiro, do Consello de Goberno polo que se establece o réxime xurídico do Delegado ou Delegada de Protección de Datos da Universidade de Santiago de Compostela na súa Disposición transitoria segunda establece: "A configuración do cargo de DPD queda condicionada á súa regulación polos futuros Estatutos da USC".</p> <p>Polo cal, e, ademais, para demostrar o compromiso da USC coa tutela do dereito fundamental a protección de datos, visto que no borrador de Estatutos non se contén ningunha mención a figura do DPD, esta poderíase recoller, por exemplo, no Título II dos mesmos coa disciplina que se estime máis oportuna.</p>

575	dario Senín Sotelo	Engadido	Título III	Título III	La USC permitirá la creación de Órganos de Representantes de Centros, que serán los encargados de la Representación del Centro en aquellos órganos autonómicos, estatales e internacionales en los que este decida integrarse. Estos Órganos tendrán un presupuesto portado por el centro, que sea suficiente para responder a las necesidades de la misma, incluyendo la representación exterior así como las actividades que se propongan cada año.	<p>La motivación es la creación de una normativa que regule las delegaciones, ya que actualmente la normativa solo consta que se pueden crear. Así, quizás se incentive a su creación.</p> <p>Sería interesante saber también, por ejemplo, si es posible vender artículos para financiar actividades (ya que no deben ser con ánimo de lucro, a pesar de que no se especifica). Creo que cualquier órgano que se cree debe tener su normativa que aporte detalles de la misma (como las Xuntas de Centro, Consellos...). También se puede pensar en hacerlo un Órgano Colegiado, o no.</p> <p>Creo que es una evolución positiva movernos hacia ese modelo, ya que juntar a los Representantes de Xunta de Centro y a los Representantes de Aula en un mismo Órgano permite mejora la comunicación y fomentar la representatividad, facilitando, por ejemplo, acceso a la representación externa. También ayuda a la mejora activa de los centros, al fomentar que el estudiantado se incorpore a órganos de representación</p> <p>Aunque pueda parecer añadir burocracia, a los estudiantes de cada centro les va a ser más fácil y cómodo acudir a un órgano de estudiantes cercanos a ellos, los cuales actuarán de intermediario con el órgano competente (ya que es raro que un estudiante, que además no sea representante, acuda a órganos superiores a su centro cuando tiene un problema)</p>
785	dario Senín Sotelo	Engadido	Título IV	Título IV	Un no presentado en un examen conllevará el no aumento de precio de la matrícula, pero sí el gasto de una convocatoria	Esto es para adecuarse a otras universidades, y además, esto permitirá detectar problemas en ciertas asignaturas, ya que, el estudiantado podrá no presentarse sin ningún tipo de prejuicio, demostrando el problema con esa asignatura/docente. De base, el estudiantado, aún aprobándose esto, iría al examen, es decir, el aumento de no presencialidad solo sería un reflejo del problema en la universidad, no una facilidad para no ir
16	FRANCISCO JAVIER AGRAFA	Modificación	TITULO PRELIMINAR	titulo preliminar	a) Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria, mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas, deportivas, solidarias, de voluntariado e de cooperación ao desenvolvemento que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.	As actividades solidarias, de voluntariado e cooperación ao desenvolvemento está directamente vinculadas ao compromiso social da universidade e a USC é unha institución universitaria referente a nivel estatal neste tipo de accións. Ademais, o texto replica o mesmo que se recolle no artigo 177. 2. b)
329	jose manuel Ilopis piquero	Engadido	Título Preliminar	titulo preliminar	A Universidade de Santiago de Compostela e unha entidade laica e independente nas súas decisións, tendo a obriga e o deber de velar e gardar pola liberdade e a inclusión, non permitindo nin tolerando inxerencias das administracións e gobernos do Estado e da Autonomía, nin doutros organismos nacionais e internacionais, políticos ou relixiosos, en supor ou poder supoñer as decisións e accións destes a perda ou a redución dos dereitos dunha parte ou da totalidade da comunidade que a conforma. Esta Universidade ten a obriga de protexer os dereitos e a igualdade daqueles que a compoñen, non podendo aceptar discriminacións por motivos sexuais, de expresión de xénero, de racialidade, de clase social, de capacidade ou de crenzas.	Dada a viraxe social e política, nacional e internacional, a posicións mais conservadoras e contrarias en moitos casos a igualdade de dereitos entre persoas, a Universidade ten a obriga de velar pola comunidade que a conforma de forma explícita, sen excepción, garantindo que sexa o seu espazo un espazo seguro independentemente do signo político e a radicalidade dos diferentes organismos.